


# REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA



## Cultura, territorio e socioeducación



XV Premio Internacional  
**COMPOSTELA**  
para Álbums Ilustrados



**APERTURA DE PRAZOS DA CONVOCATORIA DO ANO 2022**

2008



2009




2010



2011




2012



2013



2014



2015



2016



2018



2017



2019



2020



2021



**PRAZO DE INSCRICIÓN:** desde a publicación das Bases no BOP e ata o 13 de maio de 2022.

**VEREDITO DO XURADO:** segunda quincena de xuño de 2022.

**BASES:** [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal) e [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

## NON HAI FRONTEIRAS... NIN BARREIRAS

Foi no ano 2011 cando saíu á luz en Galiza o Decreto de atención á diversidade. Tiveron que pasar 10 anos para que a Consellaría de Educación resolvese a redacción e publicación da Orde (do 8 de setembro de 2021) que desenvolve dito Decreto 229/2011. Probabelmente non fose unha tarefa doada, pois planificar unha resposta educativa aceptando que a diversidade é unha característica inherente a todas as persoas non é unha cuestión menor; máis aínda cando as normativas non deixan de ser unha declaración de intencións en relación cunha desexábel educación inclusiva que atopa múltiples incoherencias coas medidas recollidas, que seguen segregando o alumnado en función das súas capacidades, intereses e motivacións. En todo caso, o certo é que colectivos que traballan directamente no ámbito da atención á diversidade en Galiza levaban tempo agardando esta concreción normativa, co desexo de que resolvese moitas das dúbidas que na práctica limitan o desenvolvemento profesional daquelas educadoras e educadores para os que o presente e futuro do alumnado é a razón de ser da súas funcións.

Non é o propósito agora valorar se a nova normativa responde ás necesidades da realidade educativa galega, pois cómpre deixar madurar o documento e comprobar a súa aplicabilidade na práctica do día a día nas aulas; o que pretendemos aquí é facer unha chamada á comunidade educativa pois, por moi complexo que resulte redactar e aplicar unha norma, no ámbito da atención á diversidade o traballo máis complexo aínda está por facer.

A inclusión, alén dun principio pedagóxico e dun dereito educativo, é un sentimento, un nó que se coloca na gorxa cando se detecta que o sistema educativo non é quen de acoller a todas as persoas. Transcende as normativas, as planificacións e as dotacións de recursos (sendo todo isto fundamental) e vai un paso máis alá: supón unha chamada interna que obriga a que non resulte indiferente garantir o respecto á dignidade de todas as persoas, contribuíndo a suprimir todas as fronteiras e barreiras posíbeis.

Abrimos este número 82 co desexo de que o conxunto da comunidade educativa camiñemos cara ao “non hai fronteiras” (nin barreiras, engadimos, polo significado que ten particularmente en relación á atención á diversidade) co que as Tanxugueiras veñen de poñer en valor as nosas músicas e cultura nos últimos tempos, contribuíndo a ampliar os horizontes a prol da normalización lingüística e do desenvolvemento da conciencia cultural nos que moitas artistas do panorama galego traballaron e traballan. Sumémonos, pois, ao aturuxo da inclusión. ■

# S u m



## Cultura, territorio e socioeducación

### 6 O tema

### 8 Resumos / Resúmenes / Abstracts

### 12 *Educando en cultura nos e cos municipios. Un labor transversal e colaborativo*

José Antonio Caride Gómez e Héctor M. Pose Porto

### 17 *Profesionais de acción sociocultural local. Superar eivas e recoñecer o seu labor*

M. Lucía Iglesias da Cunha, Laura Varela Crespo e Pablo Meira Cartea

### 21 *A formación dos profesionais municipais da cultura. O horizonte necesario*

M. Belén Caballo Villar, Rita Gradaille Pernas e Tamara Salvadores Villanueva

### 25 *A acción cultural desde os concellos e a súa necesaria dimensión socioeducativa*

Iván García García e Fernando R. Lavandeira Suárez

### 28 *O sector privado e a socioeducación. A experiencia de Xandobela*

Nerea Couselo Fernández e María Jesús (Chus) Caramés Agra

### 32 *A aldea do Couto revolucionou o asociacionismo no medio rural*

Aldea do Couto

### 36 *Para sabermos algo máis*

Fernando R. Lavandeira Suárez e Iván García García

### 40 *Entrevista*

*Manuel Pérez Rúa*

Por Xabier Riádigos Couso e Vanessa Otero Dios

### 46 *A lingua*

*Promovendo a lingua dende os concellos*

David Cobas Medín

### 49 *Humor*

*Doçentes*

Xosé Tomás

### 50 *Experiencias*

*Museos, centros cívicos e labor comunitario. Unha reflexión desde a Educación Social*

Carmen Alonso Casabona

### 55 *Experiencias*

*I Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global*

Ana Lampón Gude, María José Caride Delgado, Verónica Iglesias Fustes, Verónica Dopico Cancela, M<sup>a</sup> del Camino Pereiro González e Yolanda Castro López

REVISTA  
GALEGA  
DE EDUCACIÓN

Num. 82  
abril 2022

D.L.: C-22/1986  
ISSN: 1132-8932

#### Dirección

Uxía Bolaño Amigo (Profesora de Conservatorio)  
Ana Parada Gañete (Orientadora de Secundaria)

#### Consello de Redacción

Antón Costa Rico (Profesor de Universidade)  
Marcos Chavarría Teixeira (Profesor de Secundaria)  
Xesús Ferreiro Núñez (Profesor de Universidade)  
Sílvia López Gómez (Profesora de Universidade)  
Andrea Maroñas Bermúdez (Educatadora social)  
Xesús Rodríguez Rodríguez (Profesor de Universidade)  
Pilar Sampedro Martínez (Mestra)

#### Supervisión lingüística

Xesús Portas Ferro (Mestre)  
Francisco Veiga García (Profesor de Secundaria)  
Supervisión de estilo: Ana M<sup>a</sup> Pose Blanco (Profesora de Secundaria)

Tratamento dos textos en inglés: Rebeca García Murias (Investigadora)

Maquetaxe: Xosé Lastra Muruais

Imaxe da portada: Xiana Lastra Pernas

Impresión: Obradoiro Gráfico S. L.

Lugar de edición: Nova Escola Galega

(Rúa Luís Freire, 5 baixo, 15706 Santiago)

Redacción: rge.redaccion@neg.gal

Publicidade: rge.publicidade@neg.gal

Subscripcións: rge.subscripciones@neg.gal

# ario



Coa colaboración da:

**Deputación  
DA CORUÑA**

**58** **Educación Social e escola**  
*Participación e Educación Social*  
Eva López Soto

**62** **Educación no rural**  
Sociocultura e rural na realidade de Rois  
Anayansi Singh Expósito

**66** **Novas tecnoloxías**  
*As #CharlasEducativas: un proxecto e realidade de aprendizaxe*  
Ingrid Mosquera Gende

**70** **Investigación**  
*O libro de texto dixital. Estado da cuestión en Galicia*  
Nerea Rodríguez Regueira

**74** **Xoguetainas e Brinquetainas**  
*Os xogos, no peto. Unha aplicación para móbiles, pioneira no mundo, sobre os xogos tradicionais galegos*  
Zeltia Labraña González

**76** **Recursos do contorno**  
*Educación e Patrimonio, experiencias de gobernanza participativa*  
María del Mar Bóveda López

**80** **Panoraula**  
Xosé Ramos Rodríguez e Antón Costa Rico

**84** **Lembranzas**  
*O pedagogo, animador pedagóxico e difusor cultural José Paz*  
Antón Costa Rico

**86** **Panoraula Dixital**  
Ángela González Villar e Ana Rodríguez Groba

**88** **Recensións**  
*Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria. Olladas e recursos interxeneracionais no rural.*  
David García Romero

**90** **Recensións**  
*El aprendizaje-servicio y la educación universitaria. Hacer personas competentes.*  
Noemí Castelo Veiga

**92** **Outras lecturas**  
*Mary Shelley ou a invención do monstro.*  
Miguel Vázquez Freire

**95** **Libros e bibliografía de Historia da Educación**  
Antón Costa Rico

**A** *Revista Galega de Educación (RGE)* é desde 1986 unha publicación pedagóxica de carácter teórico-práctico, tamén atenta á actualidade educativa, escrita en galego e dirixida ao profesorado dos diferentes niveis educativos.

De periodicidade cuatrimestral, a revista admite e presenta traballos orixinais de investigación, temáticas monográficas, experiencias de aula, textos de ensaio, reportaxes, entrevistas, notas bibliográficas e de actualidade. Os traballos de investigación e os que compoñen as temáticas monográficas son avaliados de modo anónimo por revisores externos especializados.

A *Revista Galega de Educación* é un proxecto editorial do Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega que só é posible co traballo altruísta das persoas que forman parte, respectivamente, dos seus Consellos de Redacción, Editorial e Científico. Trátase dun proxecto pedagóxico aberto á participación activa de toda a comunidade educativa galega.

**INDEXADA EN:**

- Erih Plus
- Circ
- Carhus Plus
- Latindex Catalogo
- Latindex Directorio
- Miar
- Dialnet
- Rebiun
- Qualis (B1)

## Consello Editorial

Manuel Bragado Rodríguez (Mestre)  
Mª Dolores Candedo Gunturiz (Profesora de Universidade)  
Francisco Xosé Candia Durán (Profesor de Universidade)  
Montserrat Castro Rodríguez (Profesora de Universidade)  
Xosé Manuel Cid Fernández (Profesor de Universidade)  
Rosalia Fernández Rial (Profesora de Secundaria)  
Jennifer Fernández Rodríguez (Profesora de Secundaria)  
Lois Ferradás Blanco (Profesor de Universidade)  
Valentina Formoso Gosende (Profesora de Secundaria)  
Xesús Fortes Gómez (Profesor de Secundaria)  
Narciso de Gabriel Fernández (Profesor de Universidade)  
Eva García Sexto (Mestra)  
Emilio González Legaspi (Orientador de Secundaria)  
Xosé Lastra Muruais (Mestre)  
Laura Lodeiro Enjo (Profesora de Universidade)

Ramón López Facal (Profesor de Universidade)  
X. M. Malheiro Gutiérrez (Profesor de Universidade)  
Xesús Portas Ferro (Mestre)  
Ana Mª Pose Blanco (Profesora de Secundaria)  
Xosé Ramos Rodríguez (Profesor de Universidade)  
Belén Rodríguez Silva (Profesora de Secundaria)  
Víctor Santidrián Arias (Profesor de Secundaria)  
Araceli Serantes Pazos (Profesora de Universidade)  
Bieito Silva Valdivia (Profesor de Universidade)  
Alexandre Sotelino Losada (Profesor de Universidade)  
Yésica Teixeira Boo (Profesora de Universidade)  
Miguel Vázquez Freire (Profesor de Secundaria)  
Mercedes Vázquez Vázquez (Mestra)  
Francisco Veiga García (Profesor de Secundaria)  
Manuel Vieites García (Profesor de Universidade)

## Comité Científico

Joxé Mari Auzmendi (Dtor. *Hik Hasi*)  
Jaume M. Bonafé (Univ. de Valencia)  
Jaume Carbonell (Exdirector de *Cuadernos de Pedagogía*)  
Giancarlo Cavinato (MCE, Italia)  
Xavier Besalú Costa (Dtor. de *Perspectiva Escolar/UB*)  
Tânia Maria Braga (Univ. Federal do Paraná, Brasil)  
Moacir Gadotti (Univ. de São Paulo)  
Francesc Imbemon (Consello de Dirección de *Guix/UB*)  
Philippe Meirieu (Univ. de Lyon-2, Francia)  
Francesco Tonucci (Istituto de Psicologia do CNR, Roma)  
Antoni Zabala (Presidente de *Graó/UB*)  
Philippe Watrelot (IUFM, París)

# CULTURA,

A pandemia está a traer importantes consecuencias para o ámbito da cultura e os territorios, configurando un auténtico punto de inflexión que, entendemos, cómpre aproveitar para repensarnos e resituarnos. Temos ante nós unha boa oportunidade para exercer a autocrítica sobre o noso quefacer e, tamén, para definir como concibimos a acción cultural e onde poñemos os límites.

O punto de partida que aquí asumimos é que a cultura e a educación (nin moito menos só a escolar) son dúas caras da mesma realidade e preséntanse como factores de cambio, elementos fundamentais para a transformación dos territorios. Desde esta perspectiva, o presente número da RGE pretende achegar distintas reflexións e experiencias coa finalidade de reivindicar o protagonismo da necesaria dimensión socioeducativa da acción cultural no territorio, factor de desenvolvemento persoal, comunitario e territorial, de construción de cidadanía, que transcende o mero acceso a espectáculos e patrimonios e a simple conexión entre creador, mediador e consumidor de produtos culturais.

A acción cultural así entendida devén nun labor e nunha profesión que se desenvolve na administración pública, no ámbito privado e no tecido asociativo. Diversas colaboracións son achegadas desde estes tres ámbitos, así como desde o eido da investigación, e mesmo da formación, tan importantes un e outro.

Nos diferentes artigos introdúcense cuestións como os perfís profesionais da acción cultural local, a formación dos/as animadores/as e xestores/as culturais, os espazos e institucións de formación inicial, especializada e continua, a oferta e idoneidade da mesma, así como a conexión entre formación e desenvolvemento profesional na actualidade. Tamén se trata a acción cultural desde a administración local (política, xestión, programación, desenvolvemento, profesionais...), descubriendo a realidade que lle é propia e reivindicando a administración local como espazo necesario e imprescindible dunha acción cultural primordialmente socioeducativa. A realidade das iniciativas privadas, nos seus diferentes formatos, e o mercado da cultura con dimensión educativa e cultural son obxecto de reflexión, así como o asociacionismo, que ten a participación e o comunitario como pilar básico, columna vertebral da democracia cultural e espazo de aprendizaxe e formación de primeira orde.

Inclúese aínda unha entrevista a un dos profesionais máis reputados e de máis longa traxectoria deste país, recentemente xubilado, Manuel Pérez Rúa, ex-Técnico de Cultura do concello de Moaña; alén de diferentes experiencias sobre o papel da lingua na acción cultural, sobre dinamización cultural no rural ou iniciativas educativo-didácticas nas que se integran educación, patrimonio, acción cultural e comunidade.

# E S O C I O E

# TERRITORIO



Un número da RGE no que, a través dalgunhas pinceladas, tamén se pretende incitar á reflexión en profundidade en relación ás actuais políticas culturais que se desenvolven nos territorios (nomeadamente locais), sobre a súa xestión, e con respecto á materialización do dereito á cultura como base para a creación de cidadanía crítica, activa e comprometida, máis alá da mera difusión de propostas artísticas ou patrimoniais e de ocios ocupados no consumo de produtos culturais. ■

Fernando R. Lavandeira Suárez  
Iván García García  
Coordinadores do monográfico

Grupo de Traballo de Animación  
Sociocultural e Xestión Cultural do Ceeg.

# EDUCACIÓN

# Resumos Resúmenes Abstracts

## EDUCANDO EN CULTURA NOS E COS MUNICIPIOS. UN LABOR TRANSVERSAL E COLABORATIVO.

*Educando en cultura en y con los municipios. Una labor transversal y colaborativo*

*Educating in culture in and with the municipalities. A transversal and collaborative work.*

JOSÉ ANTONIO CARIDE GÓMEZ, HÉCTOR M. POSE PORTO

Educación, cultura, ámbito local

*Educación, cultura, ámbito local*

Education, culture, local scope

A educación, nos múltiples modos que propician educar e educarse en sociedade, é indisociábel do quehacer cultural que procuran as comunidades locais nos diferentes contextos e realidades nos que se proxecta como unha práctica cotiá de amplas avenidas cívicas e pedagóxicas.

*La educación, en los múltiples modos que propician educar y educarse en sociedad, es indisociable del quehacer cultural que procuran las comunidades locales en los diferentes contextos y realidades en los que se proyecta como una práctica cotidiana de amplias avenidas cívicas y pedagógicas.*

Education, in the multiple ways that educate and educate oneself in society, is inseparable from the cultural work that local communities seek in the different contexts and realities in which it is projected as a daily practice of broad civic and pedagogical avenues.





## PROFESIONAIS DA ACCIÓN SOCIOCULTURAL LOCAL. PRECARIIDADE LABORAL E FALTA DE RECOÑECIMENTO SOCIAL E POLÍTICO DO SEU LABOR PEDAGÓXICO

*Profesionales de la acción sociocultural local. Precariedad laboral y falta de reconocimiento social y político de su labor pedagógica*

Professionals of local sociocultural action. Precarious job and lack of social and political recognition of their pedagogical work

M. LUCIA IGLESIAS DA CUNHA, LAURA VARELA CRESPO, PABLO MEIRA CARTEA

Acción sociocultural, xestión cultural, clasificación profesional

*Acción sociocultural, gestión cultural, clasificación profesional*

Sociocultural action, cultural management, professional classification

Un estudo desenvolvido en 2020 sobre a Formación e profesionalización na acción cultural pública en Galicia, identificado como Xerf@, consultou a profesionais do campo sobre as súas competencias, formación continua e problemas do seu perfil profesional. Esta consulta abriu un espazo de comunicación no que se puxeron de manifesto argumentos a favor dunha política cultural pública focalizada na cidadanía e na mediación entre artistas e públicos.

*Un estudio desarrollado en 2020 sobre Formación y profesionalización en la acción cultural pública en Galicia, identificado como Xerf@, consultó a profesionales del sector sobre sus competencias, formación continua y problemas de su perfil profesional. Esta consulta abrió un espacio de comunicación en el que se presentaron argumentos a favor de una política cultural pública centrada en la ciudadanía y la mediación entre artistas y públicos.*

A study developed in 2020 on Training and professionalization in public cultural action in Galicia, identified as Xerf@, consulted professionals in the sector about their skills, ongoing training and problems of their professional profile. This consultation opened a space for communication in which arguments were presented in favor of a public cultural policy focused on citizenship and mediation between artists and the audiences.

## A FORMACIÓN DOS PROFESIONAIS MUNICIPAIS DA CULTURA. PASADO, PRESENTE, FUTURO.

*La formación de los profesionales municipales de la cultura. Pasado, presente, futuro.*

The training of municipal culture professionals. Past, present, future.

M. BELÉN CABALLO VILLAR, RITA GRADAÍLLE PERNAS, TAMARA SALVADORES VILLANUEVA

Formación, técnicos de cultura, concellos.

*Formación, técnicos de cultura, ayuntamientos.*

Training, culture technicians, town councils.

Son moitos os títulos de FP, grao e posgrao que incorporan como saída profesional o ámbito da cultura; pero ningún se enfoca especificamente a formar profesionais municipais da cultura integrando elementos educativos e da animación sociocultural coa visión da xestión cultural. Esta dispersión formativa dificulta o recoñecemento social da profesión, condiciona a adecuación da contratación e o desenvolvemento do seu labor.

*Son muchos los títulos de FP, grado y posgrado que incorporan como salida profesional el ámbito de la cultura; pero ninguno se enfoca específicamente a formar profesionales municipales de la cultura integrando elementos educativos y de la animación sociocultural con la visión de la gestión cultural. Esta dispersión formativa dificulta el reconocimiento social de la profesión, condiciona la adecuación de la contratación y el desarrollo de su labor.*

There are many FP, undergraduate and postgraduate degrees that incorporate culture as a professional outlet; but none of them specifically focuses on training municipal culture professionals by integrating educational elements and sociocultural animation with the vision of cultural management. This formative dispersion hinders the social recognition of the profession, conditions the adequacy of the hiring and the development of their work.

## A ACCIÓN CULTURAL DESDE OS CONCELLOS: A NECESIDADE DUNHA DIMENSIÓN EMINENTEMENTE SOCIOEDUCATIVA

*La acción cultural desde los ayuntamientos: la necesidad de una dimensión eminentemente socioeducativa*

Cultural action from the city councils: the need for an eminently socio-educational dimension

IVÁN GARÍA GARCÍA, FERNANDO R. LAVANDEIRA SUÁREZ

Socioeducación, cultura, territorio

Socioeducación, cultura, territorio

Socio-education, culture, territory

O quefacer cultural no ámbito local actualmente está orfo dun auténtico debate sobre o seu sentido (políticas culturais) e xestión (desenvolvemento técnico desas políticas) no marco das súas posibles dimensións. Os acontecementos dos últimos anos neste sector están poñendo en perigo unha forma de entender a cultura, que conta cunha tradición, unha historia e uns fundamentos propios enraizados nas prácticas socioeducativas.

*El quehacer cultural en el ámbito local actualmente está huérfano de un auténtico debate sobre su sentido (políticas culturales) y gestión (desarrollo técnico de esas políticas) en el marco de sus posibles dimensiones. Los acontecimientos de los últimos años en este sector están poniendo en peligro una forma de entender la cultura, que cuenta con una tradición, una historia y unos fundamentos propios enraizados en las prácticas socioeducativas.*

Cultural activity at the local level is currently orphaned by an authentic debate about its meaning (cultural policies) and management (technical development of those policies) within the framework of its possible dimensions. The events of recent years in this sector are endangering a way of understanding culture, which has a tradition, a history, and its own foundations rooted in socio-educational practices.

## RETRATO DO SECTOR PRIVADO NA SOCIOEDUCACIÓN E A CULTURA. A EXPERIENCIA DE XANDOBELA

*Retrato del sector privado en la socioeducación y la cultura. La experiencia de Xandobela*

Portrait of the private sector in socio-education and culture. The Xandobela experience

NEREA COUSELO FERNÁNDEZ, MARÍA JESÚS (CHUS) CARAMÉS AGRA

Socioeducación, cultura, empresa

Socioeducación, cultura, empresa

Socio-education, culture, enterprise

Este artigo pretende facer un percorrido polas características, obstáculos e desafíos comúns do sector da socioeducación e a cultura no ámbito privado ante unha sociedade cambiante, esixente e aberta, ilustrado a través da experiencia de Xandobela.

*Este artículo pretende hacer un recorrido por las características, obstáculos y desafíos comunes del sector de la socioeducación y la cultura en el ámbito privado ante una sociedad cambiante, exigente y abierta, ilustrado a través de la experiencia de Xandobela.*

This article aims to take a tour of the characteristics, obstacles and common challenges of the socio-education and culture sector in the private sector in the face of a changing, demanding and open society, illustrated through the experience of Xandobela.



## A ALDEA DO COUTO REVOLUCIONOU O ASOCIACIONISMO NO MEDIO RURAL

*La “Aldea do Couto” revolucionó el asociacionismo en el medio rural*

The “Aldea do Couto” revolutionized associations in rural areas

ALDEA DO COUTO

Sociocultura, medio rural, comunidade

*Sociocultura, medio rural, comunidad*

Socioculture, rural environment, community

A experiencia comunitaria, cultural e socioeducativa da Aldea do Couto condiciona a calidade de vida e o desenvolvemento persoal e do contorno. Polo tanto, a educación e a cultura preséntanse como factores de cambio e elementos fundamentais para a transformación da veciñanza.

*La experiencia comunitaria, cultural y socioeducativa de la “Aldea do Couto” condiciona la calidad de vida y el desarrollo personal y de su contorno. Por lo tanto, la educación y la cultura se presentan como factores de cambio y elementos fundamentales para la transformación del vecindario.*

The community, cultural and socio-educational experience of the “Aldea do Couto” conditions the quality of life and personal development and its surroundings. Therefore, education and culture are presented as factors of change and fundamental elements for the transformation of the neighborhood.

## PROMOVENDO A LINGUA DESDE OS CONCELLOS: UNHA OPORTUNIDADE PARA A CULTURA E A EDUCACIÓN

*Promoviendo la lengua desde los ayuntamientos: una oportunidad para la cultura y la educación*

*Muli-Bwanji Project. A proposal of Global Citizenship in times of pandemic.*

SUSANA VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Normalización, participación, coordinación.

*Normalización, participación, coordinación.*

Standardization, participation, coordination.

Os servizos de normalización lingüística dos concellos deben converterse en aliados das persoas que se dedican á xestión educativa e cultural en Galiza. O traballo que desenvolven é un exemplo de participación cidadá, coordinación e aproveitamento de recursos.

*Los servicios de normalización lingüística de los concellos deben convertirse en aliados de personas que se dedican a la gestión educativa y cultural en Galiza. El trabajo que desarrollan es un ejemplo de participación ciudadana, coordinación y aprovechamiento de recursos.*

Local language standardization services should work alongside the people involved in educational and cultural promotion areas in Galicia. The work they carry out is an example of a proactive approach, sound coordination and making the most of available resources.





# Educando en cultura *nos e cos* municipios. Un labor transversal e colaborativo

## José Antonio Caride Gómez

Catedrático de Pedagogía Social no Departamento de Pedagogía e Didáctica da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Coordinador-IP do grupo de investigación SEPA-interea

joseantonio.caride@usc.es

## Héctor M. Pose Porto

Profesor-doutor da Universidade da Coruña.

Colaborador externo do grupo de investigación SEPA-interea da USC, e membro do de Política Educativa, Historia e Sociedade (PEHS) da UDC

hector.pose@udc.es

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 12-16

A educación, nos múltiples modos que propician educar e educarse en sociedade, é indisociábel do quefacer cultural que procuran as comunidades locais nos diferentes contextos e realidades nos que se proxecta como unha práctica cotiá de amplas avenidas cívicas e pedagóxicas. Así o temos expresado, con certa reiteración, nas últimas décadas conciliando a indagación científica e a transferencia de coñecemento á sociedade coa formación universitaria de quen exercen profesións ligadas á acción, animación e xestión cultural. Sendo así, talvez o máis acaído sería remitirnos á extensa bibliografía que, a modo de informes, libros, artigos etc. temos publicado desde finais dos anos oitenta do pasado século ata a actualidade. Sen obvialas, aproveitaremos o amábel convite de colaborar para reafirmarnos na nosa firme crenza de que educación e cultura son dúas palabras con significados comúns e, necesariamente, converxentes. Ambas, entre o ideal e o material, agrandan a condición humana, contribuíndo decisivamente á construción individual e colectiva das persoas e da vida en sociedade (Caride, 1985; Pose, 2006).

Cremos, xa que logo, que non hai educación sen cultura simplemente polo feito de que esta é a matriz, o encadre, o contido e o fin de todo proceso de formación humana. Afanarse en achegar coñecementos, mudar actitudes, renovar mentalidades, promover un lecer activo e creativo, vitalizar o patrimonio histórico-artístico e, en xeral, proporcionar valores positivos á cidadanía é estar educando en cultura ou *enculturando* (Olmos & Santillán, 2001).

As ensinanzas e as aprendizaxes que alentan as culturas son piares fundamentais en calquera lectura do mundo e da súa transformación cara ao logro de sociedades que sexan máis libres, democráticas, equitativas, xustas e inclusivas. Toda transmisión cultural, humana, está estreitamente ligada á educación. Unha conversa de avoa a netos sobre un cantar; unha programación teatral; o proxecto educativo dun centro escolar centrado nas artes; unha campaña de animación á lectura ou a acción pedagóxica dun conxunto etnográfico, son exemplos de iniciativas que vogan na mesma dirección: ansían cimentar coa emoción hábitos culturais nos que agromen os valores estimábeis da convivencia, conciliando as identidades coas diversidades que habitan no seu interior.

A educación é a porta da cultura (Bruner, 1997). Os desafíos a afrontar día a día para avanzar no benestar da cidadanía son amplos e atenden a diferentes dimensións. Atinxen á saúde, aos recursos económicos, aos vínculos afectivos e ás interaccións sociais, á xestión acaída da incerteza así como ao contexto poboacional: veciñanza, dotación de servizos e de infraestruturas nos espazos públicos, oportunidades de espaxamento, oferta cultural e deportiva, calidade medioambiental etc. Ese conxunto de realidade diversas esixe labor de formación, concienciación e sensibilización a diferentes niveis, tanto desde unha perspectiva das persoas coma comunitaria. Tamén unha pedagogía sustentada no traballo colaborativo municipal e intermunicipal, facendo partícipes das súas dinámicas os múltiples axentes locais.

Sendo así, entendemos que cómpre poñer a énfase no sentido cívico-educativo da dimensión cultural dos dereitos humanos desde as Administracións públicas, nomeadamente as municipais, con liñas de acción que incidan en aspectos coma os seguintes (Caride, Peres, Sanjurjo, Ortega e Pose, 2009): unha visión integral e holística do quefacer sociocultural; unha concepción transversal da cultura coa súa incidencia en todas as áreas da acción política local; a innovación nos modos de xestionar; a articulación e interdependencia entre políticas culturais, sociais, medioambientais e educativas; a dignificación dos fenómenos culturais de base, e a avaliación desde a participación xa desde a infancia.

A concepción da educación que promoven as Nacións Unidas, cunha importante mediación da UNESCO, na Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, asume un enfoque cultural cando no cuarto obxectivo proclama “garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas” (CGLU, 2018). A educación, xa que logo, como unha ferramenta coa que traducir esta máxima en medidas tanxíbeis promovidas polas políticas municipais da cultura. Propostas e respostas contextualizadas que arelan combater as desigualdades, a desvantaxe ou a privación de acceso á cultura ampliando e mellorando os equipamentos de proximidade. E tamén unha educación social e cultural que prolongue a educación escolar ao longo de toda a vida.



Propor iniciativas para favorecer unha formación integral leva consigo estimular un lecer activo e familiar xunto con propostas e servizos que favorezan a efectiva conciliación coa actividade laboral e doméstica. Actuar contra a discriminación do xénero feminino esixe garantir a plena presenza e participación das mulleres nos procesos creativos, na representación política, no liderado sociocultural comunitario. Acrecentar a densidade cultural nun territorio aniñando a emprendedoría sociocultural require de mediacións que incidan na formación económica, nas boas prácticas dunha pedagogía política, na educación ambiental para unha cultura da sustentabilidade etc.

Os retos que expresamos, sen dúbida, son compartidos polas diversas Administracións públicas e outros axentes presentes nos concellos. Eludilos ou minorar a súa relevancia xera anomía social, acotío derivando en ineficiencia ou negligencia. Non se é eficaz sen os acaídos recursos económicos, infraestruturais e humanos. Mais tamén se precisan soportes pedagóxicos, cívicos, éticos e ideolóxicos que sustenten coa congruencia debida as políticas que se adopten por vontade democrática da cidadanía. A acción cultural pública é un proceso dia-



léctico no que as teorías e as prácticas sociais, culturais, medioambientais e educativas están chamadas a retroalimentarse sendo parte dun mesmo proceso.

A teor do dito, o quefacer cultural municipal, coas denominacións polas que se opte, debe estar informado por coñecementos disciplinares que tomen como referencia os saberes teórico-prácticos e metodolóxicos das Ciencias Sociais e das Humanidades. Tamén dos valores que alentan unha convivencia plural, democrática, inclusiva, xusta e equitativa entre as persoas, os seres vivos e a Natureza. Avogamos para que a capacitación profesional na acción-xestión cultural pública, ademais das competencias técnicas e tecnolóxicas, incorpore capacidades que integran formación teórica, antropolóxica, histórica, psicolóxica, económica, pedagóxica etc. cunha visión, cando menos, interdisciplinar.

Somos conscientes de que as profesións sociais, culturais e educativas senten a obriga continua de interrogarse sobre

cales son os seus sinais identitarios, intensificando os esforzos en delimitar e diferenciar os seus respectivos eidos formativos, profesionais e laborais. É lexítima esa procura de identificación no exercicio profesional, mais non o é menos asumir que contribuír a que mellore a calidade de vida das persoas e das comunidades pasa por interiorizar que a educación, nas escolas, familias e comunidades, é un alicerce fundamental. En consecuencia, empregar metodoloxías, contidos, tempos e espazos de índole educativa debe ser vía cotiá na acción cultural dos concellos en calquera das súas áreas e ámbitos de actuación. Veñan estes definidos por un marco normativo-lexislativo ou xurdan da vontade propositiva dunha gobernanza local democraticamente constituída. De aí que fagamos un chamamento inclusivo ás Administracións, partidos políticos, colexios e asociacións profesionais que toman como referencia o municipalismo e a acción local, para que recoñezan na educación e nos seus axentes (nas institucións esco-

lares, nos centros cívicos, nas casas da cultura, nos servizos sociais, bibliotecas, museos...) un papel relevante, que non único.

### PROXECTO XERF@

Asumindo a responsabilidade institucional e académico-investigadora que nos compromete coa sociedade, buscando contribuír a anticipar e/ou resolver parte destas preocupacións, o grupo de investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA-interea) da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración con investigadores/as das outras dúas universidades galegas públicas (A Coruña e Vigo), ten aceptado, en distintos momentos desde os primeiros anos noventa do pasado século ata a actualidade, a realización de estudos diagnósticos e prospectivos por encargo da Xunta de Galicia, das Deputacións Provinciais ou dun significativo volume de concellos, con variados perfís políticos, demográficos ou culturais, entre outros. O máis recente, mediante un convenio de colaboración subscrito coa Secretaría Xeral de Políticas Culturais da Consellaría de Cultura, Educación e Universidades da Xunta de Galicia, incidindo na formación e a profesionalización da acción cultural pública en Galicia. Concibida como unha investigación diagnóstico-avaliativa e prospectiva, que se identificou coa expresión "Proxecto Xerf@", tanto na súa presentación teórico-metodolóxica como nos seus desenvolvementos empíricos, daría continuidade a un estudo realizado anos atrás (Pose, Bouzada, Caride, Cid e Pérez, 2007) e contrastando con outros máis recentes (Ortega, 2020), coa intención de reali-

zar análises comparativas e, en certo modo, lonxitudinais dos seus resultados e conclusións.

O amplo equipo de investigadores e investigadoras que o conformaron nas tres Universidades, fundamentalmente nas súas Facultades de Ciencias da Educación, co pulo do Colexio Oficial de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia e a Asociación Galega de Xestores Culturais públicos, aplicaron diversas metodoloxías de recollida de información para coñecer o estado da cuestión formativa, laboral e de reciclaxe profesional do persoal técnico da cultura. A web [www.xerfa.gal](http://www.xerfa.gal) informaba puntualmente das fases, documentos e dos resultados, parciais e mesmo finais, do estudo.

O Informe Final resultante, ademais de ser entregado — en tempo e forma— á Secretaría Xeral de Políticas Culturais do organismo autonómico, foi presentando en formato *streaming* no mes de marzo de 2021 desde a Cidade da Cultura. O mesmo equipo investigador quedou a disposición dos responsábeis autonómicos para dar continuidade a cantas accións consideren oportunas para materializar as liñas estratéxicas especificadas no informe.

Sen ser exhaustivos, as principais conclusións cun afán proactivo do estudo foron as que seguen:

a) Entender o labor como servidores/as públicos dos/as profesionais da acción e a xestión cultural local, desde unha perspectiva integradora e transversal, acostumados a desenvolver iniciativas e proxectos con outros/as profesionais e axentes que exercen no ámbito municipal.



b) Recoñecer a tipoloxía de quen realizan tarefas na acción cultural, moi heteroxénea nos sistemas de formación, o acceso á profesión e o seu desempeño, cun incremento significativo de mulleres nos últimos anos.

c) Promover actuacións destinadas a que os/as profesionais da cultura se integren nas estruturas político-administrativas das Administracións públicas a distintos niveis e coas responsabilidades, dereitos etc. socio-laborais e retributivos equiparábeis a outros/as profesionais con titulacións coincidentes na acción xurídica, a saúde, as infraestruturas, o urbanismo, o medio ambiente, deportivas... Isto debería traducirse non só na creación e consolidación de áreas de xestión, equipamentos ou servizos nos que se inscriba a súa actividade profesional, senón tamén no deseño e a imple-

mentación de cadros de persoal nas que se inscriba o seu labor, de acordo á tipoloxía dos municipios, o perfil e número de técnicos etc.

d) Identificar a formación inicial que se oferta para este sector profesional, nomeadamente nas titulacións universitarias, cun amplo e diversificado abano de posibilidades. Dun lado, suxire aspectos positivos no que respecta á súa apertura disciplinar, pero con outros negativos ao non permitir construír un perfil académico definido na oferta formativa e no tránsito da formación á profesión, complicando as vías de inserción socio profesional e laboral.

Alén dos Graos, todo indica que sería desexábel que se deseñen e implementen formacións con perfís de investigación e/ou de desenvolvemento profesional a través



de mestrados ou cursos de especialización que integren saberes de diversos campos xunghindo o enfoque da xestión co sociocultural, a especialización coa polivalencia, a competencia técnico-profesional con outras de índole axiolóxica, deontolóxica, entre outras. Esta posibilidade debe conciliarse coa apertura de novas oportunidades para a reciclaxe profesional, a formación en servizo, o fomento de boas prácticas e proxectos de innovación cultural etc.

e) Incentivar e recoñecer en todas as súas potencialidades, para construír unha práctica profesional de calidade, o asociacionismo e o traballo cooperativo, creando e/ou consolidando as redes de colaboración e grupos de traballo definidos e estábeis nun determinado territorio e con visión de país, na súas dinámi-

cas locais, rexionais, nacionais e internacionais. Unha tarefa que poderá contribuír a mellorar os diálogos cos/as profesionais da cultura en distintos países e comunidades, fornecer os vínculos coas entidades de ámbito supranacional e nacional en materia de políticas culturais e de necesidades dos/as seus profesionais, avaliar e comunicar a evolución das súas necesidades de capacitación e recoñecemento socio-profesional e laboral ou mesmo facilitar os intercambios culturais e de boas prácticas.

Por parte do equipo investigador, engadir algo evidente e doado de contrastar a teor da traxectoria científica e académica que acreditan a maioría dos investigadores e investigadoras que participaron neste e noutros estudos previos: estaremos dispoñíbeis e, tanto como saibamos e poidamos, tamén dispostos a colaborar en mellorar o quefacer educativo e sociocultural municipal, como unha obriga contraída coa sociedade e a cidadanía. ■

## REFERENCIAS

- BRUNER, J. (1997). *La educación, puerta de la cultura*. Madrid: Visor.
- CARIDE, J. A. (1985). Educación y Animación Sociocultural: la Pedagogía Social como modelos de intervención. En J. M. Quintana (coord.). *Fundamentos de Animación Sociocultural*. Madrid: Narcea, 94-127.
- CARIDE, J. A. (coord.); Peres, A.; Sanjurjo, L.; Ortega, R. e Pose, H. (2009). *Los derechos humanos en la educación y la cultura*. Rosario: HomoSapiens.
- CGLU (2018). *La cultura en los Objetivos de Desarrollo Sostenible: guía práctica para la acción local*. Barcelona: Ciudades y Gobiernos Locales Unidos. Accesible en: [http://www.agenda21culture.net/sites/default/files/culturaods\\_web\\_es.pdf](http://www.agenda21culture.net/sites/default/files/culturaods_web_es.pdf)
- OLMOS, H. E SANTILLÁN, R. (2001). *Educación en cultura. Ensayos para una acción integradora*. Madrid: OEI-Interarts.
- ORTEGA, C. (coord.) (2020). *Perfil del gestor cultural municipal*. Cádiz: Observatorio Cultural Atalaya.
- POSE, H. (2006). *La cultura en las ciudades. Un quehacer cívico-social*. Barcelona: Graó.
- POSE, H.; BOUZADA, X.; CARIDE, J.A.; CID, X.M. E PÉREZ, M. (2007). *As necesidades e demandas formativas dos profesionais da acción cultural pública en Galicia. Informe*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Accesible en: [www.xerfa.gal](http://www.xerfa.gal)





# Profesionais da acción sociocultural local. Superar eivas e recoñecer o seu labor

Puzzle. Pablo Ángel Meira Cartea

O colectivo profesional vencellado aos servizos e programas de acción cultural local sabe -desde hai décadas- da complexidade que supón tratar de definir ou delimitar o seu quefacer profesional e a súa función no eido municipal. Un estudo desenvolvido en 2020 sobre a *Formación e profesionalización na acción cultural pública en Galicia* (Caride, 2020), identificado como *Xerf@*, no que participaron as tres universidades galegas baixo o encargo da Dirección Xeral de Políticas Culturais, utilizou -entre outras técnicas de investigación- a metodoloxía Delphi para realizar unha consulta que permitise explorar e buscar liñas de consenso sobre cuestións relativas ás competencias, á formación continua e aos problemas do propio perfil profesional.

Nesta consulta, foron convidadas setenta e dúas persoas con vinculación á acción cultural pública no ámbito xeográfico peninsular, con variedade de perfís que abrangueron a docencia e investigación desde as universidades, os departamentos e servizos culturais das administracións locais (concellos, deputacións provinciais) e a experiencia da intervención desde diversas entidades e institucións centradas na promoción da cultura. Esta consulta abriu un espazo de comunicación no que se puxeron de manifesto argumentos a favor dunha política cultural pública focalizada na cidadanía e na mediación entre artistas e públicos -cada vez máis diversos

**M. Lucía Iglesias da Cunha**

lucia.dacunha@usc.es

**Laura Varela Crespo**

laura.varela@usc.es

**Pablo Meira Cartea**


pablo.meira@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 17-20



Muro de caras. Pablo Ángel Meira Cartea.

e conscientes dos seus dereitos culturais- (Bouzada, 2000; Garcés, 2013). Tamén serviu para poñer de relevo a motivación que, como colectivo, teñen as persoas que traballan no ámbito cultural, así como visibilizar a súa loita polo recoñecemento profesional e social do sentido e do valor público que ten o seu traballo.

### CAL PODE SER A DENOMINACIÓN IDÓNEA?

As denominacións que recibe o persoal técnico responsable das políticas culturais nos municipios están cheas de matices sobre o perfil formativo e profesional, pero impoñense claramente as denominacións de "Xestor/a Cultural"-suxerida explicitamente por un terzo das persoas expertas consultadas- ou de "Técnico/a de cultura ou cultural". Algunhas persoas expertas reforzan a súa opción aludindo á clasificación establecida polo Servizo Público de Emprego Estatal, que incorporou o epígrafe "Xestor Cultural" na Clasificación Ocupacional-SISPE

2011: 37131078, que entrou en vigor no ano 2012. Das diferentes denominacións propostas -ata dezaioito- algunhas van parellas a unha diferenciación administrativa de funcións e responsabilidades.

### PRINCIPAIS PROBLEMAS QUE AFECTAN A ESTE PERFIL PROFESIONAL

As persoas expertas que participaron na consulta identificaron case un centenar de problemas que podemos sintetizar en sete categorías. O panorama que se debuxa non debe entenderse como unha avaliación xeral do funcionamento dos servizos culturais municipais, dado que se preguntou especificamente polos problemas, o que deixa fóra do foco todo o bo e frutífero que resulta do seu traballo.

– *Falta de recoñecemento.* Ademais de aludir á necesidade xenérica dunha maior estima do importante labor que realizan os e as profesionais da cultura no ámbito público, as persoas consultadas inciden

na falta de valoración por parte dos políticos e a cidadanía.

– *Carencia dunha visión estratéxica* ou, como se indicou literalmente, a "falta de rumbo da profesión" para remarcar a carencia dun plan que permita propoñer cara a onde ir e posibilite transversalizar contidos e avaliar as actuacións con ánimo de innovar os modos de traballar e os deseños das accións. Unido a isto, destacan as apreciacións críticas sobre o papel dos políticos, aos que se lles atribúe, en xeral, unha falta de compromiso cos profesionais do sector, unhas veces por desatención e outras por establecer prioridades nesgadas.

– *Formación inicial e continuada.* A problemática que se enuncia en relación coa formación identifica tres eivas principais: a formación inicial é diversa e dispersa, o que contribúe a des-debuxar os requisitos para ocupar un posto destas características; a formación especializada en xestión cultural non está suficientemente recoñecida, non se pon en valor e non é unha esixencia para o desenvolvemento da carreira profesional neste sector; e, como terceira eiva, indícase a falta de reforzo corporativo por parte de redes colexiadas, isto é, a carencia de colectivos de profesionais especialistas que conformen unha comunidade forte e cohesionada de aprendizaxe e intercambio de experiencias.

– *Precariedade laboral.* Problemática que se concreta en salarios insuficientes, horarios indefinidos e funcións moitas veces pouco claras. Estas cuestións están, ademais, relacionadas coa necesidade de recoñecemento da profesión e de valoración política e social do traballo cultural, pero

quixose establecer como categoría separada desta outra porque as persoas expertas utilizan expresións que aluden directamente a que “non se toman en serio os salarios” ou a que “falta equipo”, polo que a mesma persoa vese obrigada a realizar funcións auxiliares, técnicas e superiores. Tamén subliñan que ademais do horario convencional de mañá, as “tardes/noites/fin de semana están a pé de obra” por imperativos das actividades programadas e polo compromiso persoal co traballo cultural a realizar.

– *Renovación xeracional.* Unha necesidade sentida que deriva de tres variables relacionadas. A primeira, o envellecemento do corpo profesional, ao que contribúe que apenas medrou cuantitativamente nas últimas décadas e que non se repuxeron as xubilacións pola aplicación das políticas de austeridade no gasto público. A segunda refírese á acomodación, un modo de facer anquilosado que “acaba sendo unha xestión de compras” na que a rutina pode provocar situacións de *burnout* dos propios profesionais. Por último, faise referencia a problemas de renovación provocados pola falta de expectativas na traxectoria profesional e de posibilidades para trasladarse do sector público ao privado -ou viceversa-, indicado literalmente como “non circulación”.

– *Clasificación profesional da profesión.* Está por asentarse o modo en que se tipifica esta ocupación, ou a definición dos tipos de contratos xa existentes, ou a disparidade nos requisitos de acceso cando unha administración decide realizar un proceso de contratación novo, desde a súa denomina-



Estructuras. Pablo Ángel Meira Cartea.

ción ás funcións que lle serán atribuídas. Ademais, en relación con esta última cuestión, a das funcións, as persoas expertas sinalan a tendencia á burocratización como un problema, xa que constatan que hai unha carga de traballo abundante relacionada coa xestión administrativa de subvencións, axudas e trámites, que impide realizar outras tarefas máis propias da produción cultural e a dinamización comunitaria.

– *Outros engadidos.* Aquí cabe mencionar a amplitude do ámbito e os seus límites difusos, a diversidade de públicos, o intrusionismo profesional, a ausencia de vocación ou de crítica, xunto coa visión de que a profesión acaba por ser un “caixón de xastre”.

### QUE FORMACIÓN INICIAL DEBERÍA TER UN PROFESIONAL DA CULTURA NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL?

O modelo idóneo para a formación inicial do persoal técnico encargado da área de cultura na administración municipal mostra certa dispersión. A tendencia máis frecuente nas respostas apuntou a unha formación inicial articulada en dúas etapas: unha primeira etapa xenérica, na que habería que ter cursado un grao superior universitario ligado aos campos das Ciencias Sociais ou as Humanidades (Educación Social, Pedagogía, Historia, Humanidades, Antropoloxía, Filoloxía, Políticas, etc.), e unha segunda etapa especializada, na que se accedería a unha formación de posgrao centrado na xestión cultural.



Punta. Pablo Ángel Meira Cartea.

Outro modelo formativo no que tamén coincide un número relevante das persoas consultadas parte tamén da existencia de dous niveis: un primeiro, ou mínimo, que requiriría ter cursado un Ciclo Formativo Superior (Técnico Superior en Animación Sociocultural-TASOC), e un segundo nivel que requiriría cursar un Grao universitario, sendo os máis mencionados os de Educación Social, Xeografía e Historia, Turismo, Socioloxía ou Historia da Arte.

Un terceiro modelo de formación inicial identifica tres escalas formativas, asociadas a distintos niveis de exixencia profesional e especialización: para niveis de maior responsabilidade na xestión cultural municipal propónse ter cursado un Máster; un grao universitario para os niveis intermedios, cunha posible do-

bre vía en relación a funcións diferenciadas -graos de Educación Social, Pedagogía ou Socioloxía, para funcións de dinamización e animación cultural, e graos de Historia, Biblioteconomía ou Humanidades, para funcións de xestión do patrimonio cultural-; e un Ciclo Formativo medio ou superior para a escala técnica máis baixa.

Non faltan propostas fóra destes tres estándares. Hai quen opina que non se debería exixir un nivel educativo ou unha titulación específica porque o conciben como un traballo vocacional; e hai quen se centra máis na necesidade de identificar as competencias necesarias que na titulación cursada. Outro grupo significativo dá preferencia a titulacións específicas, fundamentalmente á Educación Social, como matriz formativa máis acaída para a formación inicial de técnicos municipais de cultura. Neste caso, a maior parte dos e das expertas que se pronuncian por esta vía formativa tamén recoñecen a necesida-

## REFERENCIAS

- BOUZADA, X. (coord.) (2000). *Cultura e concellos: as estratexias da promoción cultural no ámbito local*. Consello da Cultura Galega.
- CARIDE GÓMEZ, J.A. (Dir.) (2020). *Proxecto Xerf@. Formación e profesionalización da acción cultural pública en Galicia*. Informe. Xunta de Galicia.
- GARCÉS, M. (2013). *Abrir los posibles: los desafíos de una política cultural hoy*. Centre d'Informació i Documentació. Interacció: <http://interaccio.diba.cat/CIDOC/blogs/2013/05/09/abrir-los-posibles-los-desafios-de-una-politica-cultural-hoy-marina-garces>
- ORTEGA, C. (coord.) (2019). *Perfil del gestor cultural municipal*. Observatorio Cultural Atalaya.

de dunha formación de grao e posgrao máis especializada nos campos da animación e da xestión cultural, converxendo en gran medida co primeiro dos estándares formativos proposto.

## DESAFÍOS

En clave de futuro, trázanse algúns dos principais retos para a acción cultural pública municipal: incrementar a valoración política, social e profesional sobre o rol da cultura; facer visible a diversidade cultural, incluíndo colectivos excluídos; e fomentar a sostibilidade cultural mediante o recoñecemento da cidadanía como protagonista. ■



# A formación dos profesionais municipais da cultura. O horizonte necesario

## M. Belén Caballo Villar

Universidade de Santiago de Compostela  
belen.caballo@usc.es

## Rita Gradaílle Pernas

Universidade de Santiago de Compostela  
rita.gradaille@usc.es

## Tamara Salvadores Villanueva


Técnica de Cultura - Concello de Laxe  
tamasalvi@gmail.com

A partir de 1979, ano no que se celebraron as primeiras eleccións municipais, os concellos foron asumindo competencias no eido cultural, enfocando as súas accións ao ámbito lúdico-festivo, co obxectivo de promover a animación, a recreación e o entretemento. De aí que moitos profesionais se achegasen a este ámbito procedentes de organizacións, colectivos e/ou entidades culturais no local, formándose de xeito altruísta na animación e a xestión cultural e apoiándose en organizacións mancomunadas para ampliar a oferta e o desenvolvemento de iniciativas vencelladas coas artes escénicas, as tradicións ou os saberes populares.

O cambio estrutural que experimentaron as políticas sociais en xeral, e educativas e culturais en particular nas seguintes décadas, impulsou a chegada dunha democracia que requiría de profesionais cualificadas/os capaces de liderar a transformación da xestión e da animación sociocultural a nivel municipal. Uns cambios caracterizados polo interese crecente na cultura como dereito e non só como obxecto de consumo, pola creación de infraestruturas que garantisen o acceso á cultura, e polo deseño de programacións que respondesen ás necesidades da cidadanía. Evidenciáronse así as eivas formativas dos técnicos municipais ao tempo que se visibilizaba a indefinición do seu labor; facéndose necesario clarificar e delimitar -teórica e practicamente- a súa función e desempeño profesional, que debía ser garantida por unha formación técnica e cualificada.

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932  
Páx. 21-24



A partir de 1979, ano no que se celebraron as primeiras eleccións municipais, os concellos foron asumindo competencias no eido cultural, enfocando as súas accións ao ámbito lúdico-festivo, co obxectivo de promover a animación, a recreación e o entretemento. De aí que moitos profesionais se achegasen a este ámbito procedentes de organizacións, colectivos e/ou entidades culturais no local, formándose de xeito altruísta na animación e a xestión cultural e apoiándose en organizacións mancomunadas para ampliar a oferta e o desenvolvemento de iniciativas vencelladas coas artes escénicas, as tradicións ou os saberes populares.

O cambio estrutural que experimentaron as políticas sociais en xeral, e educativas e culturais en particular nas seguintes décadas, impulsou a chegada dunha democracia que requiría de profesionais cualificadas/os capaces de liderar a transformación da xestión e da animación sociocultural a nivel municipal. Uns cambios caracterizados polo interese crescente na cultura como dereito e non só como obxecto de con-

sumo, pola creación de infraestruturas que garantisen o acceso á cultura, e polo deseño de programacións que respondesen ás necesidades da cidadanía. Evidenciáronse así as eivas formativas dos técnicos municipais ao tempo que se visibilizaba a indefinición do seu labor; facéndose necesario clarificar e delimitar -teórica e practicamente- a súa función e desempeño profesional, que debía ser garantida por unha formación técnica e cualificada.

#### A OFERTA FORMATIVA EN GALICIA E EN ESPAÑA

Na actualidade atopamos unha ampla oferta para a cualificación neste sector, tanto na formación profesional como no ámbito universitario (grao e máster). No caso da FP, os contidos formativos que toman como referencia a acción cultural, abórdanse no Ciclo de Animación Sociocultural e Turística, concretamente no módulo de "Animación e Xestión Cultural", que -en Galicia- supón unha carga lectiva do 10,65% do ciclo. Os aspectos básicos da FP están regulados para o conxunto do Estado, polo que non hai diferenzas

substanciais respecto doutras Comunidades Autónomas.

No Sistema Universitario Galego (SUG) identificáronse 36 títulos que aluden á xestión/animación ou á acción cultural como saída profesional. Son un total de 14 títulos na rama das Artes e as Humanidades (Filoloxías, Filosofía, Xeografía, Historia e Historia da Arte, Belas Artes e Humanidades). Neste últimos, pese a indicar que forman para este campo profesional, non se visibilizan obxectivos, competencias, nin materias suficientes para formar esta figura desde a perspectiva das necesidades do traballo en cultura en contextos municipais en Galicia. A única excepción é o Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (campus de Lugo), que incorpora materias a partir do segundo curso, pero -aínda que se focaliza na xestión cultural- obvia a perspectiva da acción socioeducativa e da animación sociocultural, fundamental na vida cultural dos pequenos municipios.

No campo das Ciencias Sociais encontramos nos campus galegos 6 graos con afinidade ao ámbito da cultura; titulacións que se moven nos ámbitos da Socioloxía, o Turismo ou Comunicación Audiovisual. A tendencia é a poñer énfase nun campo profesional específico, exceptuando a Socioloxía, que sitúa a xestión de bens culturais e artísticos e a xestión da diversidade multicultural entre as súas principais saídas.

As Ciencias da Educación contan con 16 graos que incorporan a dimensión de dinamización da cultura e os aspectos lúdico-formativos, ausentes nos títulos de humanidades. Destaca o grao en Educación Social, con 13 materias que abordan contidos

acordes ao perfil formativo do persoal técnico da animación e a xestión cultural; mentres que Pedagogía acredita 8 materias nesta dirección.

No conxunto do Estado identificáronse arredor de 75 títulos que aluden ao ámbito da cultura nas súas saídas profesionais, pero só 20 incorporan o termo "cultura" no título. Os contidos destes céntranse no campo multidisciplinar das Humanidades e varios deles, aínda chamándose de "Xestión cultural", teñen escasos contidos relacionados coas metodoloxías de creación, xestión e difusión cultural.

No relativo á formación de máster, dando continuidade á formación de grao que ofertan as diferentes facultades, identificáronse 8 títulos no SUG que contemplan a xestión cultural nas saídas profesionais, contribuíndo á formación do persoal técnico dos servizos municipais de cultura. Unha revisión que revela a ausencia dun máster en Galicia que integre os saberes pedagóxicos e sociais para especializar profesionais para o ámbito municipal da cultura; pois a oferta formativa oriéntase cara á democratización cultural (xestión e difusión), á xestión do patrimonio, á xestión cultural no ámbito literario etc. Na área de Ciencias Sociais e Xurídicas tampouco se detecta unha oferta definida, pois o máster que máis se achega a esta perspectiva -nas Ciencias da Educación-, conta con materias que traballan a perspectiva da democracia cultural, sen integrar a xestión de forma explícita.

Centrándonos na oferta de posgrao das universidades públicas e privadas das diferentes Comunidades Autónomas, constátanse máis de 70 títulos que aluden á xestión, ani-



mación ou acción sociocultural nos seus obxectivos, competencias ou saídas profesionais que -igual que en Galicia- sitúanse en diversas áreas de coñecemento. Un achegamento máis depurado permite identificar 18 títulos, pero ningún orientado a formar especificamente técnicos de cultura municipais, cunha oferta interdisciplinar que integre os saberes e as competencias que precisa o seu labor cotián. Predomina a xestión cultural -15 titulacións, sobre todo en Cataluña e Madrid- sobre a animación sociocultural (3 titulacións, 2 en Andalucía).

No caso da xestión, apréciase unha liña formativa maioritaria que afonda na visión económica da cultura, as industrias culturais e a xestión de equipamentos de centralidade moi especializados; e outra liña con menor presenza que aborda a xestión desde a perspectiva do ámbito local e de proxectos.

#### A REALIDADE GALEGA

Galicia caracterízase pola ampla presenza de pequenos municipios de carácter rural e vilego, con poboación disper-

sa e equipamentos de proximidade. De feito, só 22 concellos de 313 superan os 20.000 habitantes (IGE, 2020); de aí a importancia do compoñente socioeducativo nas iniciativas culturais a fin de promover un desenvolvemento comunitario en clave pedagóxica e social.

O estudo realizado por Caride e Pose (coord., 2020) constata a heteroxeneidade e dispersión formativa inicial no perfil dos traballadores municipais da cultura, pois abrangue desde ciclos formativos de formación profesional -un 8% conta cun ciclo superior- ata diplomaturas, licenciaturas ou graos en Ciencias Empresariais, Filoloxías ou Química. Así, un 33% do persoal técnico conta con estudos superiores no campo das Ciencias da Educación (40% en Maxisterio, 30% en Educación Social, 16,6% en Pedagogía). Esta elevada dispersión formativa, superior ás doutras profesións cun perfil máis delimitado, dificulta a identificación e recoñecemento social da profesión, condicionando a adecuación da súa contratación e o desenvolvemento do seu labor.



Pese a que o 82% do persoal técnico afirma ter estudos superiores, non hai consenso respecto de cal é a titulación máis acaída para o desempeño profesional no ámbito sociocultural. Á heteroxeneidade inicial súmase outro dato preocupante: só a metade das e dos profesionais da acción e xestión cultural en Galicia (52%) afirma posuír formación complementaria específica en cultura, o que supón un baleiro importante para a reciclaxe profesional deste sector. Con todo, nos últimos anos existe maior predisposición nos concellos para facilitar a participación en actividades de formación continua, a pesar das dificultades do persoal técnico para implicarse neste tipo de iniciativas pola sobrecarga de traballo, por problemas de conciliación (o 68,15% son mulleres) e pola excesiva xeneralidade dos contidos da oferta formativa.

### CONCLUSIÓN

A realidade do traballo cotián dos profesionais da cultura nos municipios é multidisciplinar, acentuándose nos concellos de menor tamaño, pois o seu labor require desenvolver tarefas de diagnóstico comunitario, planificación, impulso de accións socioeducativas, ava-

liación, acompañamento de grupos, xestión de recursos, coordinación de infraestruturas e servizos, comunicación de iniciativas, dinamización do tecido asociativo e un longo etcétera. Pero, nun mundo cada vez máis dixitalizado, a súa formación precisa de interdisciplinariedade e dunha perspectiva pedagóxica das políticas e accións desenvolvidas, promovendo un enfoque participativo e transformador nos planos persoal e comunitario. A tal fin, requírese maior presenza dos elementos educativos e da animación sociocultural na oferta formativa dos títulos relacionados coa "xestión cultural". No estudo Xerf@ (2020) alúdese á importancia da animación, a participación ou implicación directa en actividades socioculturais como unha das tarefas principais destes profesionais, pois o dinamismo social e a acción cultural e comunitaria a nivel local resulta esencial nesta profesión; de aí que se precise mellorar a adecuación dos obxectivos, competencias e contidos dos graos atendendo ás saídas profesionais, a fin de definir o perfil e delimitar as funcións deste sector. As demandas formativas que esixen para o seu desempeño laboral, seguen sen consolidarse, polo

que necesitan reforzarse nos futuros plans formativos para este colectivo profesional.

No caso dos máster, sería de interese deseñar un título interdisciplinar que permitise acadar unha especialización profesional da sociocultura nos contextos municipais. No que respecta á formación continua, cómpre poñer en valor as iniciativas dalgúns concellos para o seu persoal, aínda que se precisaría maior compromiso por parte doutros niveis da administración (provincial e autonómica), e maior traballo en rede entre asociacións profesionais, universidades e administracións para artellar unha formación continua de calidade e especializada, que satisfaga as necesidades destes profesionais. Entre elas aluden á necesidade dunha formación multidisciplinar en temas xurídicos, ao manexo e aplicación das TIC para facilitar a planificación, acción e xestión cultural e, en menor medida, reclaman formación en estratexias comunicativas, pois consideran que é esencial para a promoción da cultura no ámbito municipal. Unhas demandas formativas que -ao seu entender- deberían ofertarse en días laborais, pois resultan imprescindibles para mellorar o seu traballo cotián. Finalmente, tamén consideran a necesidade de conformar equipos de traballo integrados por diferentes perfís nos servizos municipais a fin de realizar intervencións pedagóxico-sociais de calidade. ■

### REFERENCIAS

- CARIDE GÓMEZ, J. A. (Dir.) (2020). *Proxecto Xerf@. Formación e profesionalización da acción cultural pública en Galicia*. Informe. Xunta de Galicia.





Andaravía Teatro no Pasatempo de Verán 2021 (Concello de Vedra)

# A acción cultural desde os concellos e a súa necesaria dimensión socioeducativa

Que facer cultural no ámbito local actualmente está orfo dun auténtico debate sobre o seu sentido (políticas culturais) e xestión (desenvolvemento técnico desas políticas) no marco das posibles dimensións -e o interese destas- para a nosa realidade e para o futuro dos nosos veciños e veciñas. Deseguido apuntamos unhas breves pinceladas que sintetizan a nosa visión, sustentada en décadas exercendo profesionalmente na administración cultural local.

## GLOBALIZACIÓN E CONSUMISMO

Partimos dun contexto cando menos complexo: as culturas dos territorios locais enfróntase á realidade dun modelo que quere ser universal baseado no consumo, a competitividade e o individualismo. O fenómeno globalizador achega, entre outras, diferentes formas culturais de vivir, sentir, actuar e ser; novas formas de organización e tamén desterritorialización. Grandes cambios, marcados pola revolución das TIC, a crise económica, a crise política, a crise medioambiental, agora a crise sanitaria e as, parece que permanentes, crises transversais da cultura e a educación. A sociedade globalizada abduce a esencia das identidades e trata de estandarizar o planeta a nivel económico e cultural, rompendo territorios e minimizando a nosa capacidade de acción individual e comunitaria. No ámbito sociocultural local aprécianse estes cambios de maneira significativa.

Estamos instalados no consumismo (tamén na cultura) como modelo socioeconómico, por outra banda xerador de grandes desequilibrios. A cultura é proposta polo mercado, pero tamén pola administración, por boa parte dos axentes culturais e, en conse-

## Iván García García

Técnico de Animación Sociocultural do Concello de Vedra  
Grupo de Traballo de ASC e XC do Ceessg  
ivan.garcia.garcia@usc.es

## Fernando R. Lavandeira Suárez

Coordinador da Área de Cultura, Museos, Xuventude, Festas Populares e Centros Socioculturais do Concello de Rianxo  
Grupo de Traballo de ASC e XC do Ceessg  
FRLavandeira@gmail.com

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932  
Páx. 25-27



Concerto no Centro Sociocultural-Auditorio de Rianxo 2013.  
Foto de Xoán Antón Castro Barreiro, fotosderianxo.com

cuencia, asumida pola cidadanía, como un mero recurso económico no ámbito do ocio, o entretemento ou do turismo. Un recurso que se incardina na pretendida satisfacción do dereito á cultura, substantivado, precisamente, en facilitar o mero acceso espectador a eses produtos, case sempre de carácter artístico ou patrimonial. Non nos enganemos: é unha estratexia cómoda desde o punto de vista político e con moi boa recepción nunha cidadanía atenta sobre todo á satisfacción dos seus dereitos individuais e moi sensible con todo discurso, por incerto que sexa, vinculado á economía (tamén para esta sensibilidade nos "educa" a globalización).

### AS ACTUAIS POLÍTICAS CULTURAIS LOCAIS

Nestas coordenadas enmárcanse centos de exemplos centrados no turismo cultural, en experiencias de "marca-territorio" e incluso no comercio exclusivamente, de amplo márketing pero de máis ca dubidoso resultado.

Todos/as coñecemos grandes e pequenos contedores culturais sen contido, con contido deturpado ou meramente festivo-espectacular. Casas de cultura, centros cívicos ou sim-

plemente edificios varios pretendidamente destinados a fins culturais, levantados, adquiridos ou adaptados, que non se dotan de persoal axeitado, de equipos ou orzamento, ou de nada disto á vez, e acaban sendo vítimas do abandono ou dun irreflexivo "chaves á veciñanza". A revisión das programacións culturais dos concellos, transversal e lonxitudinalmente consideradas, amosan, con pequenos cambios, a repetición continua de fórmulas idénticas con maior ou menor ampulosidade segundo os cartos que se gasten en cada momento.

Trátase das políticas culturais exercidas (ou non exercidas; a ausencia de política cultural é tamén unha política cultural), salvo excepcións, na inmensa maioría dos concellos galegos, que cadran ben co discurso economicista que describimos, co máis ca habitual *adanismo* ("ata que eu cheguei aquí non había nada") e co *ocorrentismo* (gobernar a base de ocorrencias) dos políticos ou achegados de calquera signo -pero tamén dalgúns técnicos- tanto no goberno como na oposición, porque os discursos, nesta materia, son esencialmente os mesmos. Por outra banda, discurso pú-

blico á parte, as áreas vinculadas coa cultura (e a educación, os SS.SS., a participación etc.), non nos enganemos, seguen sendo de segunda división. Velaí outra característica que afonda e facilita esta "cultura, como dereito ao consumo".

### O ÁMBITO LOCAL COMO ESPAZO DE ACCIÓN CULTURAL EMINENTEMENTE SOCIOEDUCATIVA

Resulta doado comprender que o ámbito local, incluso con todos os seus problemas, é o territorio que conta co maior potencial e coas características máis acaídas para promover unha acción cultural que, en termos de desenvolvemento humano (que é o que importa), promova e afiance vínculos, redes e procesos para configurar sentido de cidadanía, sentimento de colectividade e o exercicio dos dereitos e deberes. Aquí é onde reside a importancia do territorio non só como determinante xeográfico, senón como construción histórica e de práctica cultural (Olmos, 2008). Construción que esixe de aprendizaxes, non de simples comunicacións; de accións transformadoras, non de meras expectativas; de cidadanía activa implicada no seu proceso de desenvolvemento e non de acrílicos consumidores de produtos culturais; esixencias todas elas que remiten poderosamente á educación e, máis concretamente, dado o ámbito, os recursos e os procesos que nos ocupan, á intervención socioeducativa, á educación social.

Neste sentido, os retos de futuro do sector deben centrarse en conseguir maior igualdade e un reequilibrio máis xusto socialmente. Entendemos que neste quefa-

cer a cultura e a educación (a cultura como educación e a educación como cultura) son mecanismos esenciais na nivelación de oportunidades individuais e de desenvolvemento social. Desde a administración local, a máis achegada ao cidadán, a cultura debería ser entendida ademais como un elemento transversal das restantes políticas locais e de necesaria presenza nas reflexións e realizacións sectoriais, xa que formula e contribúe a definir obxectivos tanto culturais como educativos, sociais, ambientais, identitarios, económicos, de planificación do territorio etc.

Cómpre aínda facer unha breve lectura sobre a relación entre a cultura e a participación, que atopamos plasmada nos conceptos de democratización cultural (extensión da cultura) e democracia cultural (práctica social) que, con desigual presenza veñen definindo o eixe das liñas de acción das políticas culturais. Non cabe dúbida de que ambas perspectivas, por complementarias, deben estar presentes nunha axeitada política cultural no ámbito local. Pero a complementariedade non significa igualdade de rango, xa que o protagonismo da democracia cultural, sen dúbida máis complexa e de realización menos cómoda, resulta básica pola súa dinámica. Polo tanto, a presenza en maior ou menor peso dun modelo ou doutro nas políticas culturais locais resolverá un tipo ou outro de desenvolvemento cultural dos/as cidadáns/ás.



Anda ca requinta 2021 (Concello de Vedra).

### A ACCIÓN CULTURAL LOCAL E A DIMENSIÓN PROFESIONAL: O XESTOR CULTURAL

Poñemos de manifesto que existe unha importante indefinición profesional neste sector, xa que se atribúen tantas denominacións (programador/a cultural, técnico/a de cultura, técnico/a sociocultural, animador/a sociocultural, xestor/a cultural, educador/a social etc.) como postos hai en entidades públicas e privadas, que, xunto coas diversas formacións e procedencias, en lugar de enriquecer a profesión, estana abocando a un simple administrar recursos en orde de urxencia.

Neste sentido, cremos necesario acadar unha maior definición do perfil profesional da acción cultural, ademais de garantir unha práctica profesional máis homoxénea e eficaz, independentemente das políticas culturais que se determinen en cada administración ou entidade. Queda patente a necesidade de dispoñer duns perfís profesionais que permitan ordenar a propia profesión e a acción sociocultural -en dimensión de xestión ou animación, por usar a terminoloxía ao uso- cando menos pública.

### CONCLUSIÓN

En definitiva, os acontecementos dos últimos anos neste sector están poñendo en perigo unha forma de entender a cultura, que conta cunha tradición, unha historia e uns fundamentos propios enraizados nas prácticas socioeducativas.

Atendendo a esta situación, debemos concibir a acción cultural como un recurso e como un medio para que a cidadanía acceda a unha vida máis rica, plena, activa, creadora e autónoma, tanto a nivel individual como colectivo, participe no seu entorno social e cultural (e natural, económico, político etc.) e contribúa activamente a transformalo. Por iso entendemos que a acción cultural local trátase dun exercicio profesional que ten intención socioeducativa, contido cultural e dimensión social. ■

### REFERENCIAS

- OLMOS, H. (2008). *Gestión cultural y desarrollo, claves de desarrollo*. Madrid: Agencia Española de Cooperación Internacional para el desarrollo. (12 de 8 de 2020) Recuperado de: <http://www.cervantesvirtual.com/obra/gestion-cultural-y-desarrollo-claves-del-desarrollo--0/>



Actividade de divulgación no Museo do Pobo Galego

# O sector privado e a socioeducación. A experiencia de Xandobela

## Nerea Couselo Fernández

Administradora e educadora en Xandobela | Educación e Cultura

nerea@xandobela.info

## María Jesús (Chus) Caramés Agra

Educadora en Xandobela | Educación e Cultura

chus@xandobela.info

Facer un retrato do sector privado que traballa no ámbito da socioeducación e da cultura non é doado, sobre todo tendo en conta as dificultades para abranguer o obxecto de estudo. É precisamente esta unha das primeiras cuestións nas que queremos incidir aquí: este sector é moi amplo e diverso, mais poderemos achegar algunhas características e retos comúns ao longo deste artigo, expostos desde a óptica que a nosa humilde experiencia en Xandobela nos dá, como entidade que traballa no país no sector da cultura e da educación desde o ano 2005. A este respecto, empezamos facendo unha matización: este texto parte da nosa análise particular, mais non pretende facer conclusións pechadas ou categóricas, senón máis ben o contrario (e o que resulta ben máis complicado e desafiante), procurando describir desde a experiencia o sector e sentar as bases para unha reflexión en profundidade que poida orientar mudanzas e melloras.

### RETRATO DO SECTOR PRIVADO DA SOCIOEDUCACIÓN E CULTURA: FOTO FIXA OU EN CONSTANTE MOVEMENTO?

No sector privado atopámonos diversas fórmulas empresariais, sendo as máis habituais pequenas sociedades limitadas, cooperativas e persoal autónomo, fórmulas lideradas por quen atoparon no emprendedorismo o xeito de incorporarse á vida laboral dun xeito digno e acorde cos seus ideais e propósitos profesionais. Os

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 28-31

ámbitos ou temáticas son ben diversas e teñen que ver coa área cultural na que estas persoas son especialistas: a arte, o patrimonio, o audiovisual, a literatura... Normalmente, son empresas e profesionais que traballan na xestión e/ou creación cultural, e que abren unha área de intervención máis enfocada á divulgación e á educación sociocultural. A maioría enfróntanse a estas funcións con escasa formación didáctica ou pedagóxica, mais, con vontade e explorando as súas capacidades e talento, acaban atopando formatos axeitados e novidosos para difundir a cultura no eido socioeducativo, sobre todo no contexto da educación non formal.

Estas pequenas estruturas con sistemas e mecanismos organizativos moi flexibles e versátiles, con gran vínculo co territorio e que desenvolven a súa actividade no ámbito local ou autonómico, conviven coa irrupción de megaestruturas empresariais que diversificaron os seus servizos e aterraron no sector sociocultural como nicho de negocio rendible. A este respecto, non dubidamos en absoluto do bo facer das e dos profesionais que nestas traballan, mais o evidente é que ese vínculo ao territorio e ás persoas, que, ao noso xeito de ver, debería estar presente en toda acción sociocultural, dilúese cando a motivación principal é a monetaria.

Por iso, preferimos falar de eficiencia e coherencia no canto de rendemento e produtividade: unha xestión eficiente e responsable dos recursos, cun coidado especial aos procesos e ás persoas (incluídas as traballadoras), cun coñecemento vivencial do ecosistema sociocultural máis próximo, con verdadeiro compromiso e paixón



Biblioteca Vivente no Verbum do Concello de Vigo

nas súas accións, con propostas novidosas, creativas e especializadas, son algúns dos valores engadidos que proporciona o amplo espectro do sector privado cultural fronte á visión mercantilista destas grandes empresas.

Moitas das súas intervencións acaban materializándose a través da contratación menor coa administración local, cunha limitación grande de tipo orzamentario. A accesibilidade, pois, a medianos ou grandes proxectos e á xestión de equipamentos vese enormemente minguada, pese á solvencia técnica abondo demostrada. Tamén é certo que, ás veces, son as propias empresas as que rexeitan orientar a súa actividade cara a este tipo de servizos, porque suporía unha excesiva burocratización e unha perda de autonomía operativa e creativa.

O músculo creativo destas pequenas empresas tamén é digno de amentar e moito ten que ver con esa capacidade (máis ben necesidade) de adaptación ás demandas dunha sociedade cambiante, esixente e aberta. Medran á par do social, innovando procesos e servizos e deseñando

proxectos nos que se promociona a cultura cunha decidida aposta pola perspectiva socioeducativa: feminismo a través das artes, creatividade para a inclusión de colectivos con menos oportunidades, promoción do patrimonio cultural galego con enfoque participativo, teatro social... E esta aposta polo social tamén se manifesta nos mecanismos empregados na xestión dos proxectos: na creación de redes solidarias de cooperación, nas que o asociacionismo, os colectivos de base e outros axentes son chamados a participar e non unicamente como beneficiarios últimos das actividades, senón como parte activa e fundamental no seu deseño, desenvolvemento e avaliación.

Na banda dos obstáculos comúns que temos o sector privado e, nomeadamente, o sector da socioeducación e cultura, atopámonos coa influencia dos ciclos políticos nos gobernos locais, que moitas veces marcan o ritmo no desenvolvemento de proxectos e ás veces truncan expectativas. Tampouco é doado manter unha carga de traballo suficiente máis aló do persoal



Laboratorio feminista do proxecto Erasmus Plus "Muses"

(que, pola contra, sobrecárgase facendo indiscriminadamente todo tipo de tarefas) polo que o grao de contratación de profesionais limitábase ás necesidades puntuais froito de demandas concretas ou estacionais, precarizando o modelo de xestión de persoal e as posibilidades de xerar emprego digno e de calidade, o que redundaría en beneficio do fortalecemento do sector de maneira indubidable e, en consecuencia, da acción socioeducativa e cultural.

### PARA MOSTRA, UN BOTÓN: A NOSA EXPERIENCIA

Os case 18 anos de vida de Xandobela poderían dar boa conta de case todo o dito ata agora no tocante ás características do sector privado no ámbito da socioeducación e a cultura: a multidiscipliniedade colaborativa, a necesidade de readaptarse e redefinirse constantemente, a dependencia cos fondos públicos, a diversificación e renovación de servizos e proxectos, o enfoque social...

Xandobela naceu no ano 2005 da man de persoas educadas no asociacionismo e formadas no ámbito educativo e sociocultural, de aí que o noso obxecto social se sitúe na intersección entre a cultura e a educación, e que este sexa un dos descritores que quizais máis nos diferencien: definímonos como mediadoras e traballamos na difusión e didáctica cultural baixo os códigos deontolóxicos e a perspectiva da educación social, isto é: coidando os procesos, procurando a participación, primando a perspectiva comunitaria, integrando valores sociais nas nosas accións... Se a educación social é o que nos define deontoloxicamente, a cultura é o que delimita as nosas áreas de intervención, centrándonos especialmente nestas catro: a literatura/lectura, o patrimonio cultural inmaterial, o xogo e a lingua. Calquera delas dáse de xeito transversal na meirande parte dos nosos proxectos e intervimos en tempos e contextos culturais, sociais e educativos do máis diverso.

Traballamos para a administración local habitualmente, deseñando e desenvolvendo actividades baixo demanda ou implementando propostas xestadas por propia iniciativa, mais tamén producimos proxectos propios de longo percorrido co apoio, novamente, de fondos públicos, como "Somos xogo" (proxecto de difusión do patrimonio lúdico e creatividade xogantina) ou o "Proxecto Tesouros vivos" (no que recolleamos memoria colectiva en formato audiovisual e creamos materiais didácticos) nos que a multidiscipliniedade e o traballo en rede son notas características.

Un lugar privilexiado ocupan os proxectos subvenciona-



Actividade de difusión cultural "Retallos estampados de Luís Seoane" nunha escola

dos polo programa europeo Erasmus Plus que coordinamos a canda entidades europeas análogas: permítennos diversificar as fontes de financiamento mais tamén, e sobre todo, desenvolver interesantes proxectos de cooperación transnacional e trasladar o aprendido ao noso territorio, como o método das Bibliotecas Viventes, ao que chegamos grazas á nosa participación nun proxecto europeo e co que levamos traballando ininterrompidamente once anos difundindo o patrimonio cultural na voz dos seus protagonistas.

### RETOS PRESENTES E FUTUROS

Chegadas a este punto, preguntámonos: cales son os retos aos que temos que facer fronte?

- Fortalecer a relación coa escola, coas asociacións de base e con entidades análogas é unha meta á que debemos aspirar estratexicamente, pois son fieis aliadas e partillamos anhelos e obxectivos.
- Diversificar as fontes de financiamento: a dependencia aos fondos públicos son indiscutibles, mais dentro destes debemos explorar outras fontes máis sustentables, como o financiamento europeo, que posibilitan desenvolver proxectos de longo percorrido e maior impacto na sociedade.
- As novas tecnoloxías e as narrativas dixitais son nichos emerxentes (xa non tanto) nos que deberiamos prestar máis atención desde a mediación socioeducativa. Tamén nos atopamos cunha renovada posta en valor do noso patrimonio cun enfoque participativo e creativo, rachando coa anterior visión obsoleta do mesmo.



Actividade de posta en valor do patrimonio lúdico "Xoguetoloxía" nunha escola

Mais, para nós, profesionalizar a intervención cultural desde os parámetros da educación, reivindicar o papel das profesionais da educación non formal no sector cultural e creativo e apostar por unha formación especializada son as pedras angulares dos retos nos que hai que poñer o foco de debate e análise. Hai un descoñecemento xeralizado do potencial do persoal da educación non formal como facilitador de procesos de mediación cultural e moitas veces

tamén leva consigo unha confusión sobre o rol profesional e as funcións que desempeña neste sector. É unha cuestión urxente, ao noso modo de ver, definírmonos, gañar en presenza e poñer en valor as funcións do persoal educador no sector cultural. ■



Momento da actividade de difusión do patrimonio "Pegadas do noso"



# A Aldea do Couto revolucionou o asociacionismo no medio rural

## Aldea do Couto

jose.maria.varela@edu.xunta.gal

### ONDE VIN A LUS PRIMEIRA

Unha aldea singular da Costa da Morte festexa corenta anos de letras, de música, de teatro e dunha aposta decidida pola cultura galega.

O Monte Branco inspirou, hai xa corenta anos, un movemento cultural que revolucionou o asociacionismo rural. Ocorreu nunha aldea chamada O Couto, un pequeno lugar ubicado na franxa imaxinaria que separa o mar da terra, onde o insigne Eduardo Pondal tivo o seu primeiro encontro coa auga bendita. Aquí naceu a Asociación Cultural Monte Branco, con poucos medios, pero con moitas ideas e máis ganas aínda. E hoxe forma parte tamén desa paisaxe.

O Couto é unha aldea atípica de non máis de oitenta casas, unha especie de aldea de Asterix no concello de Ponteceso. Se cadra, por estar administrativamente algo soíños, afixémonos a desenvolvernos por nós mesmos. Tamén puido ser pola herdanza cultural dos avós e avoas que temos mortos ou do alento de don Eduardo Pondal.

Ao longo de corenta anos, a Aldea do Couto, en perfecta simbiose co entorno, demostrou unha capacidade pouco habitual para ir adaptándose aos tempos, para construír un teito primeiro (A Casa dos Veciños) e para enchelo de contido antes, durante e despois. Esforzámonos por manter un extenso programa de actividades para desfrute veciñal ou da poboación dos arredores. Actividades permanentes todo o ano: danza ou música tradicionais, teatro, bailes de salón, charlas ou xornadas de agricultura, marisqueo ou saúde. Proxeccións de cine en galpóns ou visionado de documentais.

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 32-35



Saídas culturais e de lecer. Publicacións de revistas e de libros.

Tamén todos os anos, sen escusas, chega o tradicional belén con textos e música en galego. Recuperamos con forza o entroido, con coplas, enteiro e comparsas seguindo a tradición do lugar.

### O MILAGRE DAS FESTILETRAS

A Festa das Letras (O Festiletras), a nova marca suxerida polos máis novos que nos deu sona máis aló do local: a homenaxe a escritores vivos, o compango das letras e máis a artesanía co adubo da música e do teatro. A Aldea do Couto é un lugar imprescindible na historia recente da literatura galega, e aquí ocupan un lugar para a posteridade persoeiros como Manuel María, Xosé Neira Vilas, Bernardino Graña, Manuel Rivas, Fina Casalderrey, Uxío Novoneyra ou os vellos regueifeiros entre dúcias deles e delas.

### AS ARTES

A Feira da Artesanía acompáñanos todos os domingos do Festiletras. Artesáns e artesás chegados desde todos os puntos de Galicia amosan as súas creacións.

Desde hai cinco anos complementamos as edicións do Festiletras con intervencións artísticas nas paredes degradadas da aldea cos máis destacados muralistas, que deixan a súa pegada pintando en directo durante os días do evento.

### O FESTICIENCIA

Tamén o Festiciencia, a feira científica que xunta moitas dúcias de rapaces e rapazas da contorna, os programas divulgativos de radio, obradoiros e mestizaxe coas letras. Un



gran evento para o fomento da Ciencia e da Tecnoloxía fomentando as vocacións e a curiosidade científica.

### SONORIDADE

Os máis grandes artistas e músicos de Galicia pasaron polo Festiletras. Mesmo algún deles, como Carlos Núñez, lembran a Aldea do Couto como o primeiro escenario para a súa presentación. A nómina de grupos non ten desperdicio: Milladoiro, Leilía, Mato-Congrio, Mercedes Peón, Budiño, Baiuca, A Quenlla etc.

E tamén os grupos de gaitas e danza tradicional da Costa da Morte: Castro Meda, Arume, Raigañas, aínda que tamén se achegaron ás terras de Pondal outros da xeografía galega como Xiradela ou Xacarandaina.

Engadiremos o apadriñamento do primeiro disco "Rock na Costa da Morte" ou o recente Pasacabanotes, unha intervención de música tradicional que fai un percorrido polos elementos etnográficos da aldea.

### SIMPOSIO PONDALIANO

Desde o 1995 honramos a memoria do bardo cun simposio anual, onde os mellores especialistas debullan e descubren

fitos biográficos e literarios de Pondal: Manuel Ferreiro, Vitor Freixanes, Darío Xoán Cabana, Yolanda Castaño e outros. Aquí naceu o xermolo para a constitución da Fundación Eduardo Pondal. A recuperación da vella reitoral como sede veu ampliar o abano de espazos culturais da Aldea do Couto.

### HARMONÍA

Nos dous espazos culturais, a Casa dos Veciños e a Casa do Cura, conviven en perfecta harmonía a Coral Oliveira de Monte Branco, a Agrupación Inllar de música tradicional, A Casa da Muller ou incluso o tristemente desaparecido Festival ConVde Valarés.

### SEMENTEIRA

Todos os días do ano lévanse a cabo innumerables actividades de formación para a infancia, xuventude e maiores: Escola de Verán, Escola de Inverno, Campamentos de Semana Santa, Aulas Científicas e Tecnolóxicas. E para os maiores, a Universidade Rural Aldea do Couto ou A Casa da Muller, con propostas artesanais, consellos de saúde, actividades físicas, teatro ou saídas culturais. Chegamos a percorrer numerosas vi-



las e cidades berce dos nosos escritores: Celanova, Rianxo, Mondoñedo, Lugo ou Castro de Rei.

Cada verán recibimos campamentos infantís de diversas localidades de Galicia referidos á creatividade artística ou científica e un campo internacional de voluntariado que alegran o día a día da aldea, mesturándose coa veciñanza local e traballando co voluntariado no adementamento de espazos para a festa grande da aldea (O Festiletras)

### "BOS E XENEROSOS"

A organización das diferentes agrupacións cre que as homenaxes deben realizarse cando o autor ou autora estean vivos para poder gozar en vida deste premio. Entre outros, Isaac Díaz Pardo, Neira Vilas, Avelino Pousa, Mercedes Peón, Guadi Galego etc. recibiron como recoñecemento un busto coa efixie de Pondal.

Así mesmo, nos últimos anos entregamos o recoñecemento de "Literatas" a diferentes mulleres da Costa da Morte que deixaron a súa pegada a través da versificación, da música ou da memoria.

### PREMIOS

Todo este traballo e esforzo comunitario tróuxonos os recoñecementos do Premio da Cultura Galega, de Bergantiñán do Ano, da Costa da Morte, o premio Agader de iniciativas culturais e o galardón da Federación de Mulleres Rurais.

Porque se a literatura galega, como a cultura en xeral, ten nomes e apelidos, o principal logro da Aldea do Couto foi a nosa capacidade para achegámonos a esas grandes mulleres e eses grandes homes, pero sen perder de vista nin por un momento todas aquelas persoas que fan un labor diario e intenso, pero calado, e que sen entidades coma estas pasaría inadvertido.

Para todas esas persoas que teñen vivido en primeira persoa a Festa das Letras Galegas en moitas das súas edicións, un concerto folk, unha actuación de Carlos Blanco antes de que os monólogos fosen un invento da tele, a proxección dunha película nun galpón, unha Escola de Verán polos cabanotes e baixos da veciñanza, unha homenaxe ás orquestras da comarca de Ber-

gantiños, unha regueifa, unha ofrenda floral a Eduardo Pondal, unha sesión do Simposio Pondaliano, unha comida cos artesáns, unha conversa con Manuel María, unha partida de tute na Casa dos Veciños, un baile nun día de tronos... todo o que se poida dicir sempre será pouco.

### NOVOS TEMPOS, NOVOS RETOS

Na actualidade a nosa realidade sociodemográfica conta con debilidades polo gran envellecemento da poboación e a falla de emprego para a xente nova, reclama actuacións urgentes e innovadoras nas que o noso patrimonio arquitectónico ou natural xoguen un papel central. Contamos coa fortaleza da nosa situación entre os principais portos de Bergantiños e a un paso das cidades da Coruña e Compostela. O camiño dos Faros percorre quilómetros da nosa parroquia. Temos importantes recursos patrimoniais que propician unha interesante oferta turística. Dos espazos da vella reitoral deberán saír os proxectos que empurren as nosas fortalezas. A Casa dos veciños deberá acoller novos usos cunha fundamental transformación en espazo interxeracional de: albergue, coworking, Casa do Maior, aloxamento das diferentes agrupacións musicais que convivimos na Aldea, e espazo de lecer.

Cómpre recorrer ao estudo realizado hai uns anos pola Fundación Juana de Vega co apoio da Consellería de Medio Ambiente, que marca as innumerables posibilidades de recuperación agrícola, a recuperación dos nosos regachos troiteiros agora contaminados de zurro, as inmensas posibilidades do esteiro do Anllóns, as fermosísimas praias, a ani-

mación da ferverza da Brixería ou do castro de Cerezo, ou os camiños lendarios á sombra do poeta que conforman un abano de posibilidades que cunha atinada intervención e co noso aval de corenta anos pode supoñer un interesante reclamo.

Cómpre tamén a execución destes proxectos de futuro que realcen o patrimonio local e o orgullo de vivir ou investir na localidade. O incremento da oferta de emprego co fin de fixar a poboación nova a través de novas ou vellas fórmulas de empregabilidade. Insistiremos moito na implicación da poboación local nas diferentes actuacións: edificando con sentidiño, tratando axeitadamente os residuos, cunha agricultura e gandería con moita lóxica, coa recuperación de regachos, camiños e monte.

O aproveitamento dos recursos económicos e humanos, co apoio das diferentes administración que faciliten a rexeneración económica a través de diversas melloras, a formación da mocidade local ou a



que queira asentarse aquí para emprender a nosa transformación, sen esquecermos dunha boa estratexia de márketing, deberán supoñer a nosa consolidación como aldea das Letras, das Artes e da Vida.

#### CONCLUSIÓNS

A experiencia comunitaria, cultural e socioeducativa da Aldea do Couto condiciona a calidade de vida e o desenvolvemento persoal e do contorno. Polo tanto, a educación e a cultura preséntanse como fac-

tores de cambio e elementos fundamentais para a transformación da veciñanza.

Á vista desta experiencia, concluímos que o traballo comunitario-asociativo conta con multitude de oportunidades de aprendizaxe e formación para todas as persoas que forman parte desa realidade e que lle permite adquirir e actualizar os seus coñecementos, aptitudes e competencias de forma continua. ■

PUBLICIDADE

Poética musical  
Ígor Stravinski

Introdución, tradución e notas  
Javier Ares Yebra



# STRAVINSKI

AS CÉLEBRES CONFERENCIAS EN HARVARD E  
A SÚA CONEXIÓN COA CULTURA GALEGA. UN  
TRABALLO DE JAVIER ARES YEBRA.

EDITORIA  
**alvarellos**

# EN GALEGO

[WWW.ALVARELLOSEDITORA.GAL](http://WWW.ALVARELLOSEDITORA.GAL)



## Para sabermos algo máis...

Fernando R. Lavandeira Suárez

Iván García García

Grupo de Traballo de Animación Sociocultural e Xestión Cultural do Ceesg

Coordinadores do monográfico

A continuación relaciónanse unha serie de recursos, entre moitos posibles, que desde diferentes perspectivas e realidades xeográficas poden contribuír a un maior coñecemento e reflexión sobre a acción cultural no territorio (e a súa xestión), con especial protagonismo, explícito ou implícito, da dimensión socioeducativa, na que a educación (que vai moito máis alá do sistema educativo formal), a participación e a comunidade -entre outras- son elementos substanciais e imprescindibles.

Ofrécense referentes para a reflexión xeral, a consideración da realidade galega e tamén as visións que nos chegan desde outras realidades xeográficas, nomeadamente latinoamericanas (só aparentemente tan distintas á nosa), que fariamos ben en observar con atención.

Varias destas referencias inxírense no denominado desenvolvemento cultural comunitario -e na xestión cultural comunitaria- que, en moitas visións vincúlase exclusivamente coas manifestacións artísticas a pesar de que a súa proxección, igual que a cultura en si, transcende amplamente aquelas. Non poucas veces o que se pretende facer pasar por xestión da cultura comunitaria é a simple oferta de proxectos/eventos alleos (do artista, do técnico ou do político) no que a comunidade simplemente consome o que lle serven -ás veces incluso con celebrada aparencia de participación- en vez de protagonizar e participar activamente no proceso, porque son as aprendizaxes que se dan no proceso, e non o produto, o que realmente xera cidadanía (tamén cultural) no territorio.

- POSE, H.
  - (2006). *La Cultura en las ciudades: un quehacer cívico-social*. Graó.
  - (2015). *Una acción cultural local necesariamente con la sociocultura*. Revue ATPS, 31-42.

Descargable en: <https://edition.uqam.ca/atps/article/view/556>

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932  
Páx. 36-39

No escritor e profesor Pose Porto conflúen a experiencia do activista cultural (exercida desde a primeira mocidade), do profesional da acción cultural pública local (foi técnico de cultura municipal durante máis dunha década) e a do investigador e profesor universitario (é docente na facultade de Ciencias da Educación na Universidade da Coruña). Coñecedor de primeira man, polo tanto, das realidades que afectan á acción cultural local en Galicia, sobre todo de carácter público. Ten reflexionado atinadamente sobre a necesaria dimensión socioeducativa da acción cultural no territorio, a ausencia dunha política cultural municipal digna de tal nome e sobre os perigos que o “agornamento” economicista e xerencial, tan queridos para as industrias culturais e o mercado (tamén político), mesmo aqueles disimulados en discursos supostamente “sociais” e “participativos”, supoñen para un real desenvolvemento cívico-social da cidadanía.

• POSE, H. E P. RÚA, M. (coords.) (2007). *Caderno Temático 4: Políticas Culturais e creación artística a nivel local*. Deputación da Coruña.

Este caderno trata de achegar discurso, directrices e prácticas arredor do fomento da creatividade na poboación, o apoio aos creadores/as locais e poñer de manifesto a importancia da calidade estética e funcional das intervencións arquitectónicas e plásticas no espazo público.

• MONCLÚS, C.

– (2011). *Animación sociocultural, un enfoque absolutamente necesario en la intervención cultural*.

Descargable en: <http://quadernsanimacio.net/ANTERIORES/trece/pdf/cultural.pdf>

– (2020). *Cultura, animación y gestión cultural*. Animacionet.

Descargable en: [https://www.academia.edu/44494790/Moncl%C3%BAs\\_C\\_2020\\_Cultura\\_animaci%C3%B3n\\_y\\_gesti%C3%B3n\\_cultural](https://www.academia.edu/44494790/Moncl%C3%BAs_C_2020_Cultura_animaci%C3%B3n_y_gesti%C3%B3n_cultural)

Unha aproximación á animación e xestión cultural a partir da experiencia e posicionamentos teóricos dun formador de animadores

culturais e educadores sociais, articulista e conferenciante de longa traxectoria, activista sociocultural e docente de ciclos formativos e universidade en Valencia. A partir da necesaria delimitación conceptual e relacións entre ámbitos, axentes, etc, céntrase nas intervencións no territorio, sobre todo local, con especial atención aos recursos patrimoniais, e á súa formulación museística, á lectura pública, ás artes, ao teatro, etc, para continuar con diversas aproximacións á metodoloxía do deseño, xestión e avaliación de proxectos. De forma máis específica Monclús trata no breve artigo indicado do enfoque sociocultural como imprescindible na intervención cultural, centrando con sólidos argumentos a dimensión socioeducativa na xestión desa intervención.

• GARCÍA QUIROGA, F. (coord.) (2020). *Pensar y hacer en el medio rural. Prácticas culturales en contexto*. Ministerio de Cultura.

Descargable en: <https://culturayciudadania.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:c60db21-3e5f-458b-8e2c-a4deb753f3a4/pensar-hacer-compressed.pdf>

Obra colectiva a cargo de quince autores que enfrontan a acción cultural no ámbito rural e, polo tanto, cunha pegada territorial significativa, composta por reflexións, perspectivas, recursos, e, sobre todo, intencións de reivindicar a pervivencia e dinamización do medio rural e da súa cultura, o diálogo comunitario, a transición ecolóxica e a necesidade da innovación e a participación social como vía de desenvolvemento no marco das políticas territoriais e demográficas e de construción de cidadanía.

• VV.AA. (2019). *Queremos sonreír. Activar la cultura local*. Nediciones.

Obra tamén coral, de entidades e axentes de referencia na acción cultural e do pensar sobre o territorio, produto dun proceso de reflexión promovido por Tránsit Projectes, ITD y CEPS Projectes Sociais. Iníciase, como acontece coa obra anteriormente referenciada, a partir do encontro *Cultura e cidadanía*, que promove o Ministerio de Cultura (en concre-

to, o de 2015). Con distintas perspectivas e referentes, cadran no imprescindible valor da participación, da cidadanía e do comunitario. Especial mención merece o capítulo “Queremos aprender. Cultura=educación. La ecuación pendiente”, asinado polo colectivo *Pedagogías Invisibles*. Unha obra incitante e excitante no fondo pero tamén na forma polo seu coidado e atractivo deseño.

• CARIDE, J. A. (2005). *La Animación Sociocultural y el Desarrollo Comunitario como educación social*. Revista de Educación. Núm. 336, pp. 73-88

Descargable en: <http://www.educacionyfp.gob.es/revista-de-educacion/numeros-revista-educacion/numeros-antiores/2005/re336/re336-05.html>

O artigo presenta a cultura como un medio para analizar o lugar que cada un ocupa na sociedade e resalta o sentimento de pertenza a unha comunidade de referencia dentro dun marco democrático e dialogado. Desde a Animación Sociocultural e o Desenvolvemento Comunitario, e no marco que constitúe a Educación Social, inténtase atender as necesidades da comunidade para así transformar a realidade. A animación concíbese como un medio para potenciar o desenvolvemento das comunidades e aposta pola democracia cultural.

• GARCÍA, I. (2020). *La cultura, su acción y su gestión, desde la educación social*. Revista de Educación Social. Núm. 31, pp. 11-27

Descargable en: <https://eduso.net/res/revista/31/el-tema-revisiones/la-cultura-su-accion-y-su-gestion-desde-la-educacion-social>

Realízase un achegamento ao estado actual e ás posibilidades de futuro dun ámbito clásico da Educación Social: a animación sociocultural e a xestión cultural, que no exercicio profesional enténdese con intención socioeducativa, contido cultural e perspectiva social. Reflexionar desde este enfoque -o da acción e xestión do cultural desde a educación social- resulta interesante e necesario para seguir fortalecendo este discurso, para dar saída a interrogantes varios sobre políticas culturais, compartindo posicionamentos e



experiencias, e para facer un profundo exercicio de autocrítica sobre a actividade, o desempeño profesional da mesma e a formación dos/as educadores/as sociais como profesionais da acción e xestión cultural.

- CASTRO, M. E RODRIGO, J. (2018). *Gestión comunitaria de la cultura en Barcelona. Valores, retos y propuestas*. Institut de Cultura de Barcelona, La Hidra cooperativa.

Descargable en: [https://bherria.eus/wp-content/uploads/2019/01/gestio\\_comunitaria\\_cast\\_web-1.pdf](https://bherria.eus/wp-content/uploads/2019/01/gestio_comunitaria_cast_web-1.pdf)

Nunha realidade urbana tan dinámica como a barcelonesa, medra a petición de recoñecemento institucional no facer e coexistir cultura desde unha perspectiva comprometida das entidades que conforman a comunidade. Estas entidades cidadás practican e reivindicar unha forma de facer cultura que vai máis alá do "consumo", participando de forma activa na gobernanza de espazos e procesos culturais desde fundamentos netamente democráticos, demostrando que a xestión cultural comunitaria é unha alternativa crible e pertinente fronte á administración (neste caso o concello de Barcelona) e ás industrias culturais, a pesar dos atrancos e falta de interese no seu recoñecemento e crecemento. Esta obra céntrase na reflexión sobre estas experiencias e entidades cidadás,

a visibilización e posta en valor do seu compromiso e calidade práctica, amosando as novas formas de xestión comunitaria e a súa potencialidade, no marco dun espazo relacional honesto e proactivo, entre administración, institucións e colectivos.

- MAC GREGOR, J. A. (Coord.) (2016). *Proyectos culturales: sus configuraciones y desafíos para el cambio social*. Secretaría de Cultura de México.

José Antonio Mac Gregor é un dos referentes fundamentais da xestión cultural en xeral e, esencialmente, da xestión cultural comunitaria. Antropólogo especializado en desenvolvemento rural, desde axiña se ocupa da cultura e da acción cultural como ferramenta e proceso de cambio (identidades, promoción cultural comunitaria, profesionalización da xestión cultural, políticas culturais...). Reputado conferenciante, docente universitario en tres continentes, responsable de proxectos culturais con recoñecemento internacional, traballador público na administración cultural e responsable político de proxectos e programas de formación. Na obra referenciada, á parte da súa contribución específica (*El proyecto cultural como praxis comunitaria: la red de colectivos de Taumalipas*), reúne algúns dos actores e profesionais culturais máis reputados de México para tratar da dimensión metodolóxica e da fundamentación teórica dos proxectos culturais, así como algunhas das experiencias culturais con dimensión social máis salientables daquel país.

- GUERRA VEAS, R.
  - (2017). *Elaborando un proyecto cultural. Guía para la formulación de proyectos culturales y comunitarios*. Escuela de Gestores y Animadores Culturales. 3ª ed.
  - (2017). *Del yo al nosotros. Aportes para pensar la gestión cultural comunitaria*. Escuela de Gestores y Animadores Culturales.

- GUERRA VEAS, R. (ed.)
  - (2016). *Gestión y autogestión en la cultura y otros escritos*. Escuela de Gestores y Animadores Culturales.
  - (2020). *Pensar lo comunitario. Comunidades, culturas y participación*. Escuela de Gestores y Animadores Culturales.

Chile, de recente actualidade polo transcendental cambio político no que está inmerso, ven ser outro dos países latinoamericanos de referencia en canto á reflexión e desenvolvemento de prácticas culturais con dimensión social e comunitaria, nas que o socioeducativo adquire relevancia substantiva. E entre as diversas propostas e axentes deste país, pola súa calidade de acción e reflexión, cómpre achegarse á figura do xestor cultural, conferenciante, articulista e formador, Roberto Guerra Veas e á escola que dirixe, a EGAC, co-participe en numerosas propostas formativas non formais e de posgraio por toda Latinoamérica. Nas obras referenciadas o autor elabora ou recolle textos diversos sobre a actualidade da acción cultural e súa xestión en Chile, a metodoloxía da elaboración e implementación de proxectos culturais comunitarios, as motivacións e dimensión -tamén os desafíos e impedimentos- que informan o labor cultural nos territorios, e a análise crítica dos procesos e aprendizaxes que comunidades, grupos e actores experimentan no seu traballo cultural. Sostén Roberto Guerra que un dos males da animación e xestión cultural comunitaria en Chile -como tamén, apuntamos nós, en Galicia- é a falta de reflexión escrita, de consignar experiencias, de construír coñecemento. Contribuír a paliar ese atranco é tamén unha das razóns que contribuíron a elaborar as obras mencionadas.

- TURINO, C. (2018). *Cultura viva comunitaria: la política del bien común*. Dossier, Número 2 / Octubre-Diciembre 2017. CCK, nº 2.

Descargable en: <http://kreantaeditorial.org/wp-content/uploads/2020/03/CCK-Revista.-N%C3%BAm.-2-enero-marzo-2018.-Fundaci%C3%B3n-Kreanta.pdf>

No dossier que a revista CCK, da Fundación Kreanta, dedica ao

proxecto *cultura comunitaria* destaca o artigo de Celio Turino, escritor, historiador e xestor cultural con máis de trinta anos de experiencia, sobre os *Pontos de Cultura*. Esta iniciativa, nacida en Brasil no 2004, cando o autor era Secretario de Cidadanía Cultural no Ministerio de Cultura, chegou a estenderse por toda a xeografía brasileira con máis de 3000 enclaves e 8 millóns de persoas implicadas, ben que na actualidade se atopa en pleno proceso de asfixia económica polo goberno de Bolsonaro. A experiencia, con variacións e particularidades nacionais, está presente en case todos os países de América Latina. Dirá Turino que Punto de Cultura vén ser un concepto de política pública, organizacións culturais onde as persoas actúan como receptores e emisores da cultura. Non se trata dun recurso cultural nin dun servizo da Administración para paliar a falta de bens e servizos, senón que se basea na capacidade de actuación de persoas e grupos nos barrios. “Punto de Cultura é a cultura en proceso, en avance, desenvolvida con autonomía e protagonismo social..., un punto de apoio para romper a fragmentación da vida contemporánea, construír unha identidade colectiva na diversidade e na interconexión entre os diferentes modos culturais”.

• LÓPEZ BORBÓN, L. (2021). *Gestión cultural y arquitecturas de la participación en tiempos de crisis*. Estesis 10, pp. 60–69.

Descargable en: <https://revistaestesis.edu.co/index.php/revista/article/view/110/145>

Especialista en políticas culturais locais e construción de cidadanía, xestora cultural e investigadora con vinte e cinco anos de experiencia, obtivo no 2015 o Premio Internacional *Ramón Roca Bompante de Estudos de Gestión Cultural*, co traballo “*La gestión cultural como construcción de ciudadanía*”. Colombiana residente en México, é ensaísta, articulista e formadora en xestión cultural e políticas culturais, e foi a responsable da posta en marcha da *Red de Fábricas de Artes y Oficios* (Faros) da Cidade de México. O arti-

go que referenciamos proponnos unha reflexión sobre a xestión do cultural (a autora escapa dos termos “xestión cultural” ou “xestión da cultura”) a partir da realidade pandémica que vivimos, no entendido de que esta non é tanto a xestión de recursos para eventos, o recoñecemento de determinadas dinámicas expresivas, nin a xeración de programación para levar a cultura a outros/as, senón máis ben a construción conxunta de “espazos para a convivencia, para lograr a fraternidade posible para mirarnos en igual diferenza (a igualdade sine qua non)”, sendo así que acada toda a súa significación a construción de cidadanía desde o cultural.

### OUTROS RECURSOS QUE SE RECOÑECEN NO TRABALLO CULTURAL DE BASE COMUNITARIA E NA ACCIÓN SOCIOCULTURAL:

- **Cultura Comunitaria**

<https://culturacomunitaria.es/wiki/Inicio>

Plataforma creada para compartir o coñecemento nas intervencións de base comunitaria, con vocación de divulgar, inspirar e servir de conexión entre os distintos axentes e entidades. Creada colectivamente, permite acceder a iniciativas, documentos e actividades.

- **Harinera ZGZ**

<https://harinerazgz.wordpress.com/>

Proxecto conformado de forma colectiva na cidade de Zaragoza, permanentemente aberto á incorporación de persoas interesadas, que ten o interese de amosarse replicable e comprometida con facilitar esa replicabilidade (para o que facilita toda a documentación que lle é propia).

- **Ibercultura viva**

<https://iberculturaviva.org>

Espazo institucional da SEGIB (Secretaría General Iberoamericana, organismo internacional que inclúe 22 países de América e Europa) para fomentar o diálogo e a cooperación entre os estados de Iberoamérica na promoción e fortalecemento das políticas culturais de base comunitaria, recoñecendo o valor dos procesos

de construción de cidadanía e de participación social. As accións que desenvolve están destinadas a colectivos, organizacións, redes, persoas (dos ámbitos público ou privado) e á sociedade civil en xeral (con especial consideración dos pobos orixinais e comunidades afrodescendentes) dedicadas ao traballo, á investigación e á comunicación de experiencias e procesos culturais de base comunitaria.

- **La Red de Espacios y Agentes de Cultura Comunitaria**

<https://reacc.org/>

Xurdida en plena pandemia, o seu concepto de cultura comunitaria límitase a calquera práctica artística que involucre axentes e comunidades en procesos creativos de carácter colaborativo e defínese como “unha asemblea aberta de diálogo e apoio entre profesionais das artes e a cultura comunitaria”. Reúne máis de 200 entidades, profesionais, artistas, colectivos, proxectos, etc.

- **Red Iberoamericana de Animación Sociocultural (RIA)**

<https://www.rianimacion.org/>

Con presenza en practicamente todos os países de Iberoamérica, a RIA vén ser a rede máis ampla e representativa de persoas interesadas, profesionais, investigadores/as e institucións tanto públicas como privadas (desde centros de formación ata universidades, pasando por colectivos profesionais, administracións, etc), que entenden a animación sociocultural nos seus distintos ámbitos e modalidades (educación no tempo libre e recreación, promoción e dinamización cultural, desenvolvemento comunitario, educación popular, cultura popular...) como un valioso e imprescindibile instrumento para o exercicio da cidadanía activa e o desenvolvemento social. ■



# ENTREVISTA

Construíndo profesión dende o local: a xestión cultural é chave no quefacer socioeducativo

**Manuel Pérez Rúa**

Técnico de Cultura do Concello de Moaña, xubilado recentemente

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932  
Páx. 40-44

Entrevista realizada en formato telemático o  
16 de novembro de 2021, por:

**Xabier Riádigos Couso**

**Vanessa Otero Dios**

Grupo de Traballo de ASC e XC do CEESG



**M**anuel Pérez Rúa, é un sociólogo moañés que traballou nos estaleiros navais ata a década dos 80 e posteriormente chegou a ser técnico cultural do Concello de Moaña (1987). Foi autor de varios ensaios, entre os que figuran *Moaña* (1991) e coautor de *Galicia SL* (1995). Mais tamén hai que destacar a súa andaina desenvolvendo estudos sociolóxicos vencellados ao eido sociocultural e urbanístico, á vez que desempeñou cargos directivos no ámbito profesional e no asociacionismo cultural de base.

Foi galardoado co Premio Ramón Piñeiro en 2009 por *Domingos de calcetíns brancos*, unha obra na que se fai unha análise e crítica do cambio social a partir da xeración de 1950.

*Ollando atrás no tempo, como describiría a evolución da acción-xestión cultural (perfis, funcións, acceso ao traballo..) e das políticas culturais na Administración galega?*

O que tivo máis incidencia no noso colectivo foi o ámbito local, onde a maioría das persoas acabaron traballando aquí. Foi un pouco en paralelo á situación de democracia. Todos saímos do franquismo pensando iso de que saías da "Longa noite de pedra" de Celso Emilio e de que entrabamos nese paraíso que nos tocaba. Foise construíndo, día a día.

Tanto se improvisou na profesión como na propia política, entón os técnicos de cultura, animadores culturais, coordinadores culturais que se chamaron nun momento determinado, eran unha especie de caixón de xastre que viña cubrir unha demanda fundamental que era a creación de equipamentos. Os concellos desde primeira hora dotáronse de equipamentos (auditorios, casas de cultura) que requirían de profesionais e sacáronos de distintos sitios: da propia Administración, convocáronse prazas "ad hoc" ou simplemente da proximidade ideolóxica. Nos primeiros anos da democracia a contratación laboral foi bastante flexible pero non transparente como hoxe en día, onde se forman uns tribunais e se piden unhas titulacións. Os departamentos eran enormemente amplos, acórdome cando empecei

aquí en Moaña que era Departamento de Cultura, Deporte, Ensino, Mocidade e Normalización Lingüística, como se chegase un "supermán". Todo isto foi común e foise coutando por motivos evidentes. Cada unha destas áreas foise profesionalizando; o que non se foi profesionalizando tanto foi a nosa profesión, as batallas que se deron pola profesionalización foron puramente locais, non hai unha característica que diga "nos concellos de menos de 5000 habitantes a cultura xestionouse desta forma e nos de entre 5, 10 ou 15 mil doutra...".

Foi un pouco improvisado, e recollía aínda restos do réxime anterior. De feito, na maioría dos concellos o departamento chamábase "Cultura y Festejos", o cal xa quedaba aí un pouco connotado. En xeral, os concellos de esquerdas foron máis propensos a abrir este tipo de profesión porque o traían no ADN, pero tamén pedían unha afinidade ideolóxica, que o traballo do xestor ou da xestora cultural acompañase un pouco a ideoloxía do partido que dominaba a corporación. Isto deu lugar a situacións moi difíciles, a discriminacións moi notorias incluso de xénero.

En xeral, as políticas que se fixeron foron orientadas á animación sociocultural, a recuperar actividades que foran practicamente inexistentes. Os Departamentos de Cultura dedicáronse a ese tipo de

cuestións máis novas xunto co que falabamos antes. Na maioría dos concellos fundamentalmente era organizar a festa que xa viña do réxime anterior e houbo esa transición política, pero tamén administrativa e profesional; nos anos 95-99 foi mudando por unha cuestión que ás veces non se analiza pero que foi moi importante: a pirámide demográfica. Agora os concellos teñen unha estrutura de pirámide demográfica na que vai primando a xente -moi- maior, mentres no 79 eran os anos da movida, do baby boom. Todo ese cambio social sumado ao remate dunha aceleración enorme que fixo que a Galicia do ano 59, ese grandísimo transvase rural-urbano, tivese relación tamén coa nosa profesión. Había moita actividade xuvenil porque ese era o segmento maioritario, e aí tamén tiveron moito que ver os traballades/as da cultura.

*Nesta liña, dende que perspectiva (socioeducativa, xestión de espectáculos...) debe enfocarse a acción cultural local?*

Se houbera profesión, un acceso regrado, unha inserción na administración pública como ocorre na maioría do resto dos colectivos, poderíase falar de que o posto de traballo levaría aparelado un estatus, unha programación e unha serie de funcións. Mentres tanto —desde logo non hai unha fórmula máxica que o transforme todo en ouro—, creo que non exis-



te tanto a profesión de xestor/a cultural como a propia persoa que vaia desenvolver esa profesión. Polo tanto, creo que hai que estar atentos ao sitio onde estás. Estar atentos, dixeramos, a que non hai circunstancias homologables en todos os sitios de Galicia e ver onde se pode producir acción sociocultural. A acción sociocultural non é solo un clixé ou unha fórmula para aplicar a "plantilla", senón ter a suficiente apertura como para ver en que sitio caíches, non ser un paracaidista que aterraches alí para facer un labor determinado, senón integrarte e a partir dos hábitos, das demandas, das carencias..., empezar a facer un programa, pero con participación social real. Entón, diría que neste tempo de *non profesionalización*, o que interesa é que a/o profesional teña iso mesmo que nos din cos hábitos alimentarios "hai que comer de todo". Pois no tema sociocultural hai que estar atento a todo porque hai unha serie de demandas na sociedade e temos que saber captalas e escoitar, estar no medio da sociedade e a partir de aí facer un programa, se pode ser, con esa comunidade. En definitiva, baixar á realidade.

*Entón, poderíamos dicir que teríamos que actuar atendendo ao contexto no que nos movemos e á realidade da poboación, do noso público obxectivo/suxeito?*

Si, por iso dicía que normalmente imos cun clixé, enfoque ou paradigma e tratas de aplicalo. Pero tes que facer unha serie de equilibrios sempre que os políticos estean de acordo co que vas facer porque ao mellor traes un programa moi rompedor e é un concello moi conservador e din "non, non, aquí dese tipo de cousas..."; falamos da intelixencia adaptativa, porque ti ao final es un profesional nun posto de traballo determinado.

Esta presión política é moi dura xa que eles teñen un mandado de catro anos e aí tes un xefe, dixeramos, que cambia cada catro anos, polo que hai unha adaptación ou non. Neste sentido, tamén é unha profesión difícil porque está sometida a mandato electoral e ás veces a persoa que entra maldita a graza que lle fai o programa que se leva por cuestións ideolóxicas ou por cuestións de que sempre hai unha tendencia. Hai xente que chega aos concellos sabendo que é o concelleiro quen manda e ten clarísimo que vai facer aquelas cousas que mande e os programas anteriores óbvianse. Ademais, ás veces co tema da participación o que se trata é de que o político capte o voto; imos facer un montón de actividades para que asista a xente nova, e que é o que conseguimos con iso durante todo este tempo? Que o que lle chamamos sociedade civil sexa mínima ou inexistente, porque o concello acaba facendo todas as actividades e a xente acostúmase a

ir e sen máis, de maneira grauíta. Cultura asóciase a iso. O feito de que a xente pague dá lugar a que, no primeiro ano non, pero ao mellor en cinco, tes un público teatral ou tes un público cinematográfico, sempre que esa sexa a actividade; hai que tratar de deslindar na medida que se poida, o que é un traballo social, comunitario ou público do que é un traballo de interese. Hai que ter a habilidade de dicir "ben, imos facer esa actividade que para vós é máis política ou electoral pero a ver se somos capaces de coar unha serie de actividades que ao final van render politicamente pero son compatibles e máis interesantes desde o punto de vista da participación social e comunitaria".

*Con respecto á participación social, e tendo en conta que resulta un elemento esencial no desenvolvemento cultural dun territorio. Cal foi, é e será a traxectoria desta dimensión?*

Simplificando moito, creo que a política comeu a participación. Sempre debemos enmarcar a acción que se vai realizar, o sitio onde vas traballar nun contexto histórico, porque esas "plantillas" que traemos de formación non serven igual para Vigo que para Manzaneda. Ao principio, a participación mestrouse moito coa cooptación política. As persoas que destacaban en cada un dos ámbitos, as primeiras corporacións, igual que pasou cos sindicatos que viñan do franquismo..., de repente esas persoas foron políticos locais, co cal abandonas un dos roles e a xente das asociacións veciñais, culturais foron moi cobizadas polos partidos e presentáronse nas listas. Entón ese dobre rol de que es

máis nun momento determinado dirixente veciñal ou dirixente político? Pesou o da dirixencia política. Que pasou con isto? Interpretouse que ser un concello importante e atractivo para a veciñanza era facer actividades porque iso ía redundar no voto, polo tanto houbo unha intensísima —hai— vontade veciñal, asociativa ou cultural pola vía subvención ou pola vía convenios. En xeral, pasou que fomos a pola famosa subvención e como dicían os da CNT na República “*Quien te paga, te roba*”.

Esas asociacións baixaron o pistón —dixeramos— reivindicativo, da función para a que foron creadas e a participación social esvaeceu moito porque tamén forma parte da nosa historia. A autonomía asociativa foi moi pouca porque era

te do que era—, non ten tanto interese en brindarlle a súa capacidade ao poder político, porque unha persoa na súa casa, coa súa capacidade e o seu ordenador, xa pode crear, non necesita a intermediación municipal.

*Que perfil profesional consideras idóneo, se o hai, no ámbito da acción cultural ou que formación debería posuír este perfil profesional.*

Creo que o/a xestor/a cultural, por tratarse dun campo —a cultura— moi amplo e rico, onde está a cuestión comunitaria, asociativa, o tema do idioma, dos medios de comunicación, un montón de cousas que a administración non ten focalizados. A profesión de xestor/a cultural require unha evolución en eterna reconversión, é dicir, pedir a máxi-

as profesións que están ligadas a unha sociedade cambiante, estar atentos a este tipo de cambios, ser flexibles dentro dunha formación regrada que inclúa, evidentemente, a cuestión cultural, educativa, histórica, sociolóxica. Ter esas nocións e despois situarte onde ti —estamos falando en óptimos— te vexas coas túas capacidades, pero sempre estar pendentes do cambio social, educativo, económico...

Hai unha formación que despreciamos ás veces, que é a política, ou a económica, que acaba incidindo no teu sector e que non te teñas que preguntar: se eu contaba con facer aquí unha campaña como é que non teño libros? Pois hai que saber tamén como vai o mundo... saber como adiantarse, non? Na medida que

## *“Tanto se improvisou na profesión como na propia política”*

moi tentador o poder, que viña con subvencións. Ese tipo de colaboración tan íntima entre o asociacionismo e a política deu nunha minoración total do asociacionismo. O que temos que facer agora é promover que cada sector teña as súas funcións: a administración pública, o/a profesional e o asociacionismo participativo. Isto é o óptimo pero logo é moi difícil porque o político quere que fagas un pouco de correa de transmisión, que se dicía antes, e que captas eses públicos ao que despois el se encargará de pedirlle convenientemente o voto.

Con respecto ao futuro, non podemos despegarnos da historia, e vemos que os perfís cambiaron e a xuventude —un grupo moito menos importan-

ma formación regrada —o que non quere dicir que esa profesión coute todo o campo—. Logo, durante a súa traxectoria o/a xestor/a sabe se se ten que especializar dependendo do concello, non sei, en cuestións audiovisuais ou do que sexa. Creo nunha especie de “*workinprogress*” profesional, ir dotándose dos instrumentos a medida que vexas que a sociedade vai cambiando ou que ti podes incidir no cambio, no sentido de que nos parece que a sociedade é unha foto fixa pero hai determinados elementos que ti ao mellor es capaz de interpretar no sentido de que iso ten futuro e ti estás adaptando a túa profesión porque esa experiencia valeuche para ir a un concello maior, a unha universidade, o que sexa. Como case todas

se poida, estar atentos sobre todo e non “apalancarse” aí. É dicir, “pois como xa teño estas actividades anuais, empezamos polo ciclo de teatro, logo vén o nadal, logo o entroido, logo veñen as letras galegas... sota, cabalo, rei”. Isto é o que fai que á sociedade ese tipo de oferta xa non lle parece atractiva, xa é doutro tempo.

*Cales cres que son os principais desafíos aos que se enfrontará na vindeira década a figura profesional da acción cultural?*

Eu diría que estar un pouco pendentes dos cambios... pero para iso tes que estar ti permeable a ese tipo de cousas. Non pode ser que pasemos desa crítica tópica de dicir “todos os políticos son iguais”. É difícil tratar cos polí-



ticos pero tamén o é tratar cun técnico/a de cultura que se cre que é o "amo", e se ademais coincide que é da mesma liña política ca o alcalde, pois a delegación de cultura ou a de acción cultural é case unha comunicación permanente co poder. Esa creo que é unha cousa incluso máis insufrible que o de ter un político malo entre comiñas porque a ese político escolleuno unha serie de xente, a ti non te escolleu máis ca un tribunal e dáste conta de que estás nun posto de traballo "apalancado". Ou sexa, hai que ser flexibles e permeables porque a situación así o require. Estar pendentes dese tipo de cousas que ao mellor nun momento determinado son tendencias, que na túa comunidade hai ese tipo de sociedade que pode canalizar esa tendencia de maneira sa ao grupo e, polo tanto, non tratar de dirixir o grupo nin de cooptalo para dicirlle "mira que a administración local é a que fai toda a actividade". Mellor acompañalo —un pequeno grupinho de teatro— e poñelo en contacto cos grupos de actores, ou coa ESAD, ou fomentar un tipo de actividade comunitaria a par-

tir do teatro. Logo outra tendencia que temos de non ver o presente —xa non o futuro— é esta cuestión de acabar aplicando clichés: vamos facer un museo de barcos, de zocas, de gaitas... para que? Cando ao mellor nin tes capacidade nin sociedade para iso e gastas o diñeiro nunha infraestrutura e esa actividade pódese facer facilmente nun formato audiovisual, e a xente entende como foi a evolución desa sociedade. Un museo nun sitio de dous mil habitantes, ás veces, é unha especie de nicho que se inaugura, custa moito diñeiro mantelo e non ten función social: a "inauguración" é unha enfermidade recorrente na xestión local.

*Con esta visión de futuro, como auguras o que son as políticas culturais de futuro, é dicir, como ves a súa materialización no noso territorio galego en clave socioeducativa?*

Entendo que se irá adaptando, que sobrevivirá pois a propia universidade, que é a que forma técnicos/as, tamén se terá que ir transformando. A profesión de xestor aínda non entrou cunha formación regradada. Non se pode nin mitificar o pasado nin esquecerlo, pero tampouco desprezar tendencias que son o cambio real nas TIC, por exemplo en cuestións como a lectura, os hábitos. Agora as vosas xeracións ven o cinema nun smartphone, non podes estar maldicindo iso. Ao mellor pódese facer un grupinho e explicar o cinema no contexto dunha sociedade anterior, pero non podes desprezar o que hai senón dialogar coa sociedade a que ti te dirixes. Non podes pensar que son do inimigo, terás que tratar de seducir. Estar atentos a todos eses cambios que, á fin, o que está pasando en Esta-

dos Unidos, está pasando en Europa e está pasando aquí con máis ou menos tempo. Tratar de dialogar e de facer un labor eficaz, dende o punto de vista do técnico, non digo como mediador, pero como outro pólo entre a política e a sociedade aínda que así soa a "moralina". Pero é un reto.

Como dicía un amigo meu, non temos dereito a que haxa unhas persoas que sobresaen por riba doutras e estas outras sexan anónimas. Case todo o mundo ten algo que contar e a través dese relato, ben pola potencia comunicativa que ten ou ben polo feito histórico, educativo ou da evolución das sociedades, pode contalas, transmitilas mediante vídeos, fotos e ten cousas coas que se pode facer un centro de documentación local, e iso é moito máis participativo e incita moito máis a xente. Este tipo de actividade, de implicar memoria, historia, sociedade coa programación sociocultural non é orzamentariamente cara, implica a sociedade e significa que lles estas dando valor á comunidade e ás persoas, sen mitificalo.

Posiblemente en Galicia o mundo privado tamén vai ter o seu espazo. Xente que invista en cultura e que necesite de profesionais porque o tempo que as institucións públicas, sobre todo as locais, fixeran todo, tamén cortou unha serie de iniciativas sociais e asociaciónismo que desapareceron, pero outras iniciativas van necendo e outras persoas que teñen amor pola cultura —no sentido amplo— e creo que a iniciativa privada en cultura tamén nos vai dar sorpresas importantes porque nos imos homologando co resto do mundo. ■

# DIEGO VITES

## CABRIA PARA NORMAL

11 MAR. ↔ 10 XUÑ. 2\*22



CURADOR ÁNGEL CALVO ULLOA

Apostadas sobre as rochas, a ambos os lados do istmo que dá acceso á península de Muxía, as dúas derradeiras cabrias que aínda operan nesa localidade son estruturas de varios metros de altura, construídas en madeira de piñeiro, a partir de postes dispostos en vertical e horizontal sobre canzoros, configurando unha andamiaxe que non ofrece oposición ao vento e que pola súa robustez permite pendurar envarados cada ano centos de congros previamente esmonifados e lañados a man para que o nordés e o sol os seque.

Se todo o que rodea o traballo dun secadoiro é altamente suxestivo en grande medida por mor da plasticidade da imaxe dos congros lañados, pola utilería que rodea o traballo e pola coreografía inesperada resultante do colgado das pezas na cabria, este proxecto quere ser un banco de probas que converta a exposición en un terreo aberto a múltiples e mesmo imprevistas posibilidades.

NORMAL  
UDC

ESPAZO DE INTERVENCIÓN CULTURAL  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**NORMAL**

# Promovendo a lingua dende os concellos



Participación do alumnado do IES Félix Muriel de Rianxo no Club de Debate

**David Cobas Medín**

SNL Concello de Rianxo

davidecobas@gmail.com

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 46-48

Este traballo nace coa vontade de mostrar o labor desenvolvido polos servizos de normalización lingüística municipais (SNL) que, a pesar de teren escasa implantación no territorio galego e de careceren de liñas de traballo ben definidas polas institucións que os sustentan, logran levar a cabo proxectos culturais e educativos de calado. Estes débense, en gran medida, á implicación do persoal técnico que dirixe os SNL, así como ao imprescindible apoio das súas responsables políticas.

Agardemos, pois, que o exposto nestas liñas sirva de inspiración para todas aquelas persoas que desexedes participar en proxectos culturais e educativos de diversa índole. Os SNL, no caso de que contedes cun deles no lugar no que queirades intervir educativa ou culturalmente, poden converterse en aliados perfectos para vós, sobre todo desde o punto de vista dos recursos humanos e materiais.

Comezarei o artigo expondo cal é a situación na que se poden atopar os SNL municipais; e si, escribo en plural, porque tanto o estado como o funcionamento destes gabinetes pode diverxer moito, xa que como non adoitan a ser considerados polas institucións como ferramentas indispensables para a gobernanza, é común que os recursos asignados, ou simplemente a atención que reciban por parte da representación política, varíe dun lugar a outro. Despois, irei describindo as posibilidades que teñen os SNL de intervir socio-educativa e culturalmente, polo que porei exemplos de actividades que se están desenvolvendo nesa liña e que se poden tomar como referencia, tendo en conta o éxito de participación ou o nivel de implantación que acadaron algunhas delas. Estou pensando no Proxecto Apego ou no Club de Debate. Debo advertir, xa nesta altura, que considero inherente o feito de traballar en prol da lingua ao de facelo en prol da cultura galega e da educación da cidadanía, polo que todas as accións normalizadoras deben ter sempre presente esta dimensión. Finalmente, e a modo de conclusión, ofrecerei a miña visión particular sobre aqueles aspectos que penso se poden reorientar co fin de optimizar o

traballo de promoción do idioma e da cultura galega, tendo en conta os recursos dos que dispoñen os SNL.

Todo o recollido neste artigo parte da miña experiencia como traballador no eido da normalización lingüística na Administración local. Non pretendo con el trasladar verdades absolutas, senón unicamente a miña percepción sobre o asunto.

### A SITUACIÓN DOS SNL MUNICIPAIS

Os SNL municipais non son departamentos que deban aparecer de xeito obrigatorio nos organigramas das administracións locais. Pouco máis de 50 concellos contan cun servizo dedicado á promoción do noso idioma. Algúns deles, bastantes, son inestables; nin o servizo nin o persoal técnico adscrito a eles goza dunha estabilidade que permita desenvolver accións a longo prazo. A maioría dependen das axudas doutras administracións, as máis cuantiosas son as das deputacións da Coruña e Pontevedra, polo que é nesas provincias onde máis SNL hai. As axudas da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) da Xunta de Galicia son ridículas e non provocan que se creen servizos novos.

Ademais, as funcións dos SNL son bastante xerais e non concretan o modo de desenvolver o traballo por parte do persoal técnico: asesoramento, formación e dinamización lingüística son as principais áreas de traballo establecidas. Dependendo do concello, cada unha delas desenvólvese en maior ou menor medida. O asesoramento lingüístico é o que está máis presente, xa que non precisa apenas investir recursos da propia institución. En canto á formación e á dinami-

zación, xa implican a reserva dun orzamento para poder levarlos a cabo. Algúns concellos con SNL non invisten un euro nestas dúas áreas. Os SNL que contan con recursos para destinar á formación e á dinamización non teñen a obriga de desenvolver un tipo concreto de accións normalizadoras. Deste xeito, atopamos que hai concellos que implementan campañas máis locais e outros que colaboran en campañas intermunicipais, que son as que permiten dispor de máis recursos, polo que gozan dunha maior presenza mediática e participación. Tamén os hai que desenvolven campañas dos dous tipos. Para fomentar a colaboración e crear campañas ambiciosas, 17 concellos galegos fundaron en 2019 a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega (Alingua), grazas ao empeño das técnicas responsables dos SNL.

No caso dun SNL como o de Rianxo, que se creou no ano 2017, organizou tanto formación como campañas de ámbito local e intermunicipais. Mais non é o habitual, sobre todo no caso dun concello tan pequeno. O feito de participar en campañas colaborativas permítelles optimizar os recursos a concellos coma este, ao establecérense os gastos tendo en conta os criterios poboacionais, ao teren unha maior presenza en medios de comunicación, nas redes sociais ou nos foros lingüísticos culturais. O valor de todo isto é incalculable e os beneficios, aínda que difíciles de cuantificar, si que se poden percibir de moitas maneiras. Por exemplo, o nome de Rianxo adoita asociarse fóra do termo municipal ao respecto pola nosa lingua e cultura, o que nos sitúa de xeito destacado no mapa dos



Exemplos de campañas de dinamización lingüística dos SNL locais

destinos culturais máis atractivos de Galiza.

Non obstante, o máis importante é que as campañas de dinamización que levamos a cabo teñen todas unha compoñente de promoción da educación e da cultura de xeito participativo. Aínda que nalgún caso se poden combinar coa cultura espectáculo, en todas elas se procura a participación da poboación, das asociacións culturais, ambientais, empresariais ou tamén doutros axentes que xa debemos considerar como aliados naturais dos SNL: os membros dos Equipos de Dinamización Lingüística dos centros de ensino (EDN), outros departamentos do concello... De seguido, nomearei brevemente, por razóns de espazo, algunhas das campañas que organizamos no Concello de Rianxo, con ou sen a colaboración doutras institucións. Na web do SNL do concello (<https://concelloderianxo.gal/normalizacion>) pódese acceder a información máis detallada sobre estas campañas.



Sinal da Ruta do Apego de Rianxo

## EXEMPLOS DE PROXECTOS DE NL VINCULADOS Á PROMOCIÓN EDUCATIVA E CULTURAL

**Camiñando entre mulleres:** organizada xunto co EDL do IES Félix Muriel, convídase a impartir relatorios a mulleres galegofalantes destacadas nalgún ámbito profesional. O obxectivo é eliminar prexuízos cara ao galego entre a xente moza.

**Cancioneiro Urxente de Rianxo,** editado en colaboración co EDL do CEP Xosé María Brea Segade de Taragoña, serviu para ter documentadas numerosas composicións musicais populares do concello. Do Cancioneiro xurdiu a posibilidade de crear un material de traballo para as aulas de música de todos os centros educativos de Rianxo.

**Proxecto Apego:** programa intermunicipal de dinamización lingüística dirixida a crianzas e ás súas familias. No caso do Concello de Rianxo concrétese coa creación do Espazo Apego, un lugar onde son as familias as que propoñen a formación que precisan para o acompañamento nos primeiros anos de crianza: alimentación saudable, disciplina positiva, primeiros auxilios... En Rianxo, ademais, creouse a primeira *Ruta do Apego*, un percorrido medioambiental sinalizado e interactivo que conta cun repositorio de contidos educativos vinculados co patrimonio natural, musical e lingüístico.

**Club de debate:** Campaña destinada á mocidade onde se aprende a argumentar, a buscar e a contrastar información en lingua galega.

Poderíamos falar de máis proxectos (**Enreguéfate, Youtubeiras, os cursos de**

**acollemento lingüístico**...).

Todos son desde o punto de vista educativo transversais e procuran a participación social. Búscase, a través deles, crear vínculos entre as persoas para que o feito de falar en galego sexa máis a consecuencia que a causa das accións desenvolvidas.

## CONCLUSIÓN E FUTURO

A razón última deste artigo é que debemos, desde o ámbito educativo, cultural e asociativo, procurar darlles visibilidade a este tipo de actividades e, do mesmo xeito, aos servizos de normalización lingüística das entidades locais. Temos que demandarlles ás entidades locais a posibilidade de participar en proxectos como os que acabamos de describir que, como se pode comprobar, gozan dunha alta participación e de boa publicidade. A maioría destes proxectos foron premiados algunha ou varias veces: Premio Rosalía de Castro (Club de debate, Apego), Premio da Cultura Galega (Apego) ou Premio 1000 Primavera (Enreguéfate, Youtubeiras).

Ademais, contando coa participación doutras institucións, do asociacionismo etc., pódense crear novos proxectos para os que, máis que recursos económicos, se precisan grandes doses de vontade, ilusión e esperanza. Se existe a demanda, o traballo en prol da normalización poderá estabilizarse e incluso aumentar e, polo tanto, tamén aquel destinado a promover a difusión cultural e a educación integral da cidadanía. ■





# DOCENTES

por xosé tomás





Rapaz observando polbos na Sala Maremagnum do Aquarium Finisterrae. A Coruña

# Museos, centros cívicos e labor comunitario

## Unha reflexión desde a Educación Social

**Carmen Alonso Casabona**

Desempregada. Anteriormente CCM Os Mallos e rede  
MC2 en A Coruña

carmenac@hotmail.es

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932  
Páx. 50-53

A diversificación no acceso á cultura e o papel da cidadanía fronte aos actuais desafíos socioculturais, tecnoeconómicos e ambientais, manifestan a transcendencia da acción cultural local na mellora e transformación da sociedade nun exercicio compartido entre administracións públicas e cidadanía.

Tras a miña experiencia profesional en dous equipamentos de proximidade municipais —museo e centro cívico— con gran potencialidade como espazos ao servizo da comunidade, coa perspectiva do tempo, observo os múltiples retos aos que continúa enfrontándose a xestión cultural dende a súa concepción como instrumento para acadar o desenvolvemento persoal e comunitario.

Cómpre analizar o papel da cidadanía nestes equipamentos socioculturais, ademais de dous aspectos especialmente salientables segundo puiden comprobar no meu rendemento profesional. Por unha banda, a mera práctica de consumo na que adoita converterse a experiencia de acudir ao museo, e tamén nos centros cívicos, sen participación ou reflexión destacables, feito especialmente significativo na poboación adulta. E pola outra, a existencia de grandes desigualdades no acceso á cultura, disfrazadas, ás veces, como falta de interese ou de aptitudes, sen obviar motivos de índole económica ou o feito de posuír as claves educativas.

Os devanditos servizos deberían vencer esas asimetrías. Primeiro, posibilitando a inclusión de colectivos de todo tipo mediante o establecemento de diversas canles de intermediación —e de información— que poidan ampliar

o seu recoñecemento e, segundo, apostando por diferentes públicos como axentes activos na constitución do significado dos seus contidos e das súas historias.

Neste contexto atópanse as administracións locais ante o desafío e a oportunidade de ofrecer recursos e iniciativas, así como de atallar o feito de que haxa colectivos que son sistematicamente excluídos da participación cultural. Aínda que a función de difusión non é, nin moito menos, suficiente para interactuar coa comunidade, é un paso fundamental de cara á acción socioeducativa municipal.

Nesta liña e dende a miña perspectiva, o museo perfílase como un espazo público que debería artellar estratexias que incorporen sectores da comunidade que por distintos motivos non exercen o seu dereito a coñecer e gozar do que lles pertence. Cómpre fusionar a súa actividade ao social, superando a economía da cultura e facilitando pautas para enriquecer a visita, estimular a incorporación de novos visitantes e promover o achegamento aos contidos co obxectivo de que arraiguen na comunidade.

Precisamos afondar nun crecemento sostible, e sobre todo nun progreso máis integrador e integral no que se articulen procesos que atendan a todos os sectores da poboación na procura do aumento da súa calidade de vida. Deste xeito, as persoas deixarán de ser meros visitantes ou simples usuarios para converterse en axentes activos na constitución do significado dos contidos museísticos, así como de sentirse partícipes no deseño da oferta de actividades socioculturais dos centros cívicos



Rede neural elaborada con neuronas creadas por escolares galegos. Exposición *Xogo de neuronas*. Domus. A Coruña.

municipais. Cabe, pois, reconsiderar o papel do social na cultura, colaborar e traballar co e dende o tecido cidadán no que estas institucións desenvolven o seu labor.

Así mesmo, no actual contexto social tinxido pola inmediatez e a fugacidade, polo individualismo ou o hedonismo, o patrimonio cultural e a súa conservación para o desenvolvemento humano teñen unha posición estratéxica de cara a favorecer a construción dunha corresponsabilidade, consciente e real, sobre o legado cultural, mais tamén sobre a nosa vida en comunidade. Urxe, xa que logo, pararse neste intre para reflexionar sobre como transformar o acceso aos recursos inesgotables do noso patrimonio, así como



Laboratorio aberto da Domus. A Coruña.

para traballar dende unha concepción operativa da cultura no social, nomeadamente dende a súa función recreativa, intelectual e artística.

Conviría tamén reformular a actividade dos centros cívicos e a súa programación sociocultural, pois a premisa da participación cidadá como base na súa xestión dista moito de ser unha realidade e, ao final, convértese en espazos infravalorados e en desuso como base da cohesión e o desenvolvemento comunitario. Actualmente, a quenenza é centrar a súa actividade nos servizos sociais e implementar unha oferta repetitiva e obsoleta, dirixida a un sector moi específico e reducionista da poboación, que é o principal usuario no que a ocio se refire.

O escenario ante o que nos atopamos, no caso de ambas institucións, require arduas tarefas que non deberían concibirse sen equipos multidisciplinares que inclúan profesionais do social, ademais de investigadores, técnicos, docentes e especialistas da acción socioeducativa e creativa.

Bótase de menos, concretamente no eido museístico, a

presenza de figuras como a do educador/a social, cun notable papel á hora de artellar estratexias que permitan relatar e comprender, dende o contexto tanxible das salas de exposicións, os procesos pedagóxicos que subxacen nos departamentos educativos dos museos, sendo así unha ferramenta indispensable para acadar a formación a través da investigación no marco dunha acción cultural local que procure o protagonismo da cidadanía.

Avogamos por entender o museo, por unha banda, como un actor social cunha clara finalidade á hora de establecer interaccións coa comunidade, e pola outra, coa posibilidade de crear vínculos estables coas persoas. É unha mágoa comprobar que hai museos que, promulgando a súa apertura á cidadanía, presentan actividades que resultan ser unicamente transmisoras e lexitimadoras dunha soa voz.

Reivindicamos o cometido do educador/a no museo como facilitador ou mediador ao permitir ás persoas e colectivos tradicionalmente "esquecidos" na actividade

museística, establecer conexións formulándose preguntas, ao abeiro de actividades dialóxicas e dunha aprendizaxe cooperativa e estratéxica que supere a mera contemplación. Mais na práctica o traballo soe quedar reducido á implementación, o que resulta un paradoxo se presupoñemos que a esencia da educación nos museos debería ser a creación de coñecemento e a construción de significados. Para outro artigo queda a relación dos museos coa súa área de influencia...

É nesta construción de significados onde quixera subliñar o significativo papel das institucións educativas máis formais e a necesidade de converxencia cos axentes culturais locais pois que mellor que comezar polos sectores de poboación máis novos para facilitar a adquisición de ferramentas que contribúan a formación dunha sociedade máis crítica, menos manipulable e protagonista na transformación da súa contorna.

Merecen mención especial a necesidade de implementación de programas conxuntos escola-museo como proxecto a medio ou longo prazo, a valoración da transcendencia socioeducativa do que lle achega este segmento da poboación ao museo e viceversa; e o compromiso de docentes activos/as e innovadores/as que interveñan no campo educativo e cultural.

O binomio escola-museo representa un escenario cheo de potencialidades para atallar de raíz as desigualdades no acceso á cultura e favorecer o protagonismo do alumnado na consecución dunha vida máis plena, creadora e autónoma. Xeremos contextos educativos, articulemos estratexias

para que o alumnado exerza o seu dereito a coñecer e gozar da cultura, e tamén aproveitemos o museo e calquera outra proposta —os centros cívicos son unha interesante opción— para superar as limitacións de recursos ou espazo-temporais que se dan nas aulas. Sen dúbida, representa un piar na construción dun quefacer pedagóxico e social da cidade.

As administracións culturais locais deberían facilitar un sistema de comunicación e traballo en rede entre axentes comunitarios que permitan coordinar a relación entre diversas institucións coa arela de animar á

interacción interdisciplinar do traballo colaborativo, e tendo a cultura como centro de referencia para a mellora de vida da comunidade, esquecendo o círculo mediático-publicitario e as miras a curto prazo nas súas políticas.

Para rematar, non é doado superar a escaseza de medios, a falta de innovación, a externalización de servizos. Mais sen deixar de recoñecer estes escollos, hai que seguir traballando nunha concepción sobre a educación no museo aberta, participativa e creativa, lonxe de mimetismos tradicionais, e tender cara a un mode-

lo educativo semellante aos procesos innovadores da comunicación interpersoal. Coa maior celeridade, non podemos permitirmos o desalento e debemos esixir a sensibilidade e os recursos suficientes ás autoridades pertinentes para permitir a creación de puntos de encontro coa comunidade, a satisfacción de necesidades e a cohesión social, entre outras. ■

PUBLICIDADE

# Para que serve o que aprendo?

**Operación Mundo**, o novo proxecto de Anaya para Educación Primaria, propón unhas claves pedagóxicas que sitúan o alumnado no centro da aprendizaxe.

Unha aprendizaxe para a vida.



Comprende,  
respecta  
e transforma  
o teu contorno.

Operación  
mundo

ANAYA

Competencia!

Comprometido

Interdisciplinar

Inclusivo

Metodoloxías  
activas



# I Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global



## Ana Lampón Gude

Coordinadora Galega de ONGD e Solidariedade Internacional de Galicia  
educacion@solidaridadgalicia.org

## María José Caride Delgado

Coordinadora Galega de ONGD e Solidariedade Internacional de Galicia  
sensibilizacion@solidaridadgalicia.org

## Verónica Iglesias Fustes

CEIP Ponte dos Brozos- CCEU  
veronicaiglesias@edu.xunta.gal

## Verónica Dopico Cancela

CPI Plurilingüe Virxe da Cela  
veronicadopico@edu.xunta.gal

## María del Camino Pereiro González

CPI Plurilingüe Virxe da Cela  
camino.pereiro@gmail.com

## Yolanda Castro López

CPI Plurilingüe Virxe da Cela  
yolick2000@gmail.com

Xa o número 58 da Revista Galega de Educación, monográfico sobre Cooperación e desenvolvemento<sup>[1]</sup>, abordou a Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global (en diante EDCG) establecendo a importancia de animar o profesorado e demais axentes sociais na práctica da mesma.

Dende aquel 2014, foron moitas as accións que contribuíron a este obxectivo, pois contamos cunha Estratexia Galega de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, dous proxectos de EDCG na plataforma de innovación educativa Plan Proxecta<sup>[2]</sup>, diversos cursos de formación permanente do profesorado e múltiples entidades que levan as súas propostas ás aulas da man dun profesorado militante e comprometido. Ademais, realizáronse múltiples investigacións sobre a materia, financiadas fundamentalmente por Cooperación Galega e desenvolvidas en colaboración entre entidades do terceiro sector e as universidades galegas, como é o caso da UDC ou a USC.

No marco dunha das investigacións, desenvolvida por Solidariedade Internacional de Galicia e o Grupo de Investigación ECIGAL, unha das necesidades detectadas foi a demanda por parte do profesorado de que o seu traballo neste eido fose recoñecido, polo que investigacións posteriores enfocáronse en dar resposta a esta inqueda. Para iso, desenvolveuse un proceso de consulta participativo e multidisciplinar que deu lugar á creación do *Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global*, atendendo a dúas finalidades: recoñecer o esforzo realizado polo profesorado para poñer en práctica a EDCG nas aulas, e promover a integración da EDCG na educación regrada

A partir de aí, este Premio é cedido á Coordinadora Galega de ONGD, que o asume como entidade aglutinadora das organizacións galegas de cooperación, procedendo á súa 1ª convocatoria o pasado 2020 e á cal se presentaron 19 experiencias<sup>[3]</sup>, 7 na Categoría A. Educación Infantil e Primaria e 12 na Catego-

[1] <http://ir.gl/1e866a>

[2] <http://ir.gl/dfd63>

[3] <http://ir.gl/2f1a0b>



Entrega do premio no CEIP Ponte dos Brozos

ría B. ESO, Bacharelato, FP, Ensinanzas de Réxime Especial e Artísticas, resultando gañadoras as seguintes:

#### CATEGORÍA A: APRENDENDO A CONVIVIR DO CEIP PONTE DOS BROZOS

O contexto da experiencia encádrase neste centro de Arteixo, que conta cunha matrícula de máis de mil alumnos/as e un claustro de 85 docentes, que dende 2014 forma parte da Rede de Escolas Asociadas da Unesco, polo que o modelo educativo ten a educación para a cidadanía global como eixe principal.

O obxectivo da experiencia foi fomentar no alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria o espírito crítico e unha actitude proactiva para acadar un mundo máis xusto, inclusivo e tolerante.

O conxunto de accións que configuran o proxecto poden visualizarse no blog <http://convivenciapdb.blogspot.com/> e abranguen:

– Accións polo clima: o noso proxecto insignia é “Desplastificate”, proxecto xurdido da RedPEA que pretende a redución de plásticos dun só uso e a súa correcta reciclaxe e reutilización.

Sumámonos ao colectivo “Teachers for Future” e ao programa “Recreos Residuos Cero”. Ademais, a nosa inquedanza polo coidado do medio ambiente levounos a participar en proxectos como “Mobilízate polo selva” (do Instituto Jane Goodall), Terracycle (reciclaxe de instrumentos de escritura) ou Pilabot (reciclaxe de pilas).

– Accións solidarias: participando nos últimos cursos na iniciativa “Marcapáxinas solidarios” organizado por Save the Children e colaborando co Proxecto Sementes do Amanha (recollendo paraugas e botas de auga para Mozambique).

– Accións pola igualdade de xénero. Sobresaen neste bloque dous proxectos que foron premiados e que ían dirixidos a romper estereotipos sexis-

tas en diferentes contextos. O primeiro é o proxecto galaradoado co 2º premio no “Certame pola igualdade Carmen López-Cortón” da CCEU, titulado “Creando igualdade”. Supuxo unha análise e detección de estereotipos sexistas nos contos, nas películas infantís e na publicidade. Por outra banda obtivemos o 3º premio no concurso “Wisibilízalas”, organizado pola Universidade Pompeu Fabra, co traballo “Mulleres da Ponte”, proxecto que nos permitiu achegar ao alumnado distintas mulleres da nosa contorna dedicadas a profesións STEM.

– Accións pola Paz. Destacamos en primeiro lugar o Equipo de Mediación formado por alumnado de 5º e 6º de EP e as actividades que nos unen a outras realidades coma “Compartindo o noso tempo” (encontros cos usuarios da residencia da terceira idade do Concello) ou “Emocións Voadoras” (envío de cartas a nenos/as enfermos/as de cancro). Colaboracións co Concello para organizar a “Semana Intercultural” e con Amnistía



Entrega do premio no CPIP Virxe da Cela

Internacional (participando en actividades como "Símbolos de Paz" ou "Regala as túas palabras").

Destacar que todas as actividades que se propoñen pasan pola CCP, onde recolleemos novas opinións e matizamos algúns aspectos, principalmente organizativos, xa que as características do noso centro (gran número de alumnado e distribución en tres edificios distintos) fan que algunhas actividades, que a priori parecen sinxelas, impliquen unha gran mobilización de profesorado, de espazos e de tempos.

A metodoloxía da experiencia combina diferentes estratexias e formas de execución, sempre flexibles para que cada aula poida adaptalas ás súas necesidades e encaixalas na programación.

Por outra banda, a autoavaliación é clave para ir mellorando as propostas e adaptándoas ás necesidades da comunidade educativa e ás dinámicas do centro. Para iso facemos postas en común nas que analizamos a organización e

a participación dos distintos axentes para perfeccionar propostas futuras. Ao final de curso a coordinadora do Equipo de Convivencia redacta unha memoria coas posibles propostas de mellora que é revisada e aprobada primeiro polo Equipo de Convivencia e despois polo Equipo Directivo. Posteriormente pasa a ser informada ao Claustro e ao Consello Escolar.

#### **CATEGORÍA B: MONFEROSOLIDARIO, ABRINDO A ESCOLA CARA Á TRANSFORMACIÓN SOCIAL DESDE A EPDCG DO CPI PLURILINGÜE VIRXE DA CELA**

O proxecto xurdiu no curso 2008-2009 como unha necesidade, tomando como punto de partida o noso emprazamento na zona rural, os departamentos de Relixión e de Valores Éticos unimos esforzos para activar e dinamizar a contorna, ofrecendo na propia escola un escenario para a cohesión entre a mocidade e un espazo para o exercicio da participación, a democracia e a cidadanía. Pasou máis dunha

década e ser galardoados con este premio supón unha reafirmación na nosa idea inicial: é posible abrir a escola cara á transformación social.

Neste tempo o proxecto medrou e fortaleceuse, abarcando todos os niveis educativos (EI, EP e ESO) e constituíndo un auténtico sinal de identidade do noso Proxecto Educativo de Centro, evolucionando e adaptándonos aos cambios sociais, especialmente notables neste último ano.

Todo isto foi posible grazas ás sinerxías creadas dentro e fóra do centro e ao espírito de colaboración no que se basea o proxecto. Dentro das do propio centro destacamos as establecidas entre Monferosolidario, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, a Biblioteca, o Departamento de Orientación e a colaboración da ANPA. A nivel externo, institucións públicas e privadas enchen de vida o centro: servizos sociais dos concellos, ONGD, etc.

É un laboratorio de alquimia onde se mesturan diferen-




tes elementos para acadar a transformación social, baseándonos no trinomio sensibilización-acción-reflexión. Non existe un produto final en si, senón máis ben unha filosofía de traballo que entrelaza pensamento e aprendizaxe nunha viaxe colectiva nos valores dun desenvolvemento global xusto e sustentable, quedando as numerosas e diversas accións e actividades recollidas no noso caderno de bitácora, o blog <https://cpivirxedacelaso-lidario.blogspot.com/>.

O sistema de traballo é multidimensional e interdisciplinar, aberto, flexible, innovador, capaz de asumir novas realidades, empregando diferentes estratexias para garantir oportunidades de desenvolvemento e aprendizaxe a todo o noso alumnado: metodoloxía activa, participativa, experimental, significativa, funcional e lúdica, acorde cos intereses do alumnado; apostando pola aprendizaxe-servizo baseada en proxectos multinivel; potenciando a autonomía do alumnado e o liderado xuvenil; dándolle vida ao currículo para que sexa inclusivo

e compensador. Os contidos transversais cobran valor e entrelázanse na xeneralidade das materias para garantir unha formación integral.

Hoxe atopámonos aquí grazas ao esforzo colectivo dunha comunidade educativa que cre nun mundo mellor, capaz de crear unha sociedade máis xusta e asentada nun desenvolvemento sustentable. Falamos do compromiso dunha escola rural diferenciada na súa realidade, nos seus espazos, nos seus tempos e nos seus recursos. O día a día proporciona novos retos aos que enfrontarnos e aos que debemos ser quen de atender. De aquí nace a nosa maior conquista: continuamos coa mesma motivación do primeiro día cando sentamos a reflexionar sobre a escola que necesitabamos e queriamos. ■



## I PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Imagotipo do Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global.

PUBLICIDADE



# SOMOSXOGO.GAL

2ª edición

**CONCURSO "XOGA EN GALEGO":** certame de creación de xogos de mesa en galego para público infantil e familiar.

**QUEN PODE PARTICIPAR?:** calquera persoa ou colectivo. Establécense dúas categorías:

1. Individual ou grupo informal. | 2. Grupo formal (escolas, asociacións...).

**ATA CANDO?:** ata as 23h59 do 20 de maio.

**COMO?:** enviando os arquivos do xogo e as regras, a memoria explicativa, as autorizacións pertinentes, 2 fotos do xogo ao correo [info@xandobela.info](mailto:info@xandobela.info).

**COMO TEÑEN QUE SER OS XOGOS?:** a temática é libre, para todas idades, orixinais e nun formato que permita ser impreso de xeito doméstico.

**HAI PREMIO?:** si. Un premio por cada categoría.

1. Individual ou grupo informal: premio de 100 € para adquirir xogos.  
2. Grupo formal: premio de 100 € + sesión de "Eira xandobeira".

Todos os xogos que concorran ao concurso publicaranse na web do proxecto para o libre uso e goce. Así, dispórase dun repositorio de xogos descargables e imprimibles en galego para seren xogados por calquera persoa.

**CONSULTA AS BASES NA WEB!**



# Participación e Educación Social



Eva López Soto

Servizos Sociais Comunitarios - Concello de Teo  
evalopez@teo.gal

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 58-61

Conceptos e procesos como a educación popular, o desenvolvemento comunitario ou a animación sociocultural poñen o acento dos seus obxectivos e metodoloxías na **participación** dos colectivos, grupos ou persoas que interveñen nas súas prácticas, para promover o cambio e a transformación social co fin último de mellorar o benestar e a calidade de vida das comunidades. A participación social é, ou debería ser, unha ferramenta imprescindible para un bo goberno. No prólogo á edición galega do libro *Cando os nenos din basta*, Tonucci convida os gobernantes a que escoiten directamente as nenas e os nenos: “a atención interesada, curiosa e humilde será un importante exercicio de democracia para os gobernantes e constituirá unha continua contribución de ideas frescas, orixinais e innovadoras que as persoas adultas deberán saber transformar en política, na súa nova política” (Tonucci, 2016, p. 12).

Movements como o de *Cidades educadoras*, xurdido nos anos 70 do século pasado, tentan levar á práctica das administracións locais a posta en marcha de procesos educativos de participación da infancia e a adolescencia, estimulando e alimentando teórica e metodoloxicamente o compromiso dos gobernos locais para que todos os espazos do concello sexan educativos. Segundo Caballo (1997, p. 125), o enfoque do *sistema formativo integrado* incorpora un novo elemento no discurso de cidade educadora ao considerar “o neno como indicador social”. Non se trata de “dar cousas” ao neno desde a institución escolar ou a comunidade, senón de asumilo como parte da comunidade local na que se insire, ofrecéndolle posibilidades reais de participar na súa construción. Esta consideración da infancia como suxeito de dereitos e non como mero receptor, ten a súa máxima expresión na *Convención dos Dereitos da infancia* do ano 1989. Tonucci é un dos autores que máis ten reivindicado que as administracións locais “escoiten” a infancia, dando visibilidade aos beneficios que isto implica para construír hábitats máis sostibles e felices.

Coincidimos con Adela Cortina en que a ser cidadáns apréndese, e apostamos por unha cidadanía socializada nos valo-

res de solidariedade e xustiza. Na aprendizaxe da cidadanía faise tamén importante o respecto á diversidade nas diferentes esferas da vida pública, e por iso a inclusión convértese noutra premisa fundamental para non deixar ninguén atrás e lograr espazos de convivencia acolledores e sans.

O programa *Cidades Amigas da Infancia* de UNICEF reflicte un marco ético e metodolóxico coherente co descrito anteriormente. Nas súas bases recóllese o necesario compromiso das políticas municipais cos seguintes principios: o traballo en rede e a cooperación público-privada; a participación e audiencia das nenas, nenos e adolescentes para que as súas propostas sexan tidas en conta na toma de decisións nas políticas públicas; a equidade en perspectiva de xénero, inclusión e cohesión social, para non deixar a ninguén atrás; e o enfoque da Axenda 2030 como folia de ruta para traballar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nas súas dimensións social, económica e medioambiental.

## NACEMENTO DO PROXECTO

En setembro do ano 2017 comezaron a tecerse os fíos do proxecto *Cidades Amigas da Infancia* no concello de Teo, da man de UNICEF- Comité de Galicia. Por diante estaba o reto de conseguir para Teo o selo de *Cidade Amiga da Infancia* como recoñecemento de que a política municipal adoptaba un enfoque garantista dos dereitos da infancia, tendo como un instrumento básico a participación infantil e adolescente. Non había ningunha experiencia previa, agás o proxecto de participación cidadá que se estaba im-

pulsando con forza neses anos a través dos consellos parroquiais ou da realización de votacións *on line* para decidir cuestións que afectaban ao conxunto da cidadanía<sup>[1]</sup>.

A guía<sup>[2]</sup> que UNICEF ofrece para facilitar o proceso de adhesión recolle os requisitos básicos para obter o recoñecemento de *Cidade Amiga da Infancia*: activar un órgano de participación infantil e elaborar tres documentos básicos de planificación (unha memoria de recursos e actividades municipais dirixidas á infancia e mocidade, un diagnóstico sobre a situación da infancia e a adolescencia no municipio, e a elaboración dun plan integral de infancia e adolescencia). A metodoloxía para elaborar estes documentos debe ser participativa, contando con prazos moi curtos. A primeira decisión foi crear un grupo impulsor do proxecto conformado por catro persoas: o concelleiro de benestar, a educadora social dos servizos sociais municipais, outro concelleiro interesado no proxecto e un técnico de MAOS, entidade contratada para o arduo traballo de dinamización que se avexiñaba. Outra decisión importante foi delimitar as idades e cursos do grupo diana de nenas, nenos e adolescentes (en adiante NNA<sup>[3]</sup>) co que se ía traballar, así como o rol que debían desempeñar os centros educativos e os contidos e colectivos aos que se ía dirixir a formación inicial en dereitos da infancia.

O inicio dos procesos participativos nos centros educativos antes do remate de 2017

[1] Ver [Participación Cidadá Concello de Teo](#).

[2] [Bases-CAI 2017-2018 esp web-1.pdf](#) (ciudadesamigas.org)

[3] Siglas que utiliza UNICEF para referirse ao colectivo de Nenas, Nenos e Adolescentes.



permitted constituír o primeiro *Foro de participación infantil e adolescente de Teo* (FoPIA) en xaneiro de 2018 e o primeiro *Consello Local de infancia e adolescencia* (CLIA) en febreiro do mesmo ano. O regulamento de ambos órganos establece que estarán formados por un máximo de 26 representantes da infancia e a adolescencia e que o número de representantes adultos non pode superar a representación infantil. As primeiras propostas realizadas polo *Consello Local* tiñan que ver coa seguridade infantil (construción de beirarrúas, mellora ou implantación de iluminación en varios puntos do concello, inclusión na rede de transporte público de máis paradas, implantación do carril bici nas zonas máis urbanas, creación de medidas para controlar a velocidade á que circulan os turismos). Desta primeira convocatoria do *Consello Local*



## 20 DE NOVIEMBRE

### Día Internacional dos Dereitos do Neno e Nena

Dereito á saúde e a un medio ambiente saudable  
 Todas as nenas e nenos, independentemente do país onde residan, e sen discriminación por razón de sexo, relixión, etc. deben ter garantida a asistencia médica gratuita e de calidade, e teñen dereito a desenvolverse e medrar sentíndose ben, física e mentalmente, nun entorno seguro e libre de contaminación, polo que debemos protexelo e coidalo.  
 [ Definición elaborada pola rapazada do FoPIA de Teo ]



xorde a idea de realizar unha Campaña de Seguridade Vial dirixida á poboación de Teo e realizada polos propios NNA, iniciativa que centralizou a actividade do FoPIA no curso escolar 2017/2018. Unha representante das familias no FoPIA chegou a afirmar que “as NNA representantes están dando unha lección de respecto pola mobilidade ás persoas adultas, que son as que incumpren as normas”. Como se pode apreciar, escoitar máis as NNA tamén educa as persoas adultas.

En paralelo fóronse creando outras estruturas participativas que tiveron un rol moi relevante na realización dun proceso participativo para elaborar o *Diagnóstico de necesidades da infancia e adolescencia* e do *Plan Integral de infancia e adolescencia*. Estas estruturas foron a *Comisión de Coordinación Interna*, formada por representantes políticos e técnicos das concellerías

relacionadas con infancia, e a *Comisión de Coordinación Externa -a mesa comunitaria-*, formada por representantes políticos, representantes das familias e profesionais dos ámbitos da educación, a saúde e os corpos de seguridade do Estado.

### EDUCACIÓN CÍVICA OU EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA

Nos seguintes cursos traballáronse diferentes dereitos que as NNA foron elixindo, á par que se desenvolvían outras actividades propostas por UNICEF. Pódese destacar a elaboración dun cartel con propostas para as eleccións locais de 2019, a elaboración do vídeo *Paisaxe de familias*, sobre a relación da dieta co cambio climático; o *TeleTeo* sobre acoso escolar, ou a obra de teatro *Gotas de vida*, en colaboración coa compañía teatral Chévere, sobre as diferencias na garantía do dereito á saúde na infancia nos países do Norte e do Sur. Todas as actividades parten dunha primeira sesión informativa e formativa sobre o dereito que se vai traballar, abrindo despois un debate que xere un estado de opinión sobre a situación dese dereito e os seus límites, buscando xerar un consenso básico para despois analizar o estado do cumprimento do dereito a nivel local. Finalmente, búscase xerar unha proposta para que se concrete a nivel político ou mesmo desde o propio grupo. Estes espazos de comunicación serven para traballar múltiples capacidades (Ferrer, 2005): de relacionarse en igualdade, con respecto e tolerancia ante as diferencias; de diálogo e negociación para chegar a consensos; de transformar os pensamentos en accións de

transformación; etc. O manexo do grupo pode chegar a ser difícil cando existen liderados moi fortes, polo que as habilidades no manexo de dinámica grupal por parte dos profesionais cobran especial relevancia para que emerxa a voz das persoas ás que máis lles custa e das máis vulnerables, e para lograr un reparto equilibrado dos compromisos e responsabilidades que se adquiren. Como di Maestre (2008), non hai ningunha dúbida de que a participar se aprende, especialmente, coa práctica. De feito, os procesos de participación posibilitan unha aprendizaxe importante en aspectos dun enorme valor educativo como a toma de decisións, a asunción de responsabilidades, a capacidade de reflexión, os coñecementos organizativos e de xestión etc.<sup>[4]</sup>

### ALIANZAS

Unha das alianzas máis importantes é a que se establece coas familias. Só desde unha relación de proximidade e confianza se pode favorecer a permanencia e implicación das NNA no programa. Ademais, para que as voces da infancia e a adolescencia cheguen a toda a cidadanía, cómpre involucrar todas as instancias do concello que se poida. Por esta razón, téñense establecido colaboracións con outros programas municipais, como o *Vives Emprega* da Fundación contra el Hambre, co arquitecto municipal para o deseño do *programa de camiños escolares*, co Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade, do que é socio o concello de Teo, ou coa compañía de teatro Chévere. Ademais, UNICEF facilita as relacións con outras Cida-

[4] En *El acento educativo en la A de ASC - RES. Revista de Educación Social* RES. Revista de Educación Social (eduso.net)

des Amigas da Infancia a nivel galego e estatal, dando a oportunidade á rapazada de participar máis alá do eido local, asistindo a eventos como as Xornadas de Cidades Amigas da Infancia, a Encontros estatais de Consellos de participación infantil, etc.

No último ano destaca a colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela a través do grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA), co proxecto ConLecerTeo, que pretende analizar como se organizan os tempos de vida cotiá da infancia e como impactan nos problemas de conciliación horaria das familias. Trátase dun proxecto no que a rapazada se involucra nun proceso de investigación-acción recibindo, primeiro, unha formación inicial en temas relacionados co dereito ao ocio e participando despois activamente no deseño e posta en práctica de todas as fases da investigación.


## OPORTUNIDADES DE FUTURO

As NNA antes das eleccións municipais do ano 2019 dicían: “Cremos que as rapazas e rapaces máis pequenas/os (menores de 6º EP) non están representados no FoPIA e, ao mellor, teñen intereses distintos aos nosos que sería bo coñecer. Tras as eleccións, goberne quen goberne, pedimos que o CLIA e o FoPIA sigan existindo. Non só os políticos deben saber a nosa opinión, queremos que toda a poboación de Teo a coñeza. Cando pedimos desde o CLIA un obradoiro ou unha charla, que non sexan as persoas adultas quen as leven a cabo. As NNA tamén podemos formarnos e facelas nós, expresando a nosa opinión e contando a

nosa experiencia. Non queremos que as ideas que propoñen as persoas adultas sexan mellor consideradas que as das crianzas”.

Por iso, “é importante que as administracións locais nun contexto xeral de erosión dos sistemas de benestar social e dos dereitos individuais e colectivos a eles asociados” (Candedo, 2013, p.11) sitúen os procesos de participación no centro das políticas públicas, “deixando de buscar solucións á marxe da infancia, pensando en e para eles, para dar paso a pensar con elas e con eles” (Novella, 2020, p. 54). Unha boa nova, neste senso, é a recente aprobación da Orde Ministerial, de 22 de setembro, que crea o *Consello Estatal de Participación da infancia e da adolescencia*. Pode ser unha oportunidade para que os Consellos locais poidan facer viables propostas que sexan de competencia estatal. É de lamentar, pola contra, a inacción do goberno galego ao non por en marcha o *Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente*, unha demanda reiterada polos Consellos locais desde hai catro anos, cada vez que acoden á celebración do Día Internacional da Infancia no Parlamento de Galicia, e que foi aprobada por unanimidade no Parlamento Galego hai tres anos grazas a unha moción presentada polo grupo parlamentar EnMarea<sup>[5]</sup>. ■

[5] Maquetación 1 (parlamentodegalicia.es)



**AS IMPRESCINDIBLES**  
As propostas dos consellos de participación infantil e adolescente aos grupos políticos  
eleccións municipais 2019

Nome do consello: Foro de participación infantil e adolescente de Teo

**Débase mellorar:**

A participación infantil: a representación de menores de 6º de educación primaria porque teñen intereses distintos aos nosos que sería bo coñecer, a difusión de actividades do FoPIA e o CLIA a toda a poboación, e que as nosas ideas teñan a mesma consideración e valor que as das persoas adultas.

- Tempo libre e ocio das nenas, nenos e adolescentes
- Atención sanitaria das nenas, nenos e adolescentes
- Autonomía das NNA, o medio ambiente e a mobilidade no concello
- Atención educativa de nenas e nenos con discapacidade e das súas familias.
- Nova educación
- Transporte público

**As nosas propostas:**

Pedimos que tras as eleccións, goberne quen goberne, o CLIA e o FoPIA sigan existindo.

Creación de espazos para a mocidade en teo mellora dos existentes, adaptándose ás nosas necesidades (con xogos de pin-pon, fútbol, wii, ordenadores, video, tablet, etc.)


Centros de saúde reparados e achegados á poboación, e cos mestrados de especialidades médicas

Cartil-bus como forma alternativa de transporte respectuosa co medio ambiente, e para incrementar a nosa autonomía nos traballos e actividades

Servizos e axudas para as nenas e nenos con discapacidade física ou mental e para as súas familias en todos os centros de ensino.

Apoiar e promover iniciativas de formación do profesorado no municipio, sobre todo, no ámbito das habilidades sociais e a resolución de conflitos.

Mellora nos horarios de transporte público, incrementando a súa frecuencia e puntualidade.



## REFERENCIAS

- CABALLO, B. (1997). Os modelos organizativos da administración local no horizonte da cidade educadora: realidades e perspectivas no contexto español. Tese de doutoramento, USC.
- CANDEDO, M. (coord.) (2013): *A educación: dereito ou mercadoría?* Laiovento.
- CORTINA, A. (2009): *Ciudadanos del mundo: Hacia una teoría de la ciudadanía*. Alianza Editorial. 3ª edición.
- FERRER, G. (2005): “La participación en el mundo de los adolescentes”, en *La participación en el mundo de los adolescentes* - RES. Revista de Educación Social/RES. Revista de Educación Social (eduso.net)
- NOVELLA CÁMARA, A. Mª e SABARIEGO PUIG, M. (eds.) (2020). *Infancia y participación. Por una ciudadanía activa e inclusiva. Informe de Resultados*. <https://doi.org/10.6084/m9.figshare.13296335.v5>
- Regulamento do Consello Local da infancia a adolescencia de Teo, en Aprob. definitiva Regul. consello local da infancia e adolescencia.pdf (teo.gal)
- TONUCCI, F. (2020): *Cando os nenos din basta*. KalandraKa. 1ª edición.

# Sociocultura e rural na realidade de Rois



Visita didáctica ao taller de Camilo Seira dos/as participantes no Diververán 2021. Fonte: Concello de Rois.

**Anayansi Singh Expósito**

Concello de Rois

anayansi.singh@gmail.com

A promoción e dinamización sociocultural no rural galego experimentou nos últimos anos un notable desenvolvemento, sendo Rois un claro exemplo. Neste artigo iremos desentrañando as claves desta panorámica baixo o prisma dunha pedagoga social.

A figura técnica de cultura constitúese en Rois a comezos do 2000, a través dun plan da Xunta de Galicia para incorporar ao mercado laboral as persoas que acababan de titularse. Así foi como comezou a miña andaina por estas terras, suplindo outra profesional que xa consumira o seu tempo de contratación. Na actualidade, a praza que ocupo está supeditada ás axudas da Deputación da Coruña para persoal técnico de cultura, como acontece en moitas dos municipios galegos. Atopamos persoal con variedade de denominacións do seu posto de traballo (técnicos de xestión cultural, animadores socioculturais, técnicos de cultura...) e con perfís profesionais moitos deles do eido da animación sociocultural, pero tamén doutros ramos como a historia, filosofía ou filoloxía.

As áreas de traballo para as que se creou esta praza foron dúas: cultura e biblioteca. Os inicios laborais supuxeron un traballo moi centrado na animación sociocultural, mediante a xestión da biblioteca e a dinamización do servizo para achegalo e facelo propio da veciñanza. Deste enfoque xurdiu por exemplo o *Caixón Viaxeiro*, programa de animación á lectura que levaba nas fins de semana a maxia dos libros polos equipamentos públicos das parroquias, a través das asociacións veciñais (xa que a auga non vai ao muíño, vaia o muíño á auga). Esta foi a mellor ferramenta para coñecer a realidade de Rois, as parroquias, os equipamentos existentes e, sobre todo, as veciñas e veciños que gustosamente se achegaban a esta experiencia nova e orixinal. E con isto decatámonos do primeiro dos eixes fundamentais para o noso labor: a descentralización da acción sociocultural, sobre todo nun concello cun índice de dispersión tan grande. Este programa deu lugar a outros moitos, dos que exercía tanto de animadora como de monitora xunto ao meu compañeiro técnico deportivo, dada a inexistencia daquela

doutros recursos humanos na área.

En Rois contamos con entidades de baile e música tradicional, culturais, veciñais, de mulleres, coas que compartimos un mesmo sentir: favorecer e mellorar a participación das persoas na vida sociocomunitaria, respondendo ás súas necesidades e inquedanzas. Velaquí entón o segundo eixe que é preciso ter presente: aínda que algunhas veces as relacións entre asociacións e administración contan co medo a manipulacións, desconfianza, falta de cooperación ou incluso dependencia do subvencionismo, a experiencia amosa que o noso camiño na acción sociocultural debe partir da participación veciñal e social organizada.

Rois ten unha riqueza histórica de agrupacións musicais de referencia na comarca e fóra dela. Animo as persoas interesadas a consultar a publicación "*Foliada en Rois... Terriña a nosa!*" que retrata esta realidade. Hoxe en día, agrupacións como *Xoldra* e *Alboroque* son exemplos de grupos que aínda que non se dediquen profesionalmente á música tradicional, si loitan por dinamizar eses espazos de reunión social e festiva como son os encontros en tabernas, verbenas, foliadas ou alboradas. Neste senso, o *Obradoiro de cultura tradicional Chorima* nace co fin de ensinar e divulgar o rico patrimonio inmaterial. Desde hai uns anos, son un grupo de mozas as que lideran a asociación e buscan un traballo máis aló das clases de música e baile tradicional. Exemplo disto é o festival *Naturfest*, con poucos anos de traxectoria, que nace da fusión de programas musicais que levabamos a cabo paralelamente desde *Chorima*



A Cultura Dispersa no Viacrucis de Sorribas

e o Concello e que non chegabán a agomar. Ten por finalidade poñer en valor as tradicións culturais e a contorna natural de Rois, desde diferentes accións: *trail* e andaina polo territorio, música tradicional (coa participación de grupos de fóra de Galicia), festival nocturno con agrupacións profesionais, xogos populares, obradoiro de artes escénicas... Un inesgotable conxunto de actividades nunha única xornada que converte Rois nun referente, dinamizada activamente pola asociación.

Por outra banda, a música tradicional tamén labra o seu espazo en entidades doutra índole, como son as asociacións de mulleres (como curiosidade, en Rois nace a primeira a nivel estatal, *As mulleres rurais de Urdilde*). Neste caso, son tres asociacións que contan con cadanseu grupo de pandeireteiras, todas elas mulleres de máis de 50 anos con vontade de aprender a música de raíz, traballando a memoria e atopando un lugar de encontro e intercambio social. É desde a área municipal de servizos sociais e emprego de onde abrolla esta iniciativa,

coordinada coas asociacións responsables de darlle vida. É desde as áreas de cultura e normalización lingüística desde onde lles damos visibilidade a estas formacións. Porque a cultura é compartir, crear espazos de conexión e enriquecemento, de interacción social, únicos, irrepitibles e significativos para as persoas que o conforman.

Das experiencias citadas, infírese o terceiro eixe que sostén o noso traballo: a necesidade dun traballo interdepartamental municipal. É preciso que o persoal técnico municipal atope espazos de encontro e de creación de accións desde diferentes perspectivas técnicas da cultura co deporte, a normalización lingüística, o emprego ou os servizos sociais. Nas accións socioculturais de Rois, a lingua galega e a igualdade de xénero contan cun coidado transversal que temos patente en todo o noso labor.

A *Serna*, primeira asociación cultural de Rois conformada por mulleres de diferentes lugares do municipio, puxo en marcha moitas iniciativas, como o primeiro grupo de



Talleres de artesanía na feira de S. Isidro. Fonte: Concello de Rois.

teatro afeccionado. Ao comezo do meu traballo en Rois, A *Serna* continuaba coa recuperación da cerimonia do Lume-pán na noite do 30 de abril, coa colaboración do concello. Na actualidade, a asociación xa non existe, pero si a súa pegada nas artes escénicas, xa que o grupo municipal de teatro *Vacalouras* está dirixido por María Ordóñez, actriz profesional e veciña de Rois, que comezou a súa traxectoria artística nesta asociación cando era unha nena. E aquí vén un cuarto eixe: a dinamización dos axentes culturais para accións formativas, como é o caso do citado grupo de teatro, as clases de arte co noso recoñecido escultor Camilo Seira, ou a participación de artesáns e artesás roisenses e de oficios tradicionais (cestería, cantaría, forxa...) en accións formativas e de divulgación.

No 2008 inaugúrase o edificio multiúsos, que centraliza no seu interior os diferentes equipamentos culturais; entre outros, a biblioteca muni-

cipal, a aula de informática e, como novidade, o auditorio municipal. Neste momento, o deseño da programación cultural dá un xiro, concentrándose no equipamento ao que lle hai que dar vida. Con isto non deixamos de realizar outras accións, e así se reflectiu coa chegada da Covid19 e a *Cultura dispersa*. A pandemia fixo tremar os cimentos da programación cultural, obrigando a buscar novos enfoques, lonxe de adurmiñala. A Covid19 fulminou a vontade das persoas responsables das festas parroquiais, que con medo e responsabilidade, non eran quen de poñer algo en marcha. A *Cultura dispersa* descentralizou a acción cultural municipal en dous sentidos: nos lugares de programación e na propia proposta de programación. Como modelo participativo, entes das doce parroquias (asociacións culturais ou comisións de festas) seleccionaron un evento para cadansúa festa. Fixeron así propia a programación municipal, tendo

como resultado un programa moi variado e distante ao realizado ata o momento. A *Cultura dispersa* foi en ocasións o único evento parroquial para as festas, pero noutros fusionouse coa programación existente, como o programa "Música na aldea", que levou eventos de rúa a novas localizacións ata agora impensables (a eira dos hórreos da Casa do Porto, a fonte dos Dices ou o hórreo da señora Fina de Contimunde) con artistas galegas e axentes locais de diferentes estilos e xéneros.

Non podemos esquecer outras figuras de vital importancia no noso quefacer como son as Anpas e os centros educativos, piares fundamentais cos que traballar man a man en numerosas accións que abranguen toda a comunidade escolar, desde actividades de carácter didáctico, concursos e certames literarios, ata xornadas formativas para docentes e programacións culturais participativas.

A natureza é a fonte inesgotable de posibilidades novas, polo que desde o Concello tamén poñemos en valor outro eixe: recoñecer a riqueza do patrimonio natural e cultural de Rois. É importante dar un paso máis aló da conservación e recuperación do patrimonio e falar da innovación cultural ou o servizo de creatividade social, como acontece nos campos de traballo internacionais de carácter arqueolóxico, os obradoiros de emprego de divulgación do noso patrimonio ou a recente ruta de Fondóns, inspirada na nosa Rosalía de Castro e na súa publicación *En las orillas del Sar*, e que se está a ampliar co deseño dunha senda cultural desde as áreas de cultura e deportes dos concellos de Do-



dro, Padrón e Rois, e a Fundación Rosalía de Castro.

Outras liñas moi importantes desde a educación non formal veñen da formación de voluntariado e de monitores/as de actividades de tempo de lecer. Este tipo de accións supoñen a creación de axentes socioculturais dos que agromen ou se potencien iniciativas. En Rois, a raíz destas formacións, constituíuse a primeira asociación cultural e de lecer, conformada por mocidade de perfil social que xa levou a cabo, por exemplo, programas municipais de conciliación en tempos non lectivos.

Por último, non podo deixar no tinteiro o programa de festas patronais ou programas festivos como o Entroido ou Nadal, nos que a colaboración e coordinación de diferentes axentes sociais que traballan arreo desde o deseño ata a execución, argallan uns días de festa. As festas patronais de Santo Isidro Labrador desenvolven nos últimos anos un programa amplo con personalidade e identidade, claro exemplo da posta en práctica de todos os núcleos en funcionamento e grato resultado da dinamización sociocultural e da participación veciñal. Accións todas elas con personalidade, pensadas no e para o rural.

En definitiva, como técnica da acción cultural e pedagoga social, contribúo cunha perspectiva importante sobre o que significa participar nestes tempos e cal é a nosa angueira: a autoxestión de grupos, a autonomía, a súa capacidade de autoorganización, sen ceder ás tentacións de autocontrol que poidan xurdir desde as administracións. Son moitos os retos que nos quedan por diante no noso quefacer dia-



Visita guiada ás obras resultantes do encontro artístico *Landart Seira*. Fonte: Concello de Rois.

rio, e moita a formación continua que precisamos para o noso desempeño. Moita a enerxía e implicación xa non só profesional, senón tamén emocional e persoal que debemos poñer no noso día a día, xa que a nosa implicación traspassa o tempo da xornada laboral. Porque o noso fin é a sociedade, cuxo fortalecemento, vertebración e consistencia se impulsa a través da cultura. Como dicía a pandeireira Josefina Caeiro:

A xente antes era moito máis unida e adivertida que aghora. Cantábase fasendo calquera labor: indo á herba, sachando...; indo para as festas... Eu aprendín moitas cantarelas no lavadoiro, das outras mulleres xa feitas que ían alí fregar a roupa [...]. (Cebeiro, J.A e Noia X.F, 2014, p.30).

Non deixemos nunca de crear lavadoiros, lugares de encontro para seguir aprendendo. ■

## REFERENCIAS

- CEBEIRO, J.A. e NOIA, X. F. (2014): *Foliada en Rois: Terriña A Nosa!* Concello de Rois.
- GONZÁLEZ, C. (1990): *O Concello de Rois. Historia, Economía e Arte: catálogo arqueolóxico, artístico e monumental.* Concello de Rois.
- HERNÁNDEZ, A. (1989). *Cultura y desarrollo en el medio rural.* Narcea.
- VEGA, M. C. (1997). *La Animación sociocultural en el ámbito rural.* Celeste.

## PÁXINAS WEB

- Concello de Rois (s.f). <https://www.rois.gal>
- Coñece Terras de Iria (s.f). Concellos de Dodro, Padrón e Rois. <https://www.terrasdeiria.com>

# As #CharlasEducativas: un proxecto e realidade de aprendizaxe



**Ingrid Mosquera Gende**

Universidad Internacional de La Rioja

Ingrid.mosquera@unir.net

O proxecto das #CharlasEducativas está estreitamente vinculado a Twitter, espazo no que naceron estes encontros e no que seguen crescendo e evolucionando até a data. Actualmente, atópanse xa na súa terceira tempada, con máis de cen charlas ás súas costas. Viron a luz por primeira vez en xaneiro de 2020 cun dobre obxectivo. Por unha banda, quería dar voz a profesores que, sen ter demasiados seguidores, desenvolvían grandes propostas nas súas aulas. E, doutra banda, tamén se pretendía poder ser un lugar de encontro para invitar docentes moi coñecidos e que, ben fose por razóns económicas, de tempo ou de situación xeográfica, non todos tiñamos a posibilidade de escoitar.

Certo é que, coa irrupción da pandemia, esta idea que cría inicialmente bastante innovadora, deixou de selo, posto que os webinars estendéronse a pasos axigantados, chegando mesmo a ser atafegantes e nun número esaxerado. Dende as charlas contribuíuse con algúns obradoiros extra sobre ferramentas e comezaron tamén as charlas offline, en diferido, recollendo opinións e experiencias de docentes, sobre diferentes temáticas. Como o resto de charlas, subíanse á miña canle de YouTube e tamén se publicaban en Twitter, en forma de fío.

Na segunda tempada incorporáronse os podcasts das #CharlasEducativas, que non son máis que os sons dos propios vídeos de YouTube levados a formato mp3. Todas as charlas, salvo excepcións, pódense escoitar nas principais plataformas de podcasting. Segundo ía transcorrendo esa segunda tempada, o proxecto realizou dúas novas incorporacións. En primeiro lugar, sumamos o #debatedominguero, unha enquisa que se lanza en Twitter todos os domingos polas mañás para reflexionar, de maneira construtiva e relaxada, sobre algún tema relacionado co mundo educativo. Dende que se presentou, hai xa máis dun ano, non deixou de celebrarse nin un só domingo (Mosquera, 2021c).

En segundo lugar, sempre fieis á nosa orixe en Twitter, as charlas sumáronse á moda do Social Audio a través do Space das #CharlasEducativas. Durante a segunda tempada das charlas, Twitter

lanzou este novo complemento que supón un punto de encontro dentro da mesma plataforma de Twitter pero, nesta ocasión, en forma de faladoiro de audio de carácter síncrono á que Twitter non deixa de realizar melloras.

Dentro das #CharlasEducativas #offline, xa mencionadas, seguíronse sumando proxectos e propostas. Así, tamén durante a segunda tempada, sumouse un interesante proxecto sobre aprendizaxe activa (Mosquera, 2021e) e outro denominado *De la teoría a la práctica*, para tentar tocar temas que, en moitas ocasións, quedan á marxe ou son moi difíciles de tratar desde unha perspectiva teórica na formación inicial do profesorado, como a disrupción na aula, a atención á diversidade, as oposicións ou o acoso escolar (Mosquera, 2021b).

Xa metidos en terceira tempada, incorporouse ao proxecto a #IngridApp, unha aplicación para dispositivos Android desde a que se pode acceder a todas as charlas, á miña canle de YouTube, ao meu blog, Twitter, etc. (Mosquera, 2021a). Como anécdota, hei de dicir que tamén contén xogos nos que podemos ver participando moitos compañeiros e compañeiras do #claustrovirtual.

Ademais das plataformas e os recursos xa mencionados, non debemos deixar de nomear Genially e Wakelet, como base para a axenda das #CharlasEducativas, Anchor, para os podcasts, StreamYard, para os directos en YouTube e moitas máis ferramentas sinxelas e gratuítas que me axudan na edición dos sons, dos vídeos e no deseño dos carteis.

Engadido a iso, as charlas tiveron repercusión en publi-



Terceira tempada das #CharlasEducativas

cacións educativas dende os seus inicios, tanto a través das miñas propias contribucións aos medios como a través doutras publicacións que tamén se fixeron eco das charlas, como Educación 3.0 ou YoSoyTuProfe. Ademais, moitos dos invitados realizaron as súas propias recensións, tal é o caso de Domingo Chica Pardo, Rafael Dávila, Coral Elizondo, Víctor Arufe, Noelia Tomás, Rosa Liarte, Julio Mulero, Elvira Fernández ou Juan Francisco Hernández Rodríguez, entre outros. Hai que destacar que o propio hashtag das #CharlasEducativas, así como o perfil da súa creadora en Twitter, @imgende, foron destacados nunha importante investigación realizada por Marcelo e Marcelo (2021) en relación aos perfís e hashtags educativos máis influentes de Twitter.



A #IngridApp

Sen ningunha dúbida, esperamos poder seguir sumando máis iniciativas ás #CharlasEducativas para que sigan crecendo durante moitos anos. Certo é que supoñen unha cantidade inxente de traballo e esforzo, pero cando penso en min como profesora de futuros docentes e en todo o que levo aprendido dos meus compañeiros desde hai xa máis de dous anos, unicamente podoo dicir que espero que sigan funcionando durante moito tempo. A aprendizaxe que eu obteño de todos os compañeiros, mércoreis tras





Canle de YouTube



Sobre educación: reflexións e propostas (blog)



Twitter

mércores, non é comparable a ningún outro. A anos luz.

Para min esa é a riqueza da aprendizaxe informal. Unha aprendizaxe voluntaria, personalizada, gratuíta, en redes, conectada, flexible, ubicua e comunitaria. Unha aprendizaxe que eu estou a ter a sorte de vivir en primeira persoa e na que tamén conseguín introducir o meu alumnado (Mosquera, 2021d). Como profesora de didáctica, considero esencial que os meus estudantes poidan descubrir as posibilidades das redes e dunha aprendizaxe informal que lles resultará moi útil no día a día do seu labor profesional, podendo atopar apoio, recursos e formación de carácter práctico con só un click.

Dese modo, dende o primeiro día de clase recoméndolles Twitter e YouTube, en concreto as #CharlasEducativas, animándoos a que acudan

en directo e a que participen no chat con preguntas para os nosos invitados. Ademais, propóñolles algún tipo de actividade voluntaria vinculada directamente ás charlas e aos profesores que nos acompañan, dentro dos retos lúdicos que adoito levar a cabo nas miñas materias. O último tivo como resultado un podcast conxunto de futuros docentes e profesores en activo que se atopa en aberto e pódese escoitar (Mosquera, 2021d).

Por todo iso, só me queda dar as grazas ao #claustro-virtual e a todos os invitados ás #CharlasEducativas, que son a gasolina e o motor para que isto siga en marcha. Nunca poderei agradecer o suficiente o apoio e a xenerosidade de todos eles. Asistentes e participantes, todos eles son o corazón e a alma das #CharlasEducativas. ■

## REFERENCIAS

- MARCELO, C. y MARCELO, P. (2021). Influencers educativos en Twitter. Análisis de hashtags y estructura relacional. *Comunicar*, 68. <https://doi.org/10.3916/C68-2021-06>
- MOSQUERA GENDE, I. (2021a). Crea tus propias aplicaciones para dispositivos Android. *UNIR Revista*. <https://bit.ly/2YXSbD7>
- MOSQUERA GENDE, I. (2021b). De la teoría a la práctica educativa: la disrupción en el aula. *Magisterio*. <https://bit.ly/3ErlrSS>
- MOSQUERA GENDE, I. (2021c). Espacio para la reflexión docente en Twitter: el #debatedominguero de las #CharlasEducativas. *Magisterio*. <https://bit.ly/3kt5i7U>
- MOSQUERA GENDE, I. (2021d). De la teoría a la práctica educativa a través de YouTube: acercando la universidad a las aulas. En A. VIZCAINO-VERDÚ, M. BONILLA-DEL-RÍO, N. IBARRA-RIUS (coords.), *Cultura participativa, fandom y narrativas emergentes en redes sociales* (pp. 591-611). Dykinson, S.L. <https://bit.ly/3LZUda3>
- MOSQUERA GENDE, I. (2021e). Los 11 elementos clave del aprendizaje activo. *Magisterio*. <https://bit.ly/3xHk4vV>



# VII MOSTRA MUSICAL EIXO ATLÁNTICO

14 - 15 Maio · 2022 · FERROL



**Interreg**  
España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional



UNIÓN EUROPEA



**EIXO ATLÁNTICO**  
DO NOROESTE PENINSULAR

**FERROL**



+INFO [www.eixoatlantico.com](http://www.eixoatlantico.com)



# O libro de texto dixital.

## Estado da cuestión en Galicia



Nerea Rodríguez Regueira

CEIP Canicouva

nerea.rodriguez.regueira@gmail.com

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 70-72

### 1. INTRODUCCIÓN<sup>[1]</sup>

A comezos do século XXI emerxían as primeiras manifestacións duns recursos didácticos que posteriormente coñeceríamos como libros de texto dixitais (LTD). Estes novos materiais concibíronse para ampliar os beneficios dos materiais impresos e os seus CD complementarios, propoñéndose como unha alternativa na que os contidos estarían permanentemente accesibles e actualizados sendo, ademais, posibilitadores dunha experiencia de aprendizaxe adaptable ao alumnado a través da interactividade e a personalización.

A irrupción deste novo material e do vórtice de cambios tecnolóxicos no que estamos inmerso, provocou unha reconversión do sector editorial e a aparición de novos sectores que viron un negocio dentro da educación dixital. Por iso, a incorporación dos LTD e outros recursos didácticos dixitais nas aulas supón, aínda a día de hoxe, un influxo transformador que transcende a cuestión pedagóxica e implica cuestións tan diversas como as sociais, culturais, comerciais e políticas. Este situación provoca unha asincronía entre o desenvolvemento da tecnoloxía e a implementación efectiva dos materiais dixitais nas aulas.

O propio LTD sufriu unha reconversión froito do avance da sociedade dixital e a súa propia evolución pasando dos “libros dixitalizados” aos “libros pensados dixitalmente”. Á luz dos estudos consultados, determinamos que nun primeiro momento emerxeron as copias dixitalizadas dos materiais impresos para dar paso ao que consideramos en denominar “libros de texto dixitais de primeira xeración”, é dicir, manuais escolares dixitalizados e enriquecidos con recursos multimedia de escasa relevancia pedagóxica e dixital. Posteriormente arrombarían os “libros de texto dixitais de segunda xeración” caracterizados por ofrecer unha maior interactividade e personalización. Nos últimos anos, podemos identificar unha terceira xeración que se diferencia das anteriores na utilización de mecanismos de intelixencia artificial

<sup>[1]</sup> Esta investigación foi galardoada co “V Premio a la Mejor Tesis Doctoral Española en el ámbito de la Tecnología Educativa” da Rede Universitaria de Tecnología Educativa (RUTE).

para axustar a experiencia de aprendizaxe ás necesidades concretas do alumnado.

Neste contexto son múltiples as investigacións levadas a cabo sobre os LTD tomando en consideración a óptica dos diferentes sectores implicados e coincidindo coa incorporación destes materiais aos sistemas educativos dos diferentes países. Así, por exemplo, podemos atopar os primeiros estudos sobre esta temática en Xapón, Corea e Estados Unidos. Este feito, como xa adiantabamos, non é unicamente pedagóxico, senón que, entre outros factores, os dous países asiáticos son potencias tecnolóxicas mundialmente recoñecidas, e á cabeza do sector editorial mundial posiciónanse os países norteamericanos. Se ben estas primeiras investigacións seguiron a liña clásica dos estudos sobre medios de ensinanza, a contraposición dun medio novo (LTD) sobre outro xa consolidado (libro de texto impreso), a medida que se popularizou, comezaron a analizarse os múltiples factores que supoñen a incorporación de xeito efectivo dun novo material ás aulas<sup>[2]</sup>.

Se ben nun primeiro momento considerouse que os LTD poderían desbancar os materiais impresos como materiais hexemónicos nas aulas, facilitando novas estratexias didácticas dixitais coas que conxugar diversidade de materiais didácticos, a día de hoxe aínda son considerados unha tecnoloxía emerxente, pese a contar con múltiples apoios en diferentes países e gobernos (Grönlund, Wiklund&Böo, 2018). A transición dunha cultura escolar en papel a unha cultura escolar

dixital supón moito máis que un cambio dun material por outro; é preciso que os docentes se sitúen como axentes de cambio desenvolvendo un papel activo e crítico na utilización e creación de materiais dixitais, a aplicación de novas metodoloxías nas aulas, a promulgación de leis educativas que transcendan a dotación tecnolóxica e se teña en conta a formación da comunidade educativa, así como a necesaria avaliación destas para evidenciar o seu impacto (Tarkowski, Sitek, Strycharz, Vuorikari y Castaño Muñoz, 2019)

Outro aspecto chave da transición dunha cultura a outra, e da mellora da calidade educativa, é a necesaria transferencia do coñecemento. Neste sentido, o presente artigo pretende achegar á comunidade educativa algúns dos resultados do estudo levado a cabo sobre a idiosincrasia do LTD que axuden a comprender este "novo" material nun momento no que o dixital cobra, se cabe, máis relevancia nas escolas.

## 2. METODOLOXÍA

A investigación realizada responde a un estudo interpretativo cun deseño cualitativo baseado na análise de contido. O estudo enmarcouse nos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria ao ser estes, no momento da realización da investigación, onde se contextualizaban a meirande parte dos LTD publicados por editoriais españolas. Un dos criterios empregados no momento de elixir a mostra e que nos parece oportuno destacar, foi a proximidade, é dicir, seleccionar libros de texto dixitais editados en Galicia e, de non atopalos, ampliar a mostra tentado que os materiais fo-



ran empregados nas aulas galegas.

A análise realizada permitiu descubrir a mensaxe e a estrutura implícitos nos materiais para comprender mellor o seu funcionamento e implicacións tanto na intencionalidade do emisor (editoriais) como no posible efecto no emisor (comunidade educativa, especialmente o profesorado e o alumnado).

Para levar a cabo a investigación deseñouse, validouse e aplicouse un instrumento (guía) de avaliación de libros de texto dixitais composto por seis dimensións que se detallan a continuación:

A. Datos de identificación do material: comprende a información descritiva do recurso relacionada cos metadatos.

B. Análise tecnolóxica: Análizanse aspectos directamente relacionados co carácter dixital do material.

C. Análise do deseño e a presentación. Ofrece unha análise das características funcionais e de deseño de xeito que a aprendizaxe poida ser soporxada.

D. Elementos didácticos e perspectiva metodolóxica. Análizase o material desde un punto de vista didáctico.

E. Análise do contido. Céntrase en desentrañar cuestións como a selección dos contidos, a súa organización, a pre-

[2] Para máis información sobre os estudos centrados nesta temática pódese consultar Rodríguez-Rodríguez, J. e Rodríguez-Regueira, N. (2016)



senza da diversidade, o uso das diferentes modalidades de contidos, etc.

F. Valoración global do material analizado.

### 3. RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Comprobouse que os LTD comercializados no sistema educativo galego e, por extensión, español, poden enmarcarse dentro da denominación de “Libros de texto dixitais de primeira xeración” e que, polo tanto, seguen a tradición do modelo editorial dos libros de texto en papel, se ben comezan a emerxer novas propostas nas que os materiais están pensados dixitalmente.

A totalidade dos materiais analizados poñen en evidencia que os esforzos do sector editorial concéntranse en manter a estética dos materiais impresos fronte ás posibilidades que ofrece a dixitalización (adaptabilidade, multimodalidade de contidos e interactividade). Poñendo o foco sobre o continente e non sobre o contido, temos como resultado materiais que no fondo son iguais aos impresos e no que as vantaxes se traducen nas posibilidades de acceso e a utilización

dun dispositivo dixital para a súa visualización.

Nos materiais analizados séguense perpetuando as carencias dos libros de texto impresos. Por exemplo, no relativo aos modelos estereotipados das imaxes en función da raza, modelos familiares ou diversidade funcional; nos modelos de ensinanza que subxacen e que xeralmente están baseados na reprodución de contidos ou nas cuestións relativas á accesibilidade do alumnado con Necesidades Educativas Especiais. Deste xeito, constatamos que non se está a producir o necesario cambio cara á iconicidade e a oralidade que leva parella a cultura dixital, senón que o texto segue a ter unha omnipresencia case absoluta.

Pese a que son patentes os esforzos do sector editorial para adaptarse a este novo contexto, a nosa investigación permitiu corroborar a hipótese de partida segundo a cal “a creación dos LTD iniciouse para dar resposta a un sector económico en auge e que, polo tanto, para o seu deseño e elaboración partiuse do libro de texto en papel sen considerar a idiosincrasia do novo contex-

to dixital” (Rodríguez-Regueira, 2020, p-192).

Podemos dicir, en termos xerais, que os LTD orixináronse a partir dunha concepción do libro de texto impreso cun formato e características concretas e cuxa rixidez non consegue superar o seu carácter dixital. Por iso, pese a que se trata dun produto cuxo número de vendas se incrementa ano a ano e que supuxo unha reconversión do sector editorial, a innovación é mínima debido en gran medida a que a oferta está homoxeneizada.


Pode que o punto de inflexión o esteamos a vivir coa situación sanitaria actual, que fixo que moitas educadoras reflexionen sobre a migración cara a unha escola dixital e as carencias que o noso sistema educativo ten para logralo de xeito efectivo, así como as posibilidades e limitacións dos recursos que empregamos como mestres. ■

### REFERENCIAS

- GRÖNLUND, Å., WIKLUND, M., & BÖÖ, R. (2018). No name, no game: Challenges to use of collaborative digital textbooks. *Education and Information Technologies*, 23(3), 1359-1375. DOI: <https://doi.org/10.1007/s10639-017-9669-z7> Data consulta: 23/09/2021
- RODRÍGUEZ-RODRÍGUEZ, J., & RODRÍGUEZ-REGUEIRA, N. (2016). Revisión de la investigación publicada sobre el libro de texto digital en revistas, publicaciones y congresos internacionales de referencia. *Profesorado. Revista de Currículum y Formación de Profesorado*, 20(1), 9-31.
- RODRÍGUEZ-REGUEIRA, N. (2020). Los libros de texto digitales. Un análisis descriptivo e interpretativo de sus características (Tesis doctoral). Universidad de Santiago de Compostela.
- TARKOWSKI, A., SITEK, M., STRYCHARZ, J., VUORIKARI, R., Y CASTANO, J. (2019). Methodological guide for implementation and evaluation of open e-textbook programs. Impact on cost and learning outcomes. *JRC Technical Reports*. Publications Office of the European Union: Luxembourg. [https://oerpolicy.eu/wp-content/uploads/sites/4/2019/04/jrc115866\\_methodological\\_guide\\_final.pdf](https://oerpolicy.eu/wp-content/uploads/sites/4/2019/04/jrc115866_methodological_guide_final.pdf) Data de consulta: 23/09/2021



ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



**engádeste?**  
engádeste?  
engádeste?



[www.neg.gal](http://www.neg.gal)

**Porque temos unha lingua**



**Nova Escola Galega**



## OS XOGOS, NO PETO

Unha aplicación para  
móviles, pioneira  
no mundo, sobre os  
xogos tradicionais  
galegos



Zeltia Labraña González

Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional  
(AGXPT)

agxpt@agxpt.gal

A aplicación pode descargarse en Google Play e App  
Store: "xogos tradicionais"

Desde o sitio web da aplicación:

<http://xogospopulares.consellodacultura.gal/>

Desde o sitio web do Observatorio do Patrimonio Lúdico  
Galego:

[www.xogostradicionais.gal](http://www.xogostradicionais.gal)



Patrimonio Lúdico Galego

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 74-75

**P**olo San Martiño, peóns ao camiño. Coincidindo co Día do Peón convocado en todo o País por *Brinquedia*, o día 11 de novembro de 2021 presentouse a primeira aplicación para teléfonos móbiles que permite poñer en acción un xogo tradicional galego con apenas un minuto de consulta. Unha ferramenta, pioneira no mundo, que é froito dun proxecto de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e o Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego.

As liñas de investigación e de divulgación do patrimonio lúdico galego, un dos máis ricos da península ibérica, diversificáronse coa chegada do século XXI, ao tempo que se crearon tamén mecanismos de coordinación entre entidades –ás veces nadas con proxectos moi dispares entre si– e investigadores/as que teñen os xogos tradicionais como o seu obxectivo de traballo.

En efecto, foron aparecendo estudos –académicos e non académicos–, publicacións, bases de datos con recursos, iniciativas divulgativas sobre o terreo e, máis próximas no tempo, colleitas e investigacións sobre a riqueza lúdica de comarcas concretas. O obxectivo final de todas estas estratexias aparece formulado dun xeito, hoxe, non tan utópico xa: a restitución do xogo tradicional á cadea de produción cultural. Doutra maneira, a recuperación e divulgación dos xogos de sempre para que poidan ser practicados e recreados polos galegos e galegas dos nosos días –e non só polas camadas máis novas da poboación–.


Pois ben, un dos proxectos máis demorados no tempo foi o de poder ofrecer á poboación os xogos no peto. É dicir, a creación dunha ferramenta que, como adiantamos, permite que familias, educadores/as, persoas do común... e tamén os nenos e as nenas, poidan poñer en marcha un xogo só dedicándolle un minuto á consulta da aplicación.

A ferramenta –que, á marxe da aplicación para móbiles tamén ten unha versión web– está concibida para, aproximadamente, 125 tipos de xogos que veñen da tradición galega, aínda que na fase inicial só se puxeron a disposición do público os primeiros 50 deses xogos. Cada entrada presenta unha descrición abso-

lutamente elemental, mínima, sempre cunha imaxe ou vídeo que permita interpretar o xogo que se propón dun xeito inmediato. A imaxe principal – absolutamente afortunada en calquera dos casos– é da autoría de Nuria Díaz, por encargo do Consello da Cultura Galega.

A estratexia que intenta seguirse é a de construír unha ferramenta motivadora antes que descritiva en sentido estrito. Por que razón? Porque os xogos están aínda, afortunadamente, vivos na memoria colectiva e, unha vez intuída cal é a acción elemental dun xogo dado, esa mínima descrición busca estimular a memoria de quen está facendo a consulta para lembrar que as regras ao mellor non eran exactamente así, para contrastar que esa non era posiblemente a maneira de practicalo en determinado lugar... para incorporar ese xogo á cadea de produción cultural de novo. Con todo, cando se fai preciso, é posible acceder a ligazóns ou documentos anexos que nos describirán, para quen quixer, as regras miúdas ou pequenos detalles que, dada a finalidade do corpo principal de cada entrada, non terían lugar nel.

Darase o caso de que busquemos nun momento dado un xogo ao chou. A aplicación vai, xustamente, cambiando os xogos que ofrece na pantalla inicial para que non sexan sempre os mesmos. Pero, o máis probable será que busquemos un xogo para determinada idade, ou outro que reúna determinadas condicións (de habilidade, de forza, de mesa...). A aplicación permítenos buscar tamén con estes criterios, ás veces incluso miúdos.



O sitio web e a aplicación que, como indicamos, son pioneiros no mundo, continuarán sendo progresivamente enriquecidos a medida que vaia sendo posible incorporar as sucesivas fases do proxecto á programación anual de actividades do Consello da Cultura Galega, entidade que, ademais de financeiro, é responsable de toda a infraestrutura técnica que precisa. ■



# Educación e Patrimonio, experiencias de gobernanza participativa



Detalle do Camiño de Inverno cara ao pobo de Belesar na Ribeira Sacra, co pai Miño debuxando a paisaxe.

**María del Mar Bóveda López**

Caixa, Proxectos Culturais  
mar.boveda@gmail.com

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 76-79

A mosar distintos proxectos que sexan ilustrativos para explicar dun xeito ameno e descritivo a realidade coa que traballamos as persoas que nos dedicamos á Educación Social, tomando como eixe vertebrador e elemento socializador o Patrimonio Cultural (PC) e a participación cidadá, no meu caso desde hai vinte anos, non é tarefa doada.

Fundamentalmente polo nova que segue a ser esta área de traballo. Boa conta da súa importancia na actualidade dá a publicación *Foro Patrimonio e Sociedade. Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro 2019-2021*<sup>[1]</sup> (Blanco-Rotea et alii, 2021) do Consello da Cultura Galega.

Este texto agroma da traxectoria profesional persoal xa que, dalgunha maneira, constituíu xunto co traballo colaborativo doutros e doutras compañeiras, a limpeza e a feitura precursoras dun camiño innovador que foi complicado desde os seus comezos ata hoxe en día.

## PROFESIÓN DE VANGARDA

Sendo titulada en Ciencias da Educación<sup>[2]</sup>, a miña singular traxectoria profesional e formativa levoume desde 1998 ata a actualidade a especializarme na posta en valor do patrimonio (o arqueolóxico, en particular, e o cultural, en xeral), mediante a acción e intervención socioeducativa nos distintos ámbitos e contextos de ensino-aprendizaxe: o formal, o non formal e o informal.

Hai 20 anos, poucas sementes deste tipo se plantaban na nosa comunidade, pois tamén era nova a profesión. Un camiño por facer desde a súa orixe en Galicia. Así e todo, dúas décadas despois a Educación Social e mais o Patrimonio Cultural seguen a ser tema de I+D+I e de debate, incorporándose a el actividades xeradas desde outras disciplinas que queren asimilarse, mais as súas áreas do saber son outras. Tendo obxectivos afíns, o traballo cooperativo en equipos interdisciplinares é a solución para o desenvolvemento de políticas e proxectos holísticos e

<sup>[1]</sup> Traballo desenvolvido desde decembro de 2019 a abril de 2021 por 37 profesionais e axentes sociais vinculados a distintos sectores da sociedade relacionados coa xestión do patrimonio cultural.

<sup>[2]</sup> Primeira promoción de Educación Social de Galicia e Máster en Procesos de Formación.

de calidade que repercutan na mellora do desenvolvemento sociocultural das persoas no seu territorio e no coñecemento, accesibilidade e mantemento dos bens patrimoniais existentes neles.

Porén, non debe esquecerse que son os e as profesionais da educación social, en todo caso, quen deben liderar os proxectos de educación patrimonial ou de intervención socioeducativa no patrimonio, e coordinar os equipos que se organicen para traballar neste eido. Así como todos os procesos de mediación e de participación social aparelados. Todas estas son funcións e competencias da educación social, tal e como Mercé Romans sintetiza no capítulo dedicado á formación continua dos profesionais da educación (Romans, 2000: 151-185).

A Educación Social é a disciplina que une os elos da cadea de valor da xestión integral do PC e posibilita a interacción e participación social formada, e informada, para acadar unha democracia cultural real nos territorios mediante a animación sociocultural como *praxe transformadora* (Caride, 2000). Tendo en conta que o concepto de patrimonio cultural e máis a súa xestión foron modificados na súa orientación e desenvolvemento normativo ao longo destas dúas décadas.

Por este motivo, os departamentos e máis os proxectos que interveñan social e educativamente a nivel cultural e patrimonial, desde os ámbitos formais, non formais e informais, deben estar dirixidos polos profesionais que teñan a formación necesaria no eido educativo. E sendo o patrimonio cultural o eixe de socialización e vertebrador destas iniciativas que promoven ou



Descubriendo o Castelo da Rocha Forte. Itinerario realizado polo Ateneo de Santiago de Compostela no Programa de Visitas organizadas polo Concello.

tras de índole económica e social, nunca deben traballar dun xeito illado.

Cabe dicir que todo o descrito anteriormente integra o que na actualidade se denomina Educación Patrimonial e Gobernanza Participativa do PC.

A miña liña de traballo e investigación persegue desde o seu comezo a “adopción de metodoloxías que transformen ou convertan os elementos do patrimonio cultural (xa sexa material ou inmaterial) en bens e produtos capitalizables para o desenvolvemento social. Isto é, que produzan beneficios na calidade de vida da comunidade onde se atopan, como consecuencia do aproveitamento e explotación dos recursos culturais endóxeos. (...) É tamén necesario realizar un estado da cuestión a diferentes niveis e establecer criterios claros de actuación que non desvirtúen o elemento patrimonial e

o convertan en mera mercadería” (Bóveda, 2000: 5)<sup>[3]</sup>.

Esta traxectoria profesional ten como fundamento o desenvolvemento comunitario vinculado co coñecemento profundo da participación social e a súa *praxe*, e integra coñecementos específicos doutras disciplinas que converxen no estudo e traballo co PC e os seus procesos de traballo.

Desde esta perspectiva, traballamos no deseño de plans e proxectos para estudar e ensinar os bens patrimoniais en xeral, tendo como actores e interlocutores as comunidades que habitan os territorios, organizando equipos para cada proxecto e incorporando as institucións públicas que os promoven. Exemplo desta forma de traballar é a redacción no 2021 do Plan Integral *Territorio Monte Sacro, Orixe de*

<sup>[3]</sup> Hai 21 anos da súa publicación e hoxe en día segue a estar de actualidade.



Rapazada de Educación Infantil no Ecomuseo de Arxeriz. Actividade deseñada para o Plan Proxecta, Etnografía na Ribeira Sacra (D. X. de Patrimonio Cultural, Xunta de Galicia)



Urbis, Aventura Urbana.

Compostela<sup>[4]</sup> e a sinatura dun convenio cos concellos de Boqueixón e Vedra<sup>[5]</sup> para o seu desenvolvemento.

### ALGÚNS DOS PROXECTOS PIONEIROS

Como experiencias precursoras de intervención socioeducativa tendo como elemento vertebrador o patrimonio cultural que illustren o recollido neste artigo, escollemos seis proxectos de entre moitos outros realizados, que describimos ordenados cronoloxicamente cos anos de realización e as institucións organizadoras entre parénteses:

1. *Urbis, Aventura Urbana* (2001-04). Gran Xogo Histórico<sup>[6]</sup> nas cidades de: Santiago de Compostela, Lugo -con-

verténdose no festival *Arde Lucus-* e Ourense. Cada un destes xogos mobilizou arredor de 450 persoas en cada cidade entre estudantes, artesáns, actorado, monitores e contacontos. Acadou un proxecto de cooperación entre España e Portugal, desenvolvéndose tamén nas cidades de Chaves e Braga -evolucionando no festival *Braga Romana-*. (Xunta de Galicia e Concellos).

2. *Mira por El* (2007-08). I Campaña de concienciación social en relación ao patrimonio cultural. Deseño e posta en marcha do proxecto, formación do equipo e execución, de xeito experimental, nos campamentos de verán da Xunta de Galicia e nos centros de ensino, seleccionados das catro provincias galegas, para alumnado de 1º a 4º da ESO (Xunta de Galicia).

3. *Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre, PAAR* (2011-12). Confección do proxec-

to de actividades, discursos e itinerarios didácticos para a posta en marcha do PAAR en Campo Lameiro (Pontevedra). Responsable da formación e coordinación do equipo de guías, monitorado e actividades (Xunta de Galicia e InjeniaQed).

4. *Cultura Viva, Fai túa Compostela* (2012-13). Itinerarios participativos na cidade e parroquias compostelás. Idea, redacción e execución do proxecto, coa programación de 58 itinerarios diferentes e 1.160 participantes ao longo de nove meses (Concello de Santiago de Compostela).

5. *Visitas guiadas ao Castelo da Rocha Forte* (2014). Deseño e execución do itinerario e I Programa educativo de visitas para toda as idades e colectivos, mais o procedemento para a xestión das inscricións. A súa posta en marcha durante sete meses chegou a máis de 1.332 persoas (Concello de Santiago de Compostela).

6. *Etnografía na Ribeira Sacra, Plan Proxecta +* (2018-21). Deseño e execución das actividades para a posta en marcha desta modalidade de Educación Patrimonial da D. X. de Patrimonio Cultural. Participaron grupos de educación especial, infantil, primaria e secundaria pertencentes a sete centros de ensino, de catro concellos da Ribeira Sacra (Xunta de Galicia).

<sup>[4]</sup> Do que fun redactora e codirectora xunto a Ana Filgueiras Rei. Ver <https://www.elcorreogallego.es/concellos/forzas-unidas-para-conservar-un-enclave-unico-opicco-sacro-LJ8586814?imageNumer=1>

<sup>[5]</sup> Sendo responsable da súa redacción e sinatura.

<sup>[6]</sup> Publicados sen a autorización das autoras e autores, o que supón unha estafa e espolio do traballo intelectual e esforzo de moitas persoas, alén dunha lacra contra a que loitar xurídicamente.

**Que é "Cultura Viva, Fai túa Compostela"?**  
 Cultura Viva é un programa educativo promovido polo Concello de Santiago, Compostela e Participación Cidadá a través do que colaboramos e prestamos a presenza activa cidadá de Santiago, desde a tradición á actualidade.  
 Permeabiliza realidade, proceso, cartografía, coñecemento, investigación e análise cultural, investigación, documentación e formación viva.  
**Duración dos roteiros:** 2 h - 2,5 h.  
**Destinatarios:**  
 Grupos e persoas de todas as idades interesados en obter unha experiencia formativa e lúdica a través das diversas actividades e actividades do municipio de Santiago.  
**Como participar?**  
 Poden participar tanto as persoas interesadas que teñan un mínimo de coñecemento básico para entender as actividades propostas como principiantes e activistas.  
 De momento as actividades serán voluntarias por parte das persoas que se queira participar delas.  
 As praxes son gratuitas, incluíndo 20 praxes por ruta.  
 Se non as realizas a través do grupo de 20 persoas, a custo máximo pago de cada un das persoas inscritas.  
**Prezo das rotas:**  
 - Roteiro a través do Concello de Santiago de Compostela (incluíndo transporte de equipamento):  
 - Cada roteiro 12 €.  
 - Roteiro de 5 roteiros 54 €.  
 - Resultado para o despregamento, incluído transporte, actividades e material de 20 persoas.  
 - Outros participantes (sen equipamento no Concello de Santiago):  
 - Cada roteiro 10 €.  
**Procedemento de inscrición e pagamento:**  
 - No proceso de inscrición proporcionar os datos e datos de contacto ao Concello de Santiago.  
 - A praxe de inscrición será realizada no momento de inscrición por teléfono ou correo electrónico.  
 - A inscrición que non se realice no prazo de inscrición.  
 - O pagamento formalízase antes ou despois de inscrición e a través do depósito bancario.  
 - O pagamento formalízase no Concello de Santiago, mediante o depósito bancario no Concello de Santiago, mediante o que será entregado, sobre o depósito de pago das praxes.  
 - O prazo de inscrición será de inscrición para a realización das actividades.  
 - A inscrición de equipamento será a través do depósito bancario no momento de inscrición.  
 - Non poderá participar quen non teña a inscrición de equipamento no momento de inscrición.  
**Info e inscricións:**  
 CEE COMPOSTELA  
 Praza do Pazo de Rialp 1 - 157 020 140  
 CEE SANTIAGO  
 Praza do Pazo de Rialp 1 - 157 020 140  
 CEE SANTIAGO  
 Praza do Pazo de Rialp 1 - 157 020 140  
**descarga o programa etc:**  
 www.santiago.compostela.org  
**Organiza:**  
 CONCELLO DE SANTIAGO  
 DEPARTAMENTO DE CULTURA  
**Apoia:**  
 DEPARTAMENTO DE CULTURA

Cultura Viva, Fai túa Compostela



Campo Lameiro



Castelo da Rocha Forte



Ribeira Sacra

No ámbito da educación formal, salientamos a concepción e coordinación xeral, alén de toda a súa xestión para a execución, da 1ª edición do Máster en Xestión Arqueolóxica do Patrimonio Cultural (CSIC-USC) levado a cabo no curso 2005-06, cunha organización moi extensa e complexa que foi pioneira no seu momento e deu lugar a un prolixo programa de formación en anos vindeiros.

### CONCLUSIÓN

A Educación Social é a disciplina que produce os fíos invisibles que entrelazan e vinculan os elementos patrimoniais coas persoas e o seu territorio. É a tecedeira silenciosa que converte o patrimo-

nio cultural nun elemento de socialización e de vertebración social identitaria e participativa.

A Educación Social é a que xera o valor que identifica as persoas e as comunidades cos bens patrimoniais e coas paisaxes culturais nun territorio. Mistura as comunidades e o seu desenvolvemento co coñecemento do pasado e o seu uso no presente, mais a xestión de todos os procesos sociais asociados.

A Educación Social é a que fai posible a comprensión do Patrimonio, vinculado ao seu territorio e á súa orixe, así como a pervivencia da profunda sabedoría das persoas e comunidades que hoxe en día o manteñen vivo. ■

### REFERENCIAS

- BLANCO-ROTEA, R., NIETO FREIRE, T. E SANCHEZ-CARRETERO, C. (Eds.) (2021). *Foro Patrimonio e Sociedade. Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro 2019-2021*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.  
 Accesible en <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4423>  
 [Data de consulta 28/novembro/2021]
- BÓVEDA LÓPEZ, Mª M. (2000). *Gestión Patrimonial y Desarrollo Social. CAPA 12*. Santiago de Compostela, LAFC, USC.  
 Accesible en <http://hdl.handle.net/10261/5636>  
 [Data de consulta 28/novembro/2021]
- CARIDE GÓMEZ, J. A. (2000). La Cultura como construcción social: Animación, Desarrollo Comunitario y Patrimonio. En Bóveda López, Mª. M. (Coord.) *Gestión Patrimonial y Desarrollo Social. Capa 12*, pp: 35-45. Santiago de Compostela: LAFC, USC.  
 Accesible en <http://hdl.handle.net/10261/5636>  
 [Data de consulta 28/novembro/2021]
- ROMANS, M., PETRUS, A., TRILLA, J. (2000). *De profesión: educador(a) social*. Barcelona: Paidós.

# PANORAMA

Xosé Ramos Rodríguez

Antón Costa Rico

Nova Escola Galega

jose.ramos.rodriguez@edu.xunta.es

anton.costa@usc.es

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 80-83

## ACTUALIDADE DA POLÍTICA EDUCATIVA

- Continúan os cambios na avaliación. Nesta ocasión trátase da aprobación no mes de novembro do novo Decreto de avaliación. Ademais da eliminación dos exames extraordinarios (en Galicia aínda se fixeron en setembro este curso pasado) a repetición xa non dependerá do número de suspensos nin da polémica supra-ponderación das materias nos casos de Matemáticas e as Linguas. Será o equipo docente o que decidirá a promoción ao curso seguinte (salvo no caso de Bacharelato) tendo en conta de que maneira esta promoción poderá repercutir no rendemento posterior do alumnado. Novidade positiva na medida en que se dean, polo menos, dúas condicións: que exista un esforzo das Administracións pola atención á diversidade e que se promovan recursos -humanos, sobre todo- para facer unha ensinanza máis individualizada e titorizada.

Tamén se necesitará a complicidade do profesorado para procurar unha visión global e non “asignaturizada” do alumnado e da súa evolución, buscando analizar as súas competencias en xeral por enriba dos resultados nunha materia dada, en singular.

### • Igualdade de oportunidades?

Debemos falar dos serios límites da cacarexada “cultura do esforzo”. Non se nos ocorre poñer en cuestión que o esforzo é necesario para a vida e loxicamente para a vida académica. Pero non podemos esquecer que este esforzo, ou a súa ausencia, ten efectos diferentes derivados do medio ou procedencia social de cadaquén. Os datos deben dar luz a estas afirmacións:

A metade –48,8%– dos estudantes pobres repite un ano nalgún momento da súa escolarización. Entre os ricos, a taxa é do 8,9%. Mesmo cando dous adolescentes teñen exactamente o mesmo nivel de habilidades matemáticas ou lingüísticas, o de clase baixa ten catro veces máis probabilidades de suspender unha cualificación que o de clase alta, segundo os resultados de PISA 2018 analizados por Save The Children. Algo semellante ocorre co abandono prematuro, que



é do 3,6% entre os que teñen proxenitores universitarios e do 20% entre os que son fillos de pais con só a ESO.

Intentaron radiografar algo semellante os sociólogos Fabrizio Bernardi e Héctor Cebolla nun estudo publicado en 2014. A partir dunha enquisa do CIS á poboación nacida despois de 1976, analizaron as súas respostas sobre as cualificacións que lembraban ter obtido no seu día na clase e se cursaron ou non estudos superiores.

Entre os fillos de obreiros manuais pouco cualificados que lembraron ter unha boa cualificación, o 75% cursaba estudos superiores, porcentaxe que superaba o 95% nas capas altas da sociedade. No outro extremo, os que obtiveran malos resultados, algo máis do 10% dos da clase traballadora deron o salto á educación superior, mentres que entre os altos directivos foi de máis do 65% (entre os estratos medios a porcentaxe foi algo inferior ao 50%). A pesar de ter o mesmo nivel académico, a diferenza foi máis que notable.

Datos que reafirman a necesidade de reforzar a ensinanza pública, que é a que acolle maioritariamente o alumnado menos favorecido; de relativizar os resultados como froito fundamental do esforzo do individuo e a facer fincapé na necesidade de axudar durante o seu itinerario académico os que máis o necesitan.

• **Tamén negacionismo educativo.** Noutra volta ás argumentacións a prol dos cambios curriculares e da avaliación é de sumo interese a opinión do psicólogo da educación Juan Ignacio Pozo, que examina criticamente a opinión social sobre a non necesidade dos



cambios educativos: currículo, avaliación, repetición etc.

<https://elpais.com/opinion/2021-12-24/el-negacionismo-educativo.html>

Da mesma forma que coa pandemia se poñen en cuestión (polos negacionistas) avances científicos moi contrastados, en educación levamos tempo batallando, tamén en medios docentes, contra a posta en cuestión de avances máis que contrastados: a necesidade de cambiar e diminuír o currículo, a avaliación como formación e non como selección, a eliminación (ou minoración) da repetición por ser unha fórmula ineficaz de recuperación, o traballo cooperativo na aula, e tantas outras. Poñer por diante a investigación e o contraste científico con datos para contradicir os medos e a crenza en prexuízos; é necesario para avanzar en educación como no resto dos ámbitos da vida. Non hai tolemia nisto.

#### • Plan de nova arquitectura pedagóxica.

A Consellería de educación vén de publicar un extenso documento sobre a nova arquitectura pedagóxica.

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/35833>.

Cunha cobertura mediática máis que notable presentouse este plan que pretende debuxar o futuro das novas construcións dos centros en Galicia. Non negaremos o interese de ter este instrumento de referencia, tanto pola súa existencia como por como proxecta estes novos espazos: importancia das cores, espazos abertos e polivalentes, patios cubertos, apertura e conexión coa paisaxe, uso equitativo dos espazos comúns, favorecedores da dixitalización, moita luminosidade, accesibilidade etc. Pero isto contrasta coa precariedade de moitos centros, coa necesidade de atendelos e acondicionalos. Non estaremos de novo coa política de xestos grandilocuentes para tapar as miserias cotiás?



**ENCONTROS E XORNADAS**

Deixamos constancia da celebración de varios Enccontros organizados desde Nova Escola Galega no pasado trimestre académico:

- XI Seminario sobre a Memoria Histórica, que continúa un proceso formativo e didáctico de achegamento do alumnado ao coñecemento e comprensión do pasado en conflito, e que na presente xeira se concentrou nas terras

de Caldas de Reis e Cuntis; e o XIII Seminario de Avaliación de Materiais Didácticos que se celebrou en Compostela, en coordinación coa Facultade de Ciencias da Educación, no pasado mes de novembro, e que contou coa destacada participación do profesor Jaume Martínez Bonafé da Universidade de Valencia, quen vén orientando algúns dos traballos deste Seminario, e que na ocasión recibiu unha homenaxe.

- Obradoiro “Traballando a igualdade desde as perspectivas feminina e masculina”, baixo a coordinación dos profesores Xosé Cabido e Sonia F. Casal, que se celebrou en instalacións educativas do concello de Ames

**INICIATIVAS E PROXECTOS**

- **Polo San Mariño peóns ao camiño!!!** Nese día o Observatorio do Patrimonio Lúdico, que agrupa diferentes entidades e investigadores/as, e o Consello da Cultura Galega lanzaron unha aplicación para teléfonos móbiles con, inicialmente, 50 xogos tradicionais, con fichas informativas e deseños de indicacións para facer retornar o xogo tradicional en moitas circunstancias da vida en Galicia. O proxecto, que

persegue que os xogos poidan estar no peto de calquera galego ou galega, será enriquecido progresivamente en sucesivas fases.

**EXPOSICIÓNS E CELEBRACIÓNS**

- A Universidade de Santiago procedeu a dixitalizar unha parte fundamental do seu patrimonio cultural, artístico e científico, poñéndoo ao alcance de todas as persoas interesadas a través do **Museo Virtual da USC** (<https://museovirtual.usc.gal/>), que permite acceder a distintas coleccións, itinerarios e lugares de localización, entre outras posibilidades. Coa ocasión organizouse unha exposición en Fonseca e a edición dun adecuado Catálogo, baixo a coordinación do profesor José M. García Iglesias.

- O Programa **Voz Natura**, que impulsa La Voz de Galicia chegou ás 25 convocatorias anuais ([www.voznatura.es](http://www.voznatura.es)) e con 350 centros de ensino participantes no presente curso académico. Parabéns.

- Na distancia física: O **Movimento di Cooperazione Educativa** de Italia (MCE) celebra durante o presente curso os seus 70 anos de vida, no ano en que se conmemora o nacemento do moi destacado mestre de escola Mario Lodi ([www.mce-fimem.it](http://www.mce-fimem.it)).

**PREMIOS E RECOÑECIMENTOS**

- **Premios educativos Innovagal 2020-21.** A Consellería de Educación vén de publicar a resolución dos Premios de Innovación do curso pasado.

En Educación Infantil e Primaria, por esta orde, os seguintes: CEIP Plurilingüe de Torre-Cela de Bueu, CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés de



Oroso e CEIP Valle-Inclán de Vigo. En Ed. Secundaria foron: IES Valadares de Vigo, IES Plurilingüe A Cachada de Boiro e IES Manuel Murguía de Arteixo.

Entre o profesorado, con liñas temáticas, os premiados foron: en Deseño curricular e organización escolar, Lorena Estévez Álvarez de Infantil e Primaria e María del Carmen Boado Aguinaga de Secundaria; na submodalidade do Ámbito lingüístico e social: Sergio Clavero Ibáñez de Garayo de Secundaria; na submodalidade do Ámbito científico-tecnolóxico e matemático: Rubén Molinero Malvido de Infantil e Primaria e Esther Padín Vidal de secundaria e na submodalidade de Escolas saudables e abertas á contorna: Mario Outeiro Iglesias de Secundaria. Dende a RGE dámoslles os nosos parabéns a centros e profesorado.


• **Premios Educacompostela, 2021.** A “Maleta de emerxencias pedagóxicas. Materiais didácticos en aulas hospitalarias” preparada por docentes da Facultade de Ciencias da Educación da USC e das Aulas Hospitalarias de Ferrol e Santiago, baixo a coordinación de Yésica Teijeiro e Xesús Rodríguez recibiu o primeiro Premio. As profesoras M<sup>a</sup> Mar Santiago Arca e M<sup>a</sup> Isabel González Piñeiro recibiron o 2<sup>o</sup> e o 3<sup>o</sup> Premio.

• O CEIP Manuel Padín de Soutomaio (Pontevedra) vén de ser recoñecido na **VII edición de Traballos por Proxectos** da Consellería de Educación polo seu proxecto arredor da Idade Media e dos castelos de Galicia, a partir da circunstancia local do Concello de Soutomaio, tamén coñecido como de Pedro Madruga.

• O profesor da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela **Alexandre Sotelino Losada**, vinculado á RGE, foi reconecido nos Premios Educa Mellor Docente de España 2021 a partir de votacións telemáticas do alumnado. Parabéns!

### DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS


• **VIII Congreso da CIG.** Celebrouse o 13 de novembro en Compostela coa asistencia de 200 persoas en representación da afiliación do sindicato e á que asistiu Nova Escola Galega como convidada, entre outras organizacións e entidades. Baixo o lema “Imos” acordaron seguir na defensa dun ensino para o país e atendendo aos dereitos do profesorado. Parabéns. ■



# LEMBRANZAS

## O pedagogo, animador pedagógico e difusor cultural José Paz

Por Antón Costa Rico



O pasado 23 de abril de 2021 morría o pedagogo José Paz Rodríguez —Piñor, Ourense, 1948—. De profesor de ensino primario desde 1969 pasou cedo a ser profesor da Escola Normal de Ourense —logo de licenciado en Pedagogía na Universidade de Madrid en 1971—, antes de formar parte do profesorado da Facultade de Educación de Ourense ata 2010. Desde este momento seguiu desenvolvendo actividade cultural e educativa, se ben vivindo de ordinario durante seis meses ao ano en Santiniketán —Bengala occidental, India—, o lugar onde Rabindranath Tagore fundara en 1901 unha escola experimental que hoxe é a universidade Visva-Bharati, unha das máis importantes da India e un punto de referencia para o encontro de intelectuais e profesorado internacional atraído pola figura, a obra e os escritos de Tagore. José Paz foi un grande estudoso desta obra, difundiu, como no seu día fixera Vicente Risco, e reuniu en Ourense a máis excepcional biblioteca española sobre esta figura de educador e de pacifista, con milleiros de volumes.



Foi un dos creadores en 1978 da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, á que pertenceu e desde a que impulsou a revista *O Ensino*, entre outras actividades como as Xornadas do Ensino. Nos primeiros anos oitenta deu o paso a ser militante reintegracionista e asociado da AGAL (Associação Galega da Língua), o que con outros elementos de controversia —tamén presentes noutras circunstancias— veu ocasionar unha crise na AS-PG e o nacemento da Associação Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa (ASPGP), que puxo en marcha numerosas convocatorias de Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal, celebradas en Ourense, mais tamén noutras cidades e localidades de Galiza e do norte portugués, e un intento de continuación da revista *O Ensino*, que aínda editaría varios números.

Gran estudoso do cinema, foi coordinador do Cine-Clube Padre Feixóo durante máis de dúas décadas, animador das Xornadas de

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 84-85




Nos primeiros anos 80 *O Ensino* foi unha lectura apreciada por numerosos ensinantes.

Cine do Carballiño e de varios ciclos de cinema educativo. Ademais, organizou diversos encontros de Jogos populares Galaico -Portugueses e varias mostras de "recursos didácticos alternativos", preparando el mesmo distintas unidades didácticas, editadas desde a ASPG e desde a ASPGP, sobre a festa dos maios, os magostos, o entroido, as árbores e os dereitos humanos, entre outras, sendo frecuente a súa presenza en distintos medios de comunicación e revistas culturais, en particular no xornal *La Región* e nos medios de comunicación propiciados desde o movemento reintegracionista/lusista.

Debemos sinalar que escribiu varios centos de páxinas de materia educativa, podendo destacar as que deixou publicadas no Portal Galego da Lingua da AGAL, actualmente todas reunidas en [https://pgl.gal/author/jose\\_paz/](https://pgl.gal/author/jose_paz/), conformando unha notábel enciclopedia, na normativa da AGAL, de autores/as de Historia da Educación, con incorporación de textos, imaxes e ligazóns a documentos de youtube e filmes: desde o mundo clásico e antigo cristián, pasando polos renacentistas, os ilustrados e moi en especial as autoras e autores da Nova Educación —xa no século XX—, así como aqueloutras figuras que durante os últimos cincuenta anos viñeron contribuíndo á renovación pedagóxica. Xunto ao tratamento de autorías, hai aí un mundo de temas tratados, que se acompañan de referencias de imaxe, que teñen que ver cos debates educativos, os valores, as loitas pola educación cívica e democrática, a transformación curricular, as experiencias pedagóxicas, polo que esta sección dixital —de facto, un legado de valor— pode funcionar como un considerábel banco de recursos educativos a ter en conta para o noso actual desenvolvemento educativo.

Coas súas luces e coas súas sombras, como todos e todas temos —criticou sen razón Nova Escola Galega nalgúñas fases do seu activismo, por exemplo—, deixounos un home comprometido co seu tempo. ■



## EXPERIENCIAS

- **Festival Olloboi** (<https://www.olloboi.com/olloboi-2021/>). O Festival Audiovisual Escolar Olloboi está dirixido a alumnado e profesorado dos centros escolares de todos os niveis. Transcorre nunha plataforma web os cinco primeiros meses do ano e culmina en maio con diversos actos presenciais: proxeccións, cine de guerrilla, unha entrega de premios e un encontro de mozos/as, creadores e creadoras, profesorado e profesionais do audiovisual. Pódese consultar na web todas as edicións do festival e as pezas gañadoras dos distintos anos, ademais de contar con recursos para a creación das mesmas.

- **Sen máscaras** (<https://cutt.ly/SRd39Kh>). É un proxecto que está a desenvolver o CPI Manuel Suárez Marquier do concello do Rosal (Pontevedra) durante os cursos 2020/2021 e 2021/2022 no marco do programa Radio na Biblio, creado pola Asesoría de Bibliotecas Escolares da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Este proxecto ten como propósito achegar os distintos membros da comunidade educativa a través da humanización das experiencias vividas neste tempo marcado pola pandemia. Para isto, o alumnado realiza entrevistas na radio escolar ao profesorado e persoal non docente sobre as súas vivencias na pandemia e o afrontamento desta nova normalidade. A proposta susténtase nas competencias dixitais como eixe transversal, no traballo cooperativo e na apertura á realidade social da comunidade educativa.

- **A través dos meus ollos** (<https://csa1819acollida.weebly.com/>). O IES Campo de San Alberto (Noia) desenvolveu un proxecto de acollida a alumnado estranxeiro. Como o profesorado sinala, "este proxecto comezou para festexar a diversidade do instituto. Ser estranxeiro é unha parte da vida á que todo o mundo fai fronte. Podes ser estranxeiro en moitas partes da túa identidade: na relixión, sexualidade, xénero, idioma, nacionalidade, intereses... O que conecta unha persoa estranxeira coas demais é a empatía". Así, a través de distintas actividades (entrevistas, vídeos de presentación, unha feira dos estranxeiros, un recreo para o intercambio de comidas típicas e preguntas sobre os países, etc.) conseguiron que o alumnado implicado se sentise máis cómodo e con seguridade, ademais de crear novas redes entre compañeiros/as, mellorando a empatía de todos/as. Neste espazo web explícase todo o proceso do proxecto e móstranse todos os recursos empregados e creados polos estudantes.

## FERRAMENTAS

- **Museo Virtual da USC** (<https://museovirtual.usc.gal/>) A USC desenvolve o programa 'Patrimonio Aberto' co que se pretende achegar os distintos bens á cidadanía. No marco desta iniciativa, acaba de botar a andar o Museo Virtual da USC que alberga preto de mil bens inventariados aos que xa se pode acceder de balde. Así, podemos coñecer espazos, como o paraninfo e a súa historia, o Colexio de Fonseca —entre outros—, retratos e itinerarios onde aprender da nosa historia.

• **Real Filharmonía de Galicia** (<http://www.rfgalicia.org/es/recursos-2/>). Neste espazo virtual a Real Filharmonía de Galicia comparte con nós recursos didácticos que utiliza nalgúns dos seus concertos. Percorrer os cinco continentes a través do noso oído, introducirse na música sinfónica con Romeo e Xulieta e moitos máis proxectos —acompañados dunha guía didáctica—, están dispoñibles na súa web.

• **A Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia** (<https://rededucalgbtiq.org/>). É a primeira e única asociación sen ánimo de lucro formada por profesionais do ámbito educativo que traballan a coeducación, a diversidade sexual e familiar, a identidade de xénero e a educación sexual nas escolas. Dende o ano 2020 promove e divulga recursos pedagóxicos, para todos os niveis educativos, sustentados na realidade galega LGBTIQ+ como, por exemplo, referencias literarias, xogos e xoguetes, recursos audiovisuais e unha sección mensual que dá a coñecer personalidades históricas pertencentes a este colectivo.

### NON DEIXES DE CONSULTAR...

• **Atención selectiva** (<https://www.atencionselectiva.com/>). Atención selectiva é un espazo dixital realizado por unha mestra de primaria, Elvira Fernández Pena, que ten entre os seus obxectivos a divulgación educativa centrada en aspectos relacionados cos modelos atencionais e todos aqueles fenómenos sociais que afectan a como percibimos o mundo que nos rodea. Alí poderás encontrar artigos sobre educación emocional, psicopedagogía e crianza, ademais de recursos lúdicos, información para a implementación de patios inclusivos, reflexións educativas, etc. Tamén terás acceso ao seu podcast semanal co mesmo nome.

• **O blogue de Mónica Diz** (<https://bit.ly/2Z0EyDn>). Neste espazo unha orientadora dun IES de Galicia, Mónica Diz, comparte coa comunidade educativa (alumnos, docentes, titores, familias...) numerosa información e recursos útiles no ensino secundario, facendo máis sinxela a comprensión da lexislación, poñendo a disposición do profesorado recursos para a atención á diversidade, a educación afectivo sexual, a convivencia nos IES, recursos para as familias, etc. Un dos puntos clave constitúeno as diferentes alternativas que os mozos/as da comunidade poden ter nesta etapa do ensino, explicacións claras e sinxelas que axudan na orientación cara ao futuro dos máis novos.

• **AS-PG** (<https://as-pg.gal>). A Asociación Socio-Pedagóxica Galega é un movemento de renovación educativa referente en Galicia vencellado ao ensino primario, secundario e universitario. No seu portal web recóllense actividades de formación docente tanto de carácter online como presencial, recursos didácticos dirixidos á educación infantil, primaria e secundaria, e o labor orientador dos centros educativos; promóvense eventos de promoción cultural, excursións guiadas a lugares xeográficos de relevancia en Galicia e a normalización da lingua galega no ensino a través de campañas de promoción como o Correlingua ou co desenvolvemento de estudos sociolingüísticos. ■



Ángela González Villa

angela.villa@usc.es

Ana Rodríguez-Groba

ana.groba@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela (USC)

# RECENSIONES

RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, X., FELPETO CARBALLEIRA, X. M. (2021)  
(Coords.)

*Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria. Olladas e recursos interxeneracionais no rural.*

Concello de Xermade / Deputación de Lugo.

Por David García Romero

Universidade de Santiago de Compostela

d.garcia.romero@usc.es

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 88-89




Nunca é inxenuo ou neutral o lugar dende o que se mira ou comenta unha obra. Neste caso, quen escribe estas liñas mira os movementos sociais do medio rural dende o que chamarían unha participación periférica lexítima (Lave e Wenger, 2003): explorando o que xa existe e tentando achegar a enerxía e compromiso propio. Non porque o medio rural me sexa alleo, senón porque o meu proceso de socialización, como o de tantas outras persoas, nos foi afastando dos nosos lugares como se neles non houbera futuro (García-Romero e Salido, en prensa).

Dende esa posición, este libro que relata o construído nas Xornadas Interxeneracionais en Cabreiros e as olladas de moitas persoas implicadas, resulta un tesouro. Pois é unha obra polifónica (Bajtín, 2001), na que se expresan voces que comparten compromisos, pero tamén tensións. Sen dúbida, tamén para visións con máis bagaxe no tema resultará unha lectura enriquecedora polo traballo que no libro se fai por intercalar a documentación de actividades e novas con capítulos máis reflexivos; atopáranse de seguro ideas provocadoras e, especialmente, debate sobre diversos temas urxentes no medio rural.

O libro comeza, moi axeitadamente, con voces que chaman á esperanza, argumentando que en Cabreiros se dan cita cada ano argumentos e persoas que dan razóns para seguirmos adiante, debuxando o medio rural como un espazo de posibilidades, tanto polo que respecta ao seu patrimonio coma a xente que pode levalo adiante.

Respecto a en que se constitúen esas posibilidades débúxase unha das tensións, entre voces que avogan máis pola reprodución do xa dado, incidindo na imaxe do rural como "esencia de Galicia" ou ao mito da "Galicia céltica", fronte a outras que empuxan máis pola vida da comunidade fundamentada na transformación que é sinónimo de vida. No vértice destas posturas pode atoparse un capí-





tulo sobre o xogo tradicional, que fala deste como transmisor de cultura conxelada, mais resulta evidente que no propio xogo hai unha maneira de funcionar transformadora, na que quen xoga redefina normas e maneiras de ver.

Esta tensión trasládase tamén á análise sociopolítica, xa que atopamos capítulos que se centran no medio rural como un lugar de necesidades, partindo dun abandono que se narra como algo que "sinxelamente aconteceu", fronte a outros capítulos que analizan e redebuxan as razóns para chegarmos a onde estamos, como é a identificación do rural co atraso fronte ao progreso do urbano, a invisibilización no sistema de ensino ou a negligencia das institucións respecto a políticas que transcendan a promoción económica do sector primario. De especial interese son dous capítulos que se entenden mellor en conxunto, un que fala da necesidade nun novo pacto "rural-urbano", mirando o sistema territorial na súa integridade, e outro que sinala as políticas con perspectiva de xénero para realmente ter unha mirada comunitaria que trate o medio rural como un lugar onde desenvolver proxectos de vida, máis aló dunha paraxe de onde extraer recursos.

De maneira coherente con esa mirada integral e comunitaria están as voces que relatan as posibilidades que ofrece o asociacionismo, quizais única posibilidade que queda para fomentar a vida no territorio, así coma a potencialidade da educación social para promover a perspectiva comunitaria ao entender o territorio como un lugar no que aprendemos necesariamente involucrando todos os momentos do ciclo vital (non podemos esquecer a relevancia da interxeneracionalidade), e que se lle cadra aprende el mesmo.

Dita referencia ás aldeas e parroquias como depositarias de suxeitos colectivos, soberanos, a miúdo referidos como veciñanza, é unha constante nas diferentes voces que se expresan. Esta constante, xunto ao compromiso polo tema común que trae ás voces a escena, a dinamización comunitaria no rural, son testemuñas de que Cabreiros é un exemplo de persistencia e de espazo de diálogo, dúas necesidades para o noso territorio ás que este deixa achegarse coma fiestra. ■

## REFERENCIAS

- BAJTÍN, M.M. (2001). *Yo también soy: (fragmentos sobre el otro)*. Mexico: Tarus.
- GARCÍA-ROMERO, D. Y SALIDO (en prensa). *Crisis ecosocial, Epistemicidio e un diálogo Pendente*. Mazarelos.
- LAVE, J., & WENGER, E. (2003). *Aprendizaje situado: participación periférica legítima*. UNAM, Facultad de Estudios Superiores Iztacala.

# RECENSIONES

SANTOS REGO, M. A., LORENZO, M., E MELLA, I. (2020).

*El aprendizaje-servicio y la educación universitaria. Hacer personas competentes.*

Barcelona: Editorial Octaedro.

Por Noemí Castelo Veiga

Universidade de Santiago de Compostela

noemi.castelo.veiga@usc.es

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 90-91



O modelo tradicional de Educación Superior resulta insuficiente para dar resposta ás necesidades dunha sociedade na que o concepto de aprendizaxe e o rol de estudantes e profesorado estanse vendo transformados. Neste senso, e dende o século pasado, asistimos a un intento de reconstrución da institución universitaria nunhas coordenadas que teñen o coñecemento como principal ruta do progreso. Mais... como produci-lo, xestionalo e transferilo á cidadanía? Non podemos obviar saberes cívico-sociais nin estratexias que revitalicen o sentido que debe ter a busca e o uso do coñecemento nas aulas universitarias.

O libro que aquí nos ocupa, elaborado por Santos Rego, Lorenzo e Mella ao amparo da liña "Aprendizaxe-servizo

e desenvolvemento educativo", enmarcada no Grupo de Investigación ESCULCA da Universidade de Santiago de Compostela, afonda na cuestión anterior a través de catro capítulos; os primeiros de natureza epistemolóxica e os últimos dun sentido máis pragmático, que dan conta dunha sintética pero pertinente revisión sobre a capacidade da aprendizaxe-servizo no desenvolvemento dunha concepción integral da aprendizaxe, contribuíndo así á formación de persoas competentes.

Despois dunha interesante introdución, no primeiro dos capítulos aséntanse as bases da universidade actual, facendo fincapé no Espazo Europeo de Educación, no concepto de innovación pedagóxica e no enfoque por competencias. O segundo presenta a abordaxe

teórica da estratexia educativa que motiva a obra. A través das súas páxinas, os lectores poderán atopar un amplo e adecuado sustento epistemolóxico sobre aprendizaxe-servizo: denominación e relacións con outras iniciativas similares, referentes teóricos contribuíntes na definición das súas bases pedagóxicas e o seu potencial no novo panorama da Educación Superior.




No terceiro dos capítulos o foco de atención ten un calado máis práctico. Comeza cunha análise das fases xerais polas que adoitan transcorrer os proxectos desta natureza, seguidamente menciónanse os elementos básicos que contribúen na súa calidade e, posteriormente, abórdanse os

seus efectos nas competencias cívico-sociais, académicas e profesionais do alumnado. O cuarto ocúpase do proceso de institucionalización da aprendizaxe-servizo na Educación Superior en xeral e na Universidade de Santiago de Compostela en particular, unha das institucións universitarias onde máis se traballou neste eido en termos académicos e de investigación, especialmente desde o GI ESCULCA.

Nas últimas páxinas do libro, o lector poderá acceder a referencias bibliográficas actualizadas, nacionais e internacionais, que dan rigor e sustento científico aos capítulos. En definitiva, estamos ante unha obra educativa relevante de amena lectura, non só pola súa cohe-

rente estruturación e linguaxe, senón tamén pola achega dun marco teórico-empírico sobre aprendizaxe-servizo axustado ao propio contexto. ■

## PUBLICIDADE



## Libros

## DE FÁCIL LECTURA

con pictogramas  
para persoas no espectro do autismo



## Mary Shelley ou a invención do monstro

Miguel Vázquez Freire

Nova Escola Galega  
vfreiremiguel@gmail.com

### OS EQUÍVOCOS ARREDOR DO CREADOR E A CRIATURA

Mary Shelley tiña apenas vinte e un anos cando creou *Frankenstein ou o moderno Prometeo*, a súa primeira novela. Posteriormente publicou algunha máis pero ningunha acadou a sona, que continúa na actualidade, da súa *opera prima*. A historia de como naceu este relato terrorífico, que a propia autora evoca na súa introdución á edición de 1831, foi moitas veces contada, incluída a recreación cinematográfica que fixo o realizador español Gonzalo Suárez (*Remando al viento*, 1988), cuns noviños Hugh Grant e Elizabeth Hurley interpretando os papeis de Lord Byron e a súa amante (e media irmá de Mary Shelley) Claire Clairmont. Mary Shelley e o seu home, o poeta Percy B. Shelley, foron interpretados por dous actores que logo non terían unha traxectoria tan notoria na gran pantalla, Lizzy MaInnery e Valentine Pelka. Completaba o reparto José Luis Gómez como o doutor Polidori, autor dun relato protagonizado por un vampiro que sería eclipsado polo éxito do *Drácula* de Brian Stoker. Este filme moi ben pode ser un recurso complementario para traballar na aula sobre o texto literario, aínda que advirto de que non é o tipo de cine que espontaneamente atrae espectadores adolescentes.

A obra de Mary Shelley conta con dúas traducións ao galego, a segunda aparecida recentemente en moi coidada edición ilustrada (ver referencias). Malia o éxito da novela, que fixo do "monstro de Frankenstein" unha figura que forma xa parte inseparable do imaxinario simbólico popular, moi axiña se xeraron certos equívocos. O primeiro, e posiblemente máis persistente e estendido, ten que ver coa propia figura do monstro, e nace a partir da espléndida versión cinematográfica dirixida por James Whale en 1931. Malia levar o explícito título de *O doutor Frankenstein* (na distribución española, o título orixinal era só *Frankenstein*), o personaxe do monstro, interpretado por Boris Karlof, non só eclipsou o doutor, senón que lle roubou o nome. Así, aínda hoxe moita xente pensa que Frankenstein é a criatura e non o seu creador. Pero ademais a diéxese cinematográfica modificou de forma esencial o contido da na-

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932  
Páx. 92-94

rración literaria, especialmente no relativo á construción do monstro, a quen privou da palabra. E non o digo, naturalmente, porque esteamos a falar dunha película aínda esencialmente muda senón porque o monstro mesmo é mudo. Dese xeito, subliñábase a súa condición animal, a súa bestialidade poderíamos dicir, contradicindo radicalmente o espírito da novela. Por certo, *Whale* fixo unha segunda parte, *A noiva de Frankenstein* (1935), igualmente excelente (a min parécese mellor ca a primeira), máis fiel á novela, e na que assistimos ao torpe proceso de aprendizaxe da fala por parte do monstro.

Por que digo que esta mudez contradí o espírito da novela? Porque o monstro ou a criatura, que non ten nome (négallo o seu creador), si ten fala e pronuncia elaboradísimos discursos, que evidencian que en absoluto está desprovisto de racionalidade (non é, logo, un animal, unha besta). É tamén un ávido lector, que procura en tres libros (*O Paraíso perdido* de Milton, as *Vidas paralelas* de Plutarco e *Os sufrimientos de Werther* de Goethe), achados casualmente, os coñecementos e valores que o seu creador non lle deu.

### OS PERIGOS DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA


É tamén exclusivo da versión cinematográfica o erro do axudante do doutor (inexistente na novela), que cambia o cerebro inicialmente elixido por outro dun delincuente, introducindo un determinismo biolóxico, na liña das teorías de Lombroso sobre os asasinatos natos, que tampouco non está no texto de Mary Shelley. Si está a advertencia sobre o perigo de que a ciencia moderna, asociada coa tecno-

loxía, produza cambios que acaben escapando do control dos científicos, e neste punto hai coincidencia entre o orixinal literario e a versión fílmica. A autora salienta ao adoptar como subtítulo "O Prometeo moderno". Prometeo é o heroe que se atreve a desafiar os deuses roubándolles o lume para favorecer os seres humanos. Mais este acto de desafío incorre na "híbris", é dicir, a pretensión de ocupar o lugar dos deuses, o que estes non poden deixar de castigar. O doutor Frankenstein, epítome do científico moderno, pretende tamén suplantar a deus, neste caso o deus creador da tradición cristiá, chegando ao atrevemento extremo de trocarse el mesmo en creador de vida. Mais non será precisa a intervención divina para que sobre el caian os máis terribles castigos. A autora (filla dun matrimonio de librepensadores, o ideólogo anarcoliberal William Goddard e a profeminista Mary Wollstonecraft, pouco inclinada, logo, por formación, aos dogmas religiosos) optará por amosar como son os propios temores do creador, diante dos potenciais da súa obra, os que provocarán a catástrofe. É dicir, non é un castigo divino (aínda que este sexa de continuo evocado nos laios do doutor) senón a súa imprudencia e inseguridade as que desencadean a catástrofe.

É o punto de vista da elocuente criatura o que sitúa o conflito nuns parámetros moi diferentes, lonxe de todo maniqueísmo determinista. O que reprocha ao seu creador é que non se teña comportado con el como o que debería ser, un auténtico pai, é dicir, un educador afectuoso. Ao rexeitalo e privalo de afecto, foi el, o doutor, quen o converteu nun ser monstruo-

so, porque quen non recibe afecto e é obrigado a vivir en soidade acaba condenado ao odio e a crueldade. O rexeitamento que suscita nos demais non é polos seus actos violentos senón que, ao revés, acaba sendo violento por ser rexeitado. "Eu era bo e xeneroso", di, e "a desgraza fixo de min un demo. Faime feliz e volverei ser virtuoso". Deste xeito, a metáfora do monstro adquire un valor simbólico que transcende a problemática tecnolóxica para proxectarse sobre a aceptación do outro, do diferente. A condición monstruosa, que cae sobre el como un estigma, non ten que ver cos actos senón coa aparencia externa, por iso a criatura só será ben acollida por un vello cego, a carón do cal atopará por vez primeira, e única, o afecto.

Se os primeiros filmes sobre Frankenstein ubícanse claramente no xénero de terror, e a súa criatura é desde entón, a carón de Drácula ou o lobihome, un dos emblemas de personaxe aterreciente na gran pantalla, a novela ofrece unha maior complexidade. Certamente contén elementos que a emparentan co xénero literario de terror e misterio, na liña da chamada novela gótica, pero tamén se a ten vinculado coa xénese da ciencia ficción. Non na perspectiva de Jules Verne, enaltecedora dos progresos científicos, senón na do *Dr Jekyll e Mr Hide* (1886) de R. L. Stevenson, *A illa do doutor Moureau* (1896) ou *O home invisible* (1897) de H. G. Wells, que se erguen como berros de advertencia contra a posibilidade de que as forzas que o desenvolvemento científico técnico liberan acaben escapando do control de quen as liberou. Neste sentido, todas elas coinciden en afrontar



de forma moi explícita un dilema ético que as dota dunha evidente actualidade, porque a pregunta polos límites da manipulación técnica da natureza humana resulta hoxe máis pertinente, por máis urxente, que cando estas novelas foron escritas.

Nese sentido, a novela de Mary Shelley sitúase dentro do movemento romántico, que atenúa o precedente optimismo racionalista da Ilustración. O relato está construído seguindo a fórmula, frecuente nos autores románticos, dos intercambios epistolares que van introducindo o lector, de vagar, no miolo do enigma, creando unha expectación que se cadra tampouco aceptará doadamente unha parte do lectorado novo. Así, as primeiras cartas van dirixidas por un tal R. Walton, desde a cidade rusa de San Pertersburgo, á súa irmá de Salisbury. É este Walton quen, logo de describir os seus propios desconcertos vitais, narrará o encontro

co patético e desesperado doutor Frankenstein. Para que por fin apareza a criatura, o lector terá que agardar ata o capítulo XI, cando xa leva lido case unha terceira parte da obra. Non é estraño que proliferen, aínda hoxe, as versións abreviadas que practicamente eliminan as cuitas iniciais de Walton e saltan directamente ao relato, tamén epistolar, de Frankenstein sobre as razóns que o levan á creación do monstro.

Por outra parte, este monstro non ten moito que ver coas figuras monstruosas dos relatos da tradición oral revalorizados polo romanticismo (meigas, ogros e demais), coas que si gardan algún parentesco Drácula e o lobishome. Non é un monstro xurdido da natureza senón en certo xeito creado contra ela. Con *Frankenstein* nace, logo, un novo tipo de monstro que aínda hoxe mantén a súa ameaza. Un monstro que, poderíamos dicir, nace da propia monstruosidade dos retos morais que axexan á natureza humana. O monstro, dinos Mary Shelley, como dirán Stevenson e Wells, non está fóra de nós senón que nós somos o monstro.

### OS NOVOS FRANKENSTEIN DE CINE

Despois dos dous Frankenstein de James Whale sucedéronse numerosas readaptacións do mito, a maioría de moi baixa calidade estética. En 1974, Mel Brooks dirixiu unha exitosa revisión en clave cómica, *Young Frankenstein* (*El jovencito Frankenstein* en España), que probablemente siga facendo rir aos espectadores novos de hoxe. En 1994, Kenneth Branagh realizou un novo *Frankenstein*, no que el mesmo interpretou o doutor e Robert de Niro o

monstro, seguindo con moita fidelidade o orixinal literario, e ao meu parecer cun notable acerto artístico. Hai unha versión máis recente, de 2015, dirixida en Estados Unidos por Bernard Rose, que non coñezo pero que, polas referencias lidas, explota máis a espectacularización dos efectos especiais que a procura de novas complexidades na reinterpretación do mito. Xa en 2017, a directora de orixe saudita Haifa Al-Mansour, na produción británica *Mary Shelley*, céntrase na figura da autora nun relato biográfico que a min me pareceu tan delicado como en xeral conseguido. ■

### REFERENCIAS

- MARY SHELLEY: *Frankenstein ou o moderno Prometeo*. Tradución ao galego de Fernando R. Tato Plaza. Galaxia, colección Costa Oeste, 1999.
- MARY SHELLEY: *Frankenstein ou o moderno Prometeo*. Tradución ao galego de Manuel Solleiro. Ilustracións de Miguel Robledo. Aira Edicións, 2019. Premio da Gala do Libro Galego á mellor tradución do 2019.
- CLIJ (CUADERNOS DE LITERATURA INFANTIL Y JUVENIL): 200 años de Frankenstein. Nº 284. Xullo – agosto 2018.





# LIBROS E BIBLIOGRAFÍA DE HISTORIA DA EDUCACIÓN

## SOBRE A HISTORIA DA EDUCACIÓN FEMININA

- SIXTO BARCIA, A. M. (2021). *Letras entre ruelas, redes y arados. Mujeres y cultura letrada en Galicia (siglos XVII-XIX)*. Santiago: Andavira, 390 pp.

Un prólogo e unha introdución anteceden un texto articulado en sete capítulos, un epílogo e adecuadas conclusións: “Las gallegas a finales del Antiguo Régimen” (pp. 19-28), “Las opiniones sobre la mujer y la educación” (pp.29-56), “El acceso básico a la cultura letrada” (pp. 57-122), “Maestras, maestros y escuelas” (pp. 123-168), “La formación de los sectores acomodados” (169-238), “La formación de los sectores minoritarios” y “La alfabetización femenina en Galicia”.

Estamos ante una valiosa monografía que vén enriquecer traballos históricos previos, en parte sistematizándoos, e que vén sumarse aos estudos anteriores de Carmen Benso, Nar-



ciso de Gabriel e Cid Galante, iluminando espazos e situacións da historia da educación feminina até aquí non estudadas.

## SOBRE A PERSECUCIÓN FRANQUISTA DOS DOCENTES (1936-1942) E ALGO MÁIS

- PORTO UCHA, A. S., VÁZQUEZ RAMIL, R. (2021). *Represión e depuración do Maxisterio na provincia de Pontevedra. Análise teórica e estudo por partidos xudiciais, concellos e parroquias (1936-1942)*. Santiago de Compostela: Andavira, 703 pp.

Preséntasenos un pomenorizado estudo do que foi a persecución e represión franquista sobre o maxisterio pontevedrés. Anxo Porto, que leva anos realizando distintas achegas sobre o maxisterio pontevedrés, concentra e renova aquí achegas previas, coa colaboración da profesora Raquel Vázquez. Examínanse, na primeira parte, o contexto escolar, o marco teórico-normativo represor e a análise global da depuración e represión do maxisterio pontevedrés (pp. 35-135). Na segunda, titulada

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932  
Páx. 95-97



“Traballo de campo. A depuración do Maxisterio. Estudo por partidos xudiciais, concellos e parroquias” (pp. 137-540) describíense os datos escolares alcanzados en cada caso e o ocorrido desde o punto de vista represivo en cada un dos once partidos xudiciais da provincia, antes de dar paso á análise de resultados e ás conclusións, complementado coa indicación de fontes documentais e bibliográficas, sen faltar amplos índices de cadros, táboas e imaxes, cerrando cun anexo titulado “Base de depuración. Listado por orde alfabética de mestras e mestres da provincia de Pontevedra” (pp. 592-703), coas categorías de nome, sexo, categoría profesional, localización da escola e concello, e outros datos. De aquí en diante, unha obra de referencia.

- GABRIEL FERNÁNDEZ, N. DE (2021). *Vermellos e laicos. A represión fascista do maxisterio coruñés*. Vigo: Galaxia.

A obra aborda unha presentación das primeiras medidas represivas; as bases do nacional-catolicismo escolar que servirán como vértices para exercer os procesos de depuración; as directrices e a súa mecánica; a descrición analítica das sancións; o estudo

dos «cargos» e procesos seguidos ao fío dos informes de «descargo» e, finalmente, a presentación de seis historias sobre as vicisitudes de seis docentes, pechándose co anexo «Memorial da represión»: un rexistro dos 508 nomes de mestres e mestras estudadas.

Dos 1736 mestres e mestras públicos rexistrados na provincia en 1936, o autor céntrase naqueles que se viron apartados no inicio do golpe militar: 268 mestres e 73 mestras; un total de 341, facendo seguimento das actividades que seguiron logo dos momentos iniciais por parte da “Comisión depuradora provincial del Magisterio” entre 1937 e 1942; a través dela serán 508 os e as mestras sometidas a sanción pública (cifra que incluíu os 341 citados anteriormente): 171 separados definitivamente (19 mestras), 145 suspendidos de emprego e salario, sendo outros trasladados, etc. Na provincia houbo ademais 26 mortos entre o maxisterio, maioritariamente por asinato extraxudicial. Gabriel detense no exame dos expedientes de cargos e de descargos de 138 separados (o 87% dos separados), considerando as seguintes categorías de investigación: sindicalismo, fronte-populismo, esquerdisimo, galeguismo, laicismo, escola «disolvente», resistencia, poñendo de manifesto que a pertenza ás ATE, a adhesión á Fronte Popular ou o laicismo foron moi frecuentemente achacadas polos perseguidores.

- MÉIXOME, C. (2021). A persecución franquista sobre o maxisterio miñorán. En MÉIXOME, C., *Catas na memoria. A persecución franquista no Val Miñor*. Santiago: Laiovento, pp. 23-91.

Carlos Méixome fai un atento seguimento das penalidades e da represión franquista sobre o maxisterio nas terras pontevedresas do Val Miñor.

- COSTA RICO, A. (2021). *Asociacionismo educativo e sindical do maxisterio galego: A Asociación de Traballadores do Ensino de Vigo (1931-1936)*. *Glaucofis* (Instituto de Estudios Vigueses), 26 pp.


Antón Costa, quen xa en *Escolas e Mestres* (1980) ofrece importantes datos sobre a cuestión, presenta un estudo en maior profundidade sobre o sindicalismo docente progresista en Galicia durante o tempo da II República e unha aquilatada narración do momento culminante deste proceso organizativo, con ocasión do Congreso de constitución da Federación Galega de Traballadores do Ensino en maio de 1936.

#### OUTRAS CUESTIÓN S

- GUTIÉRREZ ROCA, X. (2021). *Prácticas e innovacións pedagóxicas no contexto rural galego: as “Escolas Agrícolas” (anos 50-60 do s. XX) como expresión da Escola Nova*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, 127 pp.

A acción escolar impulsada polo empresario agrario lucense Antonio Fernández a fins dos pasados anos 40, coa necesaria contribución do profesor Avelino Pousa Antelo e a continuadora de Valentín Arias, mereceu diversa atención desde os estudos de Historia da Educación. Conta, igualmente, cunha monografía escrita polo propio Avelino Pousa. E vén de ser analizada de novo por parte do profesor Xoel Gutiérrez a través dun coidado Traballo de Mestrado, baixo a titoría de Antón Costa.





Realizada por un neno da escola rural de Cobelas (Castroverde) en 1957.

Logo de presentar o que foi a presenza de ensinanzas agrícolas no marco das escolas primarias na tradición pedagóxica occidental e os seus ecos en Galicia, o estudo aborda o que foron as escolas de orientación agropecuaria da provincia de Lugo entre 1948 e 1971, baixo a guía pedagóxica do profesor Avelino Pousa, desde a Escola Agrícola (experimental, de feito) da Granxa Escola da parroquia de Barreiros (Sarria). Ademais da acción pedagóxica despregada nesta escola privada e rural, de carácter privado, e na súa contorna, como un exemplo de activismo pedagóxico con acenos de Nova Educación, hai que falar da realización dos cursos de formación agropecuaria para mestres e mestrás, que se realizaban durante os veráns en Lugo, quen logo debería realizar distintas experiencias nas súas escolas e relatalas mediante memorias escritas.

Accedeuse aquí a un conxunto de algo máis de 400 memorias de 158 mestres e mestrás que describen o seu proceder didáctico en 168 escolas da provincia entre os cursos 1949-50 e 1967-1968. Coñecemos, así,

as actividades educativas realizadas nestas escolas rurais; achegámonos, en ocasións, aos recursos preparados polos nenos e nenas; ollamos as preocupacións formativas e modos de facer do profesorado...

- ALONSO MONTERO, XESÚS (2018). *Alfredo de la Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de Literatura Galega para escolares de Instituto (1919)*. A Coruña: Real Academia Galega, 225 pp.

Esta monografía está elaborada sobre apuntamentos de clase manuscritos dun docente galego, para guía do seu exercicio e sobre cadernos de clase. Alonso Montero ofrécenos a primicia da elaboración (non édita no seu momento) do primeiro *Manual de Literatura Gallega* para bachareis do que se teña constancia en Galicia, con data de 1919, por parte do profesor Alfredo de la Iglesia, quen empregou este manuscrito para a realización dunha parte da súa docencia (de Lingua española) no Instituto de Pontevedra, como sabemos grazas ás notas recollidas por algúns dos seus estudantes ao conservarse varias delas do ano 1926.

Alfredo de la Iglesia (1861-1933) foi fillo dun destacado mestre primario na cidade da Coruña, Francisco María de la Iglesia, 1827-1897), autor tamén en lingua galega nos momentos aurais da súa recuperación escrita. Xesús Alonso reconstrúe o itinerario biográfico e profesional do profesor, con distintas notas e precisións en relación coa historia literaria e sociolingüística ou esta amarga confesión escrita na páxina 25 do manuscrito:

«¡Triste es confesarlo! La primera vez que en mi clase de



*Gramática expliqué en gallego y pregunté en gallego, a un alumno, educado y nacido en uno de los hermosos pueblecillos de la provincia de Pontevedra, una carcajada general acogió mis primeras frases. Todos aquellos ingenuos naturales de Galicia encontraban ridículo que el catedrático del Instituto explicase en gallego. No tardaron mucho, afortunadamente, en reconocer su error, principalmente cuando vieron que su compañero había entendido la explicación y en mal castellano contestó con acierto».*

- PARDO BAZÁN, EMILIA (2021). *A educación do home e da muller e outros escritos feministas*. A Coruña: Real Academia Galega/ Parlamento de Galicia, 102 pp. Selección de textos e introdución a cargo de Marilar Aleixandre.

Un texto (pp. 21-62) agora accesible —xunto a outros de columnismo xornalístico da autora— na seguinte ligazón:

<http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/383> ■

ACR

## A RGE, UNHA PORTA SEMPRE ABERTA A TI

### Indicacións para a presentación de orixinais

A *Revista Galega de Educación* (RGE) ten as súas páxinas abertas a todas aquelas persoas que desexen publicar as súas colaboracións. O que segue a continuación é un extracto de normas mínimas que se poden consultar completas na nosa web:

1. As colaboracións deben ser orixinais e inéditas. Cada autor/a faise responsable do contido do seu traballo como corresponde aos dereitos de autoría. As achegas poderán estar dirixidas ás diferentes seccións da RGE e deberán axustarse á extensión de caracteres determinada para cada unha delas (sempre con espazado incluído; ver web).

2. As achegas deberán ser remitidas en formato dixital .odt ou .docx, de xeito preferente por correo electrónico, ao enderezo [rge.redaccion@neg.gal](mailto:rge.redaccion@neg.gal). Caso de seren enviadas por correo postal (CD ou memoria USB) farase ao enderezo:

Revista Galega de Educación  
Nova Escola Galega  
Rúa Luís Freire, 5, Baixo.  
15706 Santiago de Compostela  
(A Coruña)

3. Nas referencias e citas bibliográficas procederase de acordo coas normas da APA ([www.apastyle.org](http://www.apastyle.org)).

Na cabeceira do artigo figurará: o título, a autoría, profesión e lugar ou centro de traballo, no seu caso.

Na parte final, os datos de localización: enderezo de correo electrónico e postal, mais teléfono/s de contacto.

Toda a información necesaria recollerase no modelo de *Ficha de entrega dun artigo para a RGE* que figura na páxina web.

4. As explicacións correspondentes ás notas, numeradas no texto correlativamente, indicaranse con superíndices, e deben incluírse ao remate do traballo baixo a epígrafe de Notas.

5. As colaboracións de texto deberán acompañarse das ilustracións (fotografías, imaxes, gráficos, cadros...) que se consideren necesarias, en arquivos complementarios e indicados con orde, sinalándose claramente no texto, mediante anotación entre parénteses, o lugar aproximado onde deben reproducirse: (INSE-RIR IMAXE: "aula\_natureza.jpg")

Enviaranse as fotografías ou outras imaxes e gráficos en formato dixital, cunha resolución mínima de 300 ppp (puntos por polgada), en formato JPG, TIF, PNG ou PDF. Ademais, estas sempre deben ser enviadas como documento autónomo, fóra do documento de texto.

6. Nas normas completas publicadas na web pode verse un esquema referencial para a publicación de experiencias (coas adaptacións precisas).

7. As achegas que formen parte dun monográfico da RGE deberán ir acompañadas por un resumo de 5 liñas en galego, inglés e español, así como de 5 palabras chave (galego, inglés e español) que, na medida do posible, serán extraídas do Tesouro Europeo de Educación (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/Eurydice/TEE>) ou do Tesouro de ERIC (Education Resources Information Center, en [www.eric.ed.gov](http://www.eric.ed.gov)).

8. Os traballos deberán estar escritos en lingua galega. A Redacción resérvase o dereito de elixir os títulos e subtítulos que considere máis oportunos para a publicación da colaboración, como tamén o de facer pequenas correccións para manter o estilo da RGE. Acéptanse tamén orixinais en catalán, portugués, castelán, francés e inglés. Os artigos en castelán, francés e inglés serán publicados en galego.

9. A RGE comunicaralles a cada un/ha dos/as autores/as a recepción do seu traballo e, no seu momento, a súa aceptación ou non para a publicación. No caso de devolución dun artigo aos seus/súas autores/as para a súa corrección, dispoñerase de 15 días para o seu reenvío á Redacción.

10. Os artigos enviados á *Revista Galega de Educación* serán valorados por dous ou dúas revisores/as externos de forma confidencial e anónima, segundo o sistema usual de revisión por pares, que emitirán un breve informe ao Consello de redacción sobre a conveniencia ou non da publicación. En calquera caso, o Consello de redacción resérvase a decisión final sobre a publicación ou non dos artigos presentados. Os artigos orixinais enviados á Redacción non serán devoltos.

## LA RGE, UNA PUERTA SEMPRE ABIERTA A TI

### Indicaciones para la presentación de originales

La *Revista Galega de Educación* (RGE) tiene sus páginas abiertas a todas aquellas personas que deseen publicar sus colaboraciones. Lo que sigue a continuación es un extracto de normas mínimas que se pueden consultar completas en nuestra web:

1. Las colaboraciones deben ser originales e inéditas. Cada autor/a se hace responsable del contenido de su trabajo como corresponde a los derechos de autoría. Las aportaciones podrán estar dirigidas a las diferentes secciones de la RGE y deberán ajustarse a la extensión de caracteres determinada para cada una de ellas (siempre con espaciado incluído; ver web).

2. Las aportaciones deberán ser remitidas en formato digital .odt o .docx, preferentemente por correo electrónico, a la dirección [rge.redaccion@neg.gal](mailto:rge.redaccion@neg.gal). Caso de ser enviadas por correo postal (CD o memoria USB) se hará a la dirección:

Revista Galega de Educación  
Nova Escola Galega  
Rúa Luís Freire, 5 – Baixo  
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

3. En las referencias y citas bibliográficas se procederá de acuerdo con las normas de la APA ([www.apastyle.org](http://www.apastyle.org)).

En la cabecera del artículo figurará: el título, la autoría, profesión y lugar o centro de trabajo, en su caso.

En la parte final, los datos de localización: dirección de correo electrónico y postal, y el teléfono/ s de contacto.

Toda la información necesaria se recogerá en el modelo de *Ficha de entrega dun artigo para a RGE* que figura en la página web.

4. Las explicaciones correspondientes a las notas, numeradas en el texto correlativamente, se indicarán con superíndices, y deben incluirse al final del trabajo bajo el epígrafe de *Notas*.

5. Las colaboraciones de texto deberán acompañarse de las ilustraciones (fotografías, imágenes, gráficos, cuadros...) que se consideren necesarias, en archivos complementarios e indicados con orden, señalándose claramente en el texto mediante anotación entre paréntesis, el lugar aproximado donde deben reproducirse: (INSERTAR IMAGEN: "aula\_naturaleza.jpg").

Se enviarán las fotografías u otras imágenes y gráficos en formato digital, con una resolución mínima de 300 ppp (puntos por pulgada), en formato JPG, TIF, PNG o PDF. Además, estas siempre deben ser enviadas como documento autónomo, fuera del documento de texto.

6. En las normas completas publicadas en la web puede verse un esquema referencial para la publicación de experiencias (con las adaptaciones precisas).

7. Las aportaciones que formen parte de un monográfico de la RGE deberán ir acompañadas por un resumen de 5 líneas en gallego, inglés y español, así como de 5 palabras clave (gallego, inglés y español) que, en la medida de lo posible, serán extraídas del Tesoro Europeo de Educación (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/eurydice/tee>) o del Tesoro de ERIC (Education Resources Information Center, en [www.eric.ed.gov](http://www.eric.ed.gov)). Los artículos destinados a otras secciones deberán incluir solamente el resumen en gallego.

8. Los trabajos deberán estar escritos en lengua gallega. La Redacción se reserva el derecho de elegir los títulos y subtítulos que considere más oportunos para la publicación de la colaboración, como también el de hacer pequeñas correcciones para mantener el estilo de la RGE. Se aceptan también originales en catalán, portugués, castellano, francés e inglés. Los artículos en castellano, francés e inglés serán publicados en gallego.

9. La RGE comunicará a cada uno/a de los/las autores/as la recepción de su trabajo y, en su momento, su

aceptación o no para la publicación. En el caso de devolución de un artículo a sus autores/as para su corrección, se dispondrá de 15 días para su reenvío a la Redacción.

10. Los artículos enviados a la *Revista Galega de Educación* serán valorados por dos revisores/as externos de forma confidencial y anónima, según el sistema usual de revisión por pares, que emitirán un breve informe al Consejo de redacción sobre la conveniencia o no de la publicación. En cualquier caso, el Consejo de redacción se reserva la decisión final sobre la publicación o no de los artículos presentados. Os artículos originales enviados a la Redacción no serán devueltos.

## THE RGE, A DOOR ALWAYS OPEN TO YOU

### Guidelines for the submission of manuscripts

The *Revista Galega de Educación* (RGE) is open to all those who wish to publish their contributions. The following is an extract of minimum standards that can be consulted in full on our website:

1. Contributions must be original and unpublished. Each author is responsible for the content of his/her work as corresponds to the rights of authorship. Submissions may be addressed to the different sections of the RGE and must conform to the length of characters determined for each of them (always with spacing included; see web).

2. Contributions should be sent in digital format .odt ou .docx, preferably by e-mail, to the email address [rge.redaccion@neg.gal](mailto:rge.redaccion@neg.gal). If they are sent by post (CD or USB memory stick), they should be sent to the address:

Revista Galega de Educación  
Nova Escola Galega  
Rúa Luís Freire, 5, baixo.  
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

3. References and bibliographic citations should be made in accordance with APA standards ([www.apastyle.org](http://www.apastyle.org)). The title, authorship, profession and place or centre of work, if applicable, should appear at the head of the article. In the final part, the location data: e-mail and postal address as well as contact telephone number(s). All the necessary information must be included in *the model article submission form*

*for the RGE*, which can be found on the website.

4. Explanations of the notes, numbered consecutively in the text, are indicated by superscripts and should be included at the end of the work under the heading *Notes*.

5. The text contributions must be accompanied by the illustrations (photographs, images, graphs, tables...) that are considered necessary, in complementary files and indicated in order, clearly indicating in the text, by means of an annotation in brackets, the approximate place where they should be reproduced: (INSERT IMAGE: "aula\_naturaleza.jpg") Photographs or other images and graphics should be sent in digital format, with a minimum resolution of 300 dpi (dots per inch), in JPG, TIF, PNG or PDF format. In addition, these must always be sent as a stand-alone document, outside the text document.

6. A reference outline for the publication of experiences (with the necessary adaptations) can be found in the complete rules published on the website.

7. Contributions that form part of a RGE monograph must be accompanied by a 5-line abstract in Galician, English and Spanish, as well as 5 key words (Galician, English and Spanish) which, as far as possible, will be taken from the European Education Thesaurus (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/Eurydice/TEE>) or the ERIC Thesaurus (Education Resources Information Center, at [www.eric.ed.gov](http://www.eric.ed.gov)).

8. Papers must be written in Galician language. The Editor reserves the right to choose the titles and subtitles that he/she considers most appropriate for the publication of the contribution, as well as to make minor corrections to maintain the style of the RGE. We also accept original articles in Catalan, Portuguese, Spanish, French and English. Articles in Spanish, French and English will be published in Galician.

9. The RGE will communicate to each of the authors the reception of their work and, in due course, their acceptance or rejection for publication. If an article is returned to its authors for correction, they will have 15 days to send it back to the Editorial Office. ■

# Onde podo conseguir a Revista Galega de Educación?

Podes solicitala en calquera librería de Galicia ou ben escribirmos directamente ao correo da asociación para que cha enviemos a onde nos indiques:  
[neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)

## Queres subscribirte?

**REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN**

Se desexas subscribirte á Revista Galega de Educación, cubre o boletín e envíao ao seguinte enderezo:

- NOVA ESCOLA GALEGA (Revista Galega de Educación)  
R/ Luís Freire, 5 baixo. 15706 Santiago (A Coruña)  
Subscricións por correo-e: [rge.subscricions@neg.gal](mailto:rge.subscricions@neg.gal)

## boletín de subscrición

Si, desexo subscribirme á REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN, tres números ao ano, polo prezo de 34 euros. Subscribome desde o número \_\_\_\_.

### DATOS DO/A SUBSCRITOR/A

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

### FORMA DE PAGAMENTO (sinalar cun "X" e completar)

Domiciliación bancaria en conta (IBAN)

Titular da conta (se non é o/a mesmo/a)

Transferencia bancaria contra presentación de factura.

Reembolso (inclúense os gastos).

Sinatura

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

# Alexa: Que son as vacas A2A2?



*Deleite* O mellor leite posible



GAIÁS  
CIDADE DA  
CULTURA

CIDADE DA CULTURA  
DE GALICIA


# PROGRAMA DIDÁCTICO

Visitas comentadas para  
descubrir a arquitectura do Gaiás

Visitas presenciais ou en liña  
ás exposicións

Consulta toda a nosa oferta  
educativa en [cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)

 XUNTA  
DE GALICIA

 Xacobeo  
21-22